



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1862/1102

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 14 de MARZO de 2025

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D^a M^a José Caride Estévez
D^a. Ana M.^a Mejías Sacaluga
D. Angel Rivas González
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D^a Yolanda Aguiar Castro

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día catorce de marzo de dous mil vinte e cinco e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Goberno Local, Sra. Gallardo Fariña, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(164).- APROBACIÓN ACTAS. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 7 de marzo de 2025. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde–presidente.

2(165).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE SUBMINISTRO DE FABRICACIÓN DOS GALARDÓNS INSTITUCIONAIS “MEDALLA DE OURO DA CIDADE DE VIGO” E DA DISTINCIÓN HONORÍFICA “MEDALLA DE HONRA CIDADE DE VIGO”. EXPTE. 19832/101.

Visto o informe xurídico do 26/02/2025 e o informe de fiscalización do 07/03/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 11/02/2025, asinado pola xefa do

Departamento Administrativo de Alcaldía e conformado polo concelleiro da Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes (R.A. 04/02/2025), que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 15 de marzo de 2024, adoptou o seguinte acordo:

“Adxudicar a JOYERÍA RAMÓN FERNÁNDEZ, S.A. o procedemento negociado sen publicidade para o subministro de fabricación dos galardóns institucionais "Medalla de ouro da Cidade de Vigo e da distinción honorífica "Medalla de honra Cidade de Vigo" (19832-101) por un prezo total de 12.061,16 euros, sendo o importe correspondente ao IVE de 2.093,26 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".s particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

O contrato formalizouse en documento administrativo asinado pola Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal o 18 de marzo do 2024. Na Cláusula cuarta consta o prazo deste, o cal é de un ano, sendo a data de inicio o 19 de marzo de 2024 e o de finalización o día 18 de marzo de 2025.

Segundo.- Este contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé na cláusula 4 do contrato e que será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo e o aviso previo se produza, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.

Terceiro.- Con data 21 de xaneiro de 2025 comunicouse a JOYERÍA RAMÓN FERNÁNDEZ, S.A. a finalización do contrato o día 18 de marzo de 2025 e, o aviso previo da primeira e única prórroga do contrato polo prazo de 1 ano, dende 19 de marzo de 2025 ata o 18 de marzo de 2026, ambos os dous incluídos, de conformidade co art. 29.2 LCSP.

Sexto.- Con data 24 de xaneiro de 2025 a empresa JOYERÍA RAMÓN FERNÁNDEZ, S.A. da conformidade a prórroga do contrato a través do Rexistro Electrónico (documento nº 250017358) unido ao expediente 19832-101 no trámite 168.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS.

Primeiro.- De conformidade coa Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2017, 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro (LCSP), a sensu contrario, os contratos administrativos adxudicados con posterioridade á entrada en vigor da lei rexeranse pola mesma en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa modificación, duración e réxime de prórrogas.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1862/1102

Segundo.- O artigo 29.2 da LCSP, establece que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas, sen prexuízo das modificacións que se poidan introducir de conformidade co establecido nos artigos 203 a 207 da lei. A prórroga acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario.

Terceiro.- O Prego de Cláusulas Administrativas Particulares aprobado pola Xunta de Goberno Local establece expresamente na cláusula 7.3 que o contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C da F.E.C, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo.

A empresa JOYERÍA RAMÓN FERNÁNDEZ, S.A foi notificada da finalización do contrato en data 21 de xaneiro de 2025 e máis do aviso previo da primeira e única prórroga do contrato polo prazo de 1 ano, dende 19 de marzo de 2025 e ata o 18 de marzo de 2026, ambos os dous incluídos.

Con data 24 de xaneiro de 2025 a empresa JOYERÍA RAMÓN FERNÁNDEZ, S.A. da conformidade a prórroga do contrato a través do Rexistro Electrónico (documento nº 250017358) unido ao expediente 19832-101 no trámite 168.

Cuarto.- Considérase conveniente polos que subscriben, a aprobación da proposta de prorroga do subministro de fabricación dos galardóns institucionais "Medalla de ouro da Cidade de Vigo e da distinción honorífica "Medalla de honra Cidade de Vigo" por un período dun ano, dende 19 de marzo de 2025 e ata o 18 de marzo de 2026, ambos os dous incluídos, toda vez que o subministro durante o prazo inicial de execución, foi satisfactoria e cumpríronse correctamente as condicións establecidas á adxudicataria.

Quinto.- Ao abeiro do establecido na Disposición Adicional 2ª apartado 4 da LCSP, a competencia como órgano de contratación corresponde á Xunta de Goberno Local.

Sexto.- O período da primeira e única prórroga do contrato polo prazo de 1 ano, será dende o 19 de marzo de 2025 ata o 18 de marzo de 2026, ambos os dous incluídos.

Sétimo.- O importe da prórroga deberá ser de aplicación aos créditos do orzamento do Concello de Vigo, na aplicación orzamentaria 912.0.226.01.00 (Gastos órganos de goberno) por un importe total de **12.061,16 €** iva engadido. Sendo o importe correspondente ao 21% de iva **2.093,26 €**.

Polo exposto, e previo informe xurídico e de fiscalización da Intervención xeral PROPONSE á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Primeiro.- Aprobar a primeira e única prorroga do vixente contrato de subministro de fabricación dos galardóns institucionais "Medalla de ouro da Cidade de Vigo e da distinción honorífica "Medalla de honra Cidade de Vigo" (expediente 19832-101) formalizado coa empresa JOYERÍA RAMÓN FERNÁNDEZ, S.A. CIF A-36659746 por un período dun ano, dende 19 de marzo de 2025 ata o 18 de marzo de 2026, ambos os dous incluídos,

Segundo.- Autorizar un gasto por importe de **12.061,16 €** ive engadido. Sendo o importe correspondente ao 21% de ive **2.093,26 €** con cargo a aos créditos da aplicación orzamentaria 912.0.226.01.00 (Gastos órganos de goberno) do vixente exercicio económico para o ano 2025.

Cuarto.- Adoptado o acordo, deberá de notificarse á empresa JOYERÍA RAMÓN FERNÁNDEZ, S.A. CIF A-36659746 adxudicataria, indicando que é definitivo en vía administrativa e que contra o mesmo poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte a súa notificación, ou impugnalo directamente ante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte á súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer, no seu caso, calquera outro que estimen procedente.

Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(166).- MODIFICACIÓN DO CONTRATO DO SERVIZO DE CONSERVACIÓN E REPOSICIÓN DAS ZONAS DE XOGOS, ÁREAS BIOSAUDABLES, ESPAZOS RECREATIVOS DE AUGA, MOBILIARIO E FONTES ORNAMENTAIS DAS ZONAS VERDES. EXPTE. 7077/241.

Visto o informe de fiscalización do 11/03/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 10/03/2025, asinado pola xefa do servizo de Contratación, e conformado pola concelleira da Área de Goberno e a titular da Asesoría Xurídica, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1862/1102

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ao TRLCSP
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC)
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 xullo, de administración local de Galicia (LALGA)
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto do servizo de conservación e reposición das zonas de xogos, áreas biosaudables, espazos recreativos de auga, mobiliario urbano, e fontes ornamentais das zonas verdes da Cidade de Vigo (12.887-446) (PCAP)
- Prego de prescricións técnicas para a contratación por procedemento aberto do servizo de conservación e reposición das zonas de xogos, áreas biosaudables, espazos recreativos de auga, mobiliario urbano, e fontes ornamentais das zonas verdes da Cidade de Vigo (12.887-446) (PPT)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Na sesión do 17 de decembro de 2020 a Xunta de Goberno local acordou adxudicar a FERROVIAL SERVICIOS, S.A.U. (A-80.241.789) o procedemento aberto para a contratación do servizo de conservación e reposición das zonas de xogos, áreas biosaudables, espazos recreativos de auga, mobiliario urbano, e fontes ornamentais das zonas verdes da Cidade de Vigo (12.887-446).

A formalización do contrato tivo lugar o 21 de xaneiro de 2021 por un prazo de 5 anos, contado a partir do día 1 de febreiro de 2021. As prestacións vinculadas á "Conservación e reposicións de parques infantís, áreas biosaudables, áreas deportivas e ximnásticas e mobiliario urbano" non comezarán a executarse ata o 1 de maio de 2021. Non está contemplada prórroga algunha comezando a súa prestación o 1 de febreiro de 2021 e sendo a súa duración de cinco anos sen prórrogas.

Segundo.- Na sesión que tivo lugar o 30 de decembro de 2021, a Xunta de Goberno Local, acordou "*Tomar razón da sucesión por transmisión da unidade económica de FERROVIAL SERVICIOS, S.A.U. a favor de Compañía Española de Servizos Públicos Auxiliares, S.A., responsabilizándose solidariamente da execución do contrato de conservación e reposición das zonas de xogos, áreas biosaudables, espazos recreativos de auga, mobiliario urbano, e fontes ornamentais das zonas verdes da Cidade de Vigo (12.887-446), adxudicado por acordo da Xunta de Goberno local do 17 de decembro de 2020*".

Terceiro.- O 21 de abril de 2022, a Xunta de Goberno Local, acordou “Tomar razón do cambio de denominación social de CESPASA a PREZERO ESPAÑA SA como empresa contratista do servizo de conservación e reposición das zonas de xogos, áreas biosaudables, espazos recreativos de auga, mobiliario urbano, e fontes ornamentais das zonas verdes da Cidade de Vigo (12.887-446)[...]”.

Cuarto.- En data 11 de maio de 2023, a Xunta de Goberno local, adoptou o seguinte acordo (expte. 6.846-241):

“1º.- Modificar o contrato do servizo de conservación e reposición das zonas de xogos, áreas biosaudables, espazos recreativos de auga, mobiliario urbano, e fontes ornamentais das zonas verdes da Cidade de Vigo (12.887-446), nos termos sinalados neste informe.

2º.- A modificación supón un incremento do importe total do contrato de 225.148,02 euros (IVE incluído), que se aboará con cargo á aplicación orzamentaria 1710.2279902 MANTEMENTO DE PARQUES INFANTÍS E BIOSAUDABLES, BANCOS, FONTES, coa seguinte distribución de anualidades:

Ano de Aplicación	Período	Importe económico (€/ano)
Ano 2023	Do 15 de maio ao 31 de decembro (7,5 meses)	51.957,23 €
Ano 2024	Do 1 de xaneiro o 31 de decembro	83.131,58 €
Ano 2025	Do 1 de xaneiro o 31 de decembro	83.131,58 €
Ano 2026	Do 1 de xaneiro o 31 de xaneiro	6.927,63 €
Total		225.148,02 €

Esta modificación representa un 4,45% do prezo do contrato.

3º.- Unha vez aprobado o acordo de modificación, o contratista deberá reaxustar a garantía definitiva, no prazo dos quince días seguintes á notificación do acordo e con carácter previo á súa formalización. O reaxuste supón un incremento da garantía de 9.303,64 euros.

4º.- Notificar este acordo ao interesado e publicar no perfil de contratante, así como no Diario Oficial da Unión Europea”.

Esta modificación formalizouse o 12 de maio de 2023.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1862/1102

Quinto.- O 6 de febreiro de 2025 o xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns (responsable do contrato), coa conformidade do concelleiro da área, informa da necesidade de tramitar unha nova modificación por mor de *“reaxustes en superficies das infraestruturas públicas existentes no ámbito das zonas verdes, identificadas como mobiliario urbano, fontes ornamentais, áreas recreativas de auga, áreas de xogo, áreas biosaudables ou áreas deportivas, así como de incorporación de novas áreas deportivas e paneis fotovoltaicos”*, sobre a base do estudo de necesidades presentado polo contratista o 6 de febreiro de 2025 (documento nº 250028191).

Sexto.- Con data do 26 de febreiro de 2025, o xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, coa conformidade do concelleiro da área de data 27 de febreiro, emite un novo informe que corrixe o de data 6 de febreiro.

Sétimo.- Con data 27 de febreiro de 2025 a concelleira de Área de Goberno de Contratación resolveu iniciar o procedemento para a modificación deste contrato. Esta resolución foi notificada ao contratista o 28 de febreiro.

Oitavo.- Evacuado trámite de audiencia ao contratista, durante o prazo conferido para o efecto, este manifestou a súa conformidade coa modificación proposta (documento nº 250046872 presentado o 3 de marzo de 2025).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Lexislación aplicable

Resulta preciso determinar en primeiro lugar, a lexislación aplicable a este contrato. Os contratos réxense, en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento no que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP), é dicir:

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña á LCSP.

-II-

Da modificación dos contratos

A lexislación de contratos das Administracións públicas reconece ao órgano de contratación, entre outras prerrogativas, a de modificar os contratos por razóns de

interese público, dentro dos límites e con subxección aos requisitos e efectos nela sinalados (artigos 203.1 LCSP e 114.1 TRRL con relación ás entidades locais), prerrogativa tamén recoñecida con respecto a este concreto contrato na cláusula 2.5 do PCAP.

O órgano de contratación só poderá modificar os contratos cando así se previra nos pregos ou no anuncio de licitación, ou excepcionalmente, nos casos e cos límites establecidos no artigo 205 (artigo 203.2 LCSP).

É dicir, a Lei impón á Administración, á hora de redactar os pregos, a realización dun exame detallado dos eventuais cambios que puidesen producirse no ámbito do contrato durante a súa duración. Deste xeito, os licitadores poden analízalos con carácter previo á presentación das súas ofertas e telos en conta ao redactalas (artigo 204.1 LCSP). Evítase así conculcar os principios de igualdade, libre competencia, transparencia e publicidade que rexen no ámbito da contratación pública por imperativo das Directivas europeas en materia de contratación e nos artigos 1 e 132 do LCSP.

A Administración, en caso de optar por regular as posibles modificacións do contrato nos pregos, goza dunha ampla marxe de discrecionalidade, pois non está suxeita a límites cuantitativos nin cualitativos, como sucede coas modificacións non previstas no prego. Pola contra, esíxese unha relación detallada e precisa dos seguintes aspectos (artigo 204 LCSP):

- A cláusula de modificación deberá estar formulada de forma clara, precisa e inequívoca.
- No que respecta ao seu contido, a cláusula de modificación deberá precisar co detalle suficiente o seu alcance, límites e natureza; as condicións en que se poderá facer uso dela por referencia a circunstancias cuxa concorrencia se poida verificar de forma obxectiva; e o procedemento que se deba seguir para realizar a modificación.
- A cláusula de modificación establecerá que a modificación non poderá supor o establecemento de novos prezos unitarios non previstos no contrato.
- A modificación non poderá alterar a natureza global do contrato inicial.

Nesta liña, no caso que nos ocupa, o prego contempla a modificación do contrato nos seguintes termos:

- A) *“ESTÁ PREVISTA A MODIFICACIÓN DO CONTRATO: si*
- B) *ASPECTOS A MODIFICAR: diminución ou incremento de espazos, instalacións ou equipamentos obxecto deste contrato*
- C) *CIRCUNSTANCIAS QUE DETERMINAN A MODIFICACIÓN:*
 - *Alteracións producidas na superficie das infraestruturas públicas existentes no ámbito das zonas verdes, identificadas como mobiliario urbano, fontes ornamentais, áreas recreativas de auga, áreas de xogos, áreas biosaudables ou áreas deportivas*
 - *Incorporación de novas áreas de xogo, áreas biosaudables, áreas recreativas de auga ou unidades de mobiliario urbano e fontes ornamentais*
- D) *LIMITES DA MODIFICACIÓN: a porcentaxe máxima de modificación do contrato non superará o 20% do prezo de adxudicación do contrato*
- E) *ESPECIALIDADES, NO SEU CASO, DO PROCEDIMENTO DE MODIFICACIÓN:*



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1862/1102

O adxudicatario, a petición do Concello de Vigo, deberá proceder a realizar un estudo de necesidades e rendementos derivadas dos servizos a executar sobre as zoas, instalacións ou equipamento obxecto da solicitude.

O estudo deberá establecer cales son os m² vinculados, así como os rendementos adecuados, os cales deberán atoparse xustificadas na aplicación de rendementos reais de superficies equiparables do servizo incluídos no PLAN DE SERVIZOS vixente en cada momento. A dito informe sobre m² de superficies e rendementos se lles aplicará a proposta de frecuencias demandadas polo Concello de Vigo a través do responsable do contrato, do cal se determinará o custe para a realización dos servizos obxecto da modificación”.

O apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP recolle os prezos unitarios que serán de aplicación no suposto de modificación do contrato.

A modificación obxecto deste informe solicítase polo Servizo de Montes, Parques e Xardíns mediante informe asinado o 26 de febreiro de 2025 polo xefe do Servizo (responsable do contrato), conformado polo concelleiro da Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais o día 27, nos seguintes termos:

“2.- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO CONTRATO

Na Cláusula 15. das FEC (follas de características do contrato) especificase a modificación do contrato:

A) ESTÁ PREVISTA A MODIFICACIÓN DO CONTRATO: si

B) ASPECTOS A MODIFICAR: diminución ou incremento de espazos, instalacións ou equipamentos obxecto deste contrato

C) CIRCUNSTANCIAS QUE DETERMINAN A MODIFICACIÓN:

Alteracións producidas na superficie das infraestruturas públicas existentes no ámbito das zonas verdes, identificadas como mobiliario urbano, fontes ornamentais, áreas recreativas de auga, áreas de xogos, áreas biosaudables ou áreas deportivas.

Incorporación de novas áreas de xogo, áreas biosaudables, áreas recreativas de auga ou unidades de mobiliario urbano e fontes ornamentais.

D) LIMITES DA MODIFICACIÓN: a porcentaxe máxima de modificación do contrato non superará o 20% do prezo de adxudicación do contrato

O prego de prescricións técnicas contempla a posibilidade de modificación do contrato indicando que: “O adxudicatario admitirá e asumirá para a súa supervisión, conservación, mantemento e reposición, toda zona ou elemento de nova creación ou instalación de similares características aos existentes que, con motivo de obra nova, ampliacións, reformas, recepcións de urbanizacións, adquisicións de todo tipo, u outras fórmulas legalmente previstas, incrementen as áreas, volumes ou número de unidades de actuación municipal dentro de cada zona; igualmente aquelas que a concellería, por proposta do departamento de Montes, Parques e Xardíns aconselle que a súa conservación e reposición se realice con medios alleos ao Concello, nas mesmas condicións que o resto da adxudicación, coa correspondente valoración individual.

O pago destes servizos comezará a ser efectivo unha vez que se aprobe polo órgano de contratación a modificación contractual de acordo co establecido no prego de cláusulas administrativas particulares, aplicando o pago dende a aprobación do gasto polo citado órgano.

As novas superficies que deben ser incorporadas ao contrato pasarán a ser obxecto de conservación, mantemento e reposición por parte da adxudicataria de maneira inmediata dende a data de comunicación oficial, por parte do Servizo de Montes, Parques e Xardíns,

unha vez aprobada a modificación polo órgano competente, con independencia do resultado da inspección que poida realizar o persoal da empresa adxudicataria, así como das posteriores responsabilidades que deban asumir os entes executores das novas zonas. Procederase a inventariar e comprobar o estado das zonas con todos os elementos que a conforman.

O cálculo do valor económico da ampliación farase aplicando ao valor da superficie a ampliar ou detraer para cada tipoloxía, o prezo unitario correspondente segundo o previsto no apartado 3.G) das FEC; prezo sobre o que se aplicará a porcentaxe de baixa ofertada polo adxudicatario sobre o contido económico inicial do contrato, contemplado no apartado 3.A) das citadas FEC.

Os prezos unitarios ofertados por FERROVIAL SERVICIOS, S.A.U., e aprobados pola XGL na súa sesión de data 17 de decembro de 2020, supoñen unha baixa do 3,00% sobre o orzamento inicial. Aplicando esta porcentaxe de baixa, os prezos unitarios correspondentes a cada unha das tipoloxías da licitación son:

Tipoloxía	Prezo unitario	Baixa Adxudicación	Prezo unitario vixente (IVE engadido)
Parques Infantís	7,90 €/m ²	3,00%	7,66 €/m ²
Areas Biosaudables	7,90 €/m ²	3,00%	7,66 €/m ²
Areas Deportivas	4,20 €/m ²	3,00%	4,07 €/m ²
Palcos	11,50 €/m ²	3,00%	11,16 €/m ²
Bancos	25,04 €/Ud	3,00%	24,29 €/Ud
Bebedoiros	10,00 €/Ud	3,00%	9,70 €/Ud
Fontes Ornamentais	8,21 €/m ²	3,00%	7,96 €/m ²
Espazos Recreativos de auga	25,52 €/m ²	3,00%	24,75 €/m ²
Paneis Fotovoltaicos	637,05 €/Ud	3,00%	617,94 €/Ud

2.1.-PROPOSTA DE VALORACIÓN ECONÓMICA DA MODIFICACIÓN

As superficies ampliadas e/ou detraídas, respecto ao listado definitivo incluído no expediente da licitación (expediente 12887/446), detállanse a continuación e son consecuencia de reaxustes en superficies das infraestruturas públicas existentes no ámbito das zonas verdes, identificadas como mobiliario urbano, fontes ornamentais, áreas recreativas de auga, áreas de xogo, áreas biosaudables ou áreas deportivas, así como de incorporación de novas áreas deportivas e paneis fotovoltaicos.

As zonas obxecto de modificación aparecen detalladas nos anexos que se incorporan co presente informe, e na elaboración destes anexos tívose en conta os datos remitidos pola empresa para dar cumprimento á cláusula 15.E) das FEC do Prego de cláusulas administrativas que rexe o contrato 12887/446.

Tipoloxía	Superficies en mantemento	Superficies a modificar	Superficies actualizadas
Parques Infantís	52.741,86 m ²	1.436,60 m ²	54.178,46 m ²
Áreas Biosaudables e Ximnásticas	15.417,75 m ²	346,78 m ²	15.764,53 m ²



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1862/1102

Áreas Deportivas	60.932,23 m ²	5.283,38 m ²	66.215,61 m ²
Palcos	2.523,03 m ²	92 m ²	2.615,03 m ²
Bancos	3.390 Ud	207 Ud	3.597 Ud
Bebedoiros	24 Ud	2 Ud	26 Ud
Fontes Ornamentais	17.380,07 m ²	116,04 m ²	17.496,11 m ²
Espazos Recreativos de auga	4.275,76 m ²	0 m ²	4.275,76 m ²
Paneis Fotovoltaicos	12 Ud	3 Ud	15 Ud

Os importes correspondentes as superficies modificadas son:

Tipoloxía	Superficies da modificación	Importe Tipoloxía	Importe anual
Parques Infantís	1.436,60 m ²	7,66 €/m ²	11.004,36 €
Áreas Biosaudables	346,78 m ²	7,66 €/m ²	2.656,33 €
Áreas Deportivas	5.283,38 m ²	4,07 €/m ²	21.503,36 €
Palcos	92 m ²	11,16 €/m ²	1.026,72 €
Bancos	207 Ud	24,29 €/Ud	5.028,03 €
Bebedoiros	2 Ud	9,70 €/Ud	19,40 €
Fontes Ornamentais	116,04 m ²	7,96 €/m ²	923,68€
Espazos Recreativos de auga	0 m ²	24,75 €/m ²	0,00 €
Paneis Fotovoltaicos	3 Ud	617,94 €/Ud	1853,82 €
TOTAL			44.015,70 €

O importe económico anual resultado dos cambios de superficie desta modificación é de 44.015,70 €/ano. (120,59 €/día). A determinación do prezo total da ampliación quedará definida polo prazo de inicio do contrato. Estímase que a prestación dos servizos en todas as áreas incorporadas á modificación iniciarase o vindeiro 17 de marzo de 2025.

Ano de Aplicación	Período	Importe económico(€/ano)	% Adjudicación do prezo do contrato
Ano 2025	Do 17 de marzo ao 31 de Decembro (290 días)	34.971,10 €	0,69 %
Ano 2026	Do 1 de Xaneiro o 31 de Xaneiro (31 días)	3.738,29 €	0,07 %
Total		38.709,39 €	0,76 %

A porcentaxe desta modificación é 0,76% que incluíndo o 4,45% da modificación xa existente supón unha porcentaxe de 5,21%. Esta porcentaxe non supera o 20% do prezo de

adxudicación do contrato, porcentaxe máxima de modificación do mesmo que recolle o prego de cláusulas administrativas no apartado 15D das follas de características do contrato (FEC). O importe da modificación será imputable ao Concello e supón un total anual de 44.015,70 €.

Este importe anual pódese cargar á partida 1710.2279902 MANTEMENTO DE PARQUES INFANTÍS E BIOSAUDABLES, BANCOS, FONTES.

En cumprimento da cláusula 29 “Persoal do contratista” do prego de cláusulas administrativas “en caso de que o persoal ofertado resultase insuficiente para o cumprimento das prestacións obxecto do contrato, o adxudicatario deberá aumentalo en número suficiente para dar a atención debida ao servizo, sendo ao seu cargo o incremento dos custos que se produza por tal causa”. Do mesmo xeito deberá dispor dos medios materiais e vehículos necesarios para o cumprimento do nivel de calidade que indica o prego de prescricións técnicas.

Achéganse os listados especificando as modificacións realizadas”.

Podemos concluír, á vista do citado informe:

- *A modificación vén motivada polos “reaxustes en superficies das infraestruturas públicas existentes no ámbito das zonas verdes, identificadas como mobiliario urbano, fontes ornamentais, áreas recreativas de auga, áreas de xogo, áreas biosaudables ou áreas deportivas, así como de incorporación de novas áreas deportivas e paneis fotovoltaicos”.*

Trátase, pois, dunha modificación prevista, comprendida nos supostos contemplados no PCAP (“*diminución ou incremento de espazos, instalacións ou equipamentos obxecto deste contrato*” – apartado 15B das FEC do PCAP) e obedece ás circunstancias recollidas no apartado 15C:

- *“Alteracións producidas na superficie das infraestruturas públicas existentes no ámbito das zonas verdes, identificadas como mobiliario urbano, fontes ornamentais, áreas recreativas de auga, áreas de xogos, áreas biosaudables ou áreas deportivas*
 - *Incorporación de novas áreas de xogo, áreas biosaudables, áreas recreativas de auga ou unidades de mobiliario urbano e fontes ornamentais”*
- Segundo se indica no informe do servizo xestor, deuse cumprimento ao previsto no apartado 15D das FEC (“ESPECIALIDADES, NO SEU CASO, DO PROCEDIMENTO DE MODIFICACIÓN”), e solicitouse ao contratista un estudo de necesidades e rendementos derivadas dos servizos a executar sobre as zonas, instalacións ou equipamentos, que foi presentado o 6 de febreiro de 2025 (documento nº 250028191) e cuxos datos se tiveron en conta para o cálculo da modificación.
 - A modificación amplía os listados recollidos nos Anexos I a VII do PPT relativos a “PARQUES INFANTILES”, “PARQUES BIOSAUDABLES E XIMNÁSTICOS”, “PISTAS DEPORTIVAS”, “BEBEDOIRO”, “PALCOS “PANEIS FOTOVOLTAICOS”, e “FONTES ORNAMENTAIS”, respectivamente, incrementando a superficie. Estas ampliacións supoñen un incremento do prezo de adxudicación do contrato de 44.015,70 euros/ano (120,59 €/día), 38.709,39 euros desde o 17 de marzo de 2025 ata o fin deste contrato, o 31 de xaneiro de 2026.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1862/1102

- Esta segunda modificación representa un 0,76% do prezo to contrato, que sumado ao da primeira modificación (0,76%+4,45%=**5,21%**), respectivamente), atópase dentro do límite da porcentaxe máxima de modificación, que é do 20%, segundo o disposto no apartado 15D da FEC.

Á vista do anterior, a modificación proposta está comprendida nos supostos de modificación previstos no PCAP (aspectos, circunstancias e límites).

-III-

Da concorrencia dos requisitos para a modificación do contrato

A potestade de modificación unilateral da Administración ou ius variandi, queda sometida a tres tipos de límites:

- Límites procedimentais: a previa audiencia do contratista (artigo 191.1 LCSP) e informe do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma respectiva, no caso de modificacións non previstas no PCAP cando a súa contía, illada ou conxuntamente, sexa superior a un 20 por cento do prezo primitivo do contrato, cando este sexa igual ou superior a 6.000.000 de euros (artigo 191.3.b LCSP).
- Límites materiais: os contratos administrativos só poderán ser modificados por razóns de interese público, nos casos e na forma previstos na lei, ou no seu caso, no prego.
- Límites económicos: a obriga da Administración de compensar ao contratista pola alteración económica que a modificación lle supoña.

Respecto dos límites procedimentais, é preciso dar audiencia ao contratista, se ben non resulta necesario solicitar informe do Consello Consultivo de Galicia porque o prezo primitivo do contrato non é superior a 6.000.000 euros e se trata dunha modificación prevista no PCAP. Durante o trámite de audiencia o contratista manifestou a súa conformidade coa modificación proposta (documento nº 250046872 de data 3 de marzo de 2025).

Respecto dos límites materiais, a modificación obedece a unha razón de interese público: prestar servizos relativos á promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre dos cidadáns, materias nas que os municipios poden asumir competencias en virtude do disposto nos artigos 25.2.l da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 80.2.m da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia.

Respecto dos límites económicos, é preciso compensar ao contratista respecto da alteración económica que esta modificación supón. Tal e como se desprende do informe do servizo xestor, a modificación ascende a 38.709,39 euros, que se imputarán á aplicación orzamentaria 1710.2279902 MANTEMENTO DE PARQUES

INFANTÍS E BIOSAUDABLES, BANCOS, FONTES, coa seguinte distribución de anualidades:

Ano de Aplicación	Período	Importe económico (€/ano)	% adxudicación do prezo do contrato
Ano 2025	Do 17 de marzo ao 31 de decembro (290 días)	34.971,10 €	0,69 %
Ano 2026	Do 1 de xaneiro o 31 de xaneiro (31 días)	3.738,29 €	0,07 %
Total		38.709,39 €	0,76 %

Unha vez adoptado o acordo de modificación, este poñerá fin á vía administrativa e será inmediatamente executivo (artigo 114.3 TRRL). A modificación acordada será obrigatoria para o contratista (artigo 206 da LCSP) e deberá formalizarse conforme ao disposto no artigo 153 LCSP e publicarse (artigo 203.3 LCSP).

Respecto á publicidade determina o artigo 207.3 que cando se modifique un contrato durante a súa vixencia, con independencia de se este está ou non suxeito a regulación harmonizada e da causa que xustifique a modificación, deberá publicarse en todo caso un anuncio de modificación no perfil de contratante do órgano de contratación no prazo de 5 días desde a súa aprobación, que deberá ir acompañado das alegacións do contratista e de todos os informes que, de ser o caso, se solicitasen con carácter previo á súa aprobación, incluídos aqueles achegados polo adxudicatario ou os emitidos polo propio órgano de contratación.

Aínda que o contrato está suxeito a regulación harmonizada, como a modificación non se atopa nos casos previstos nas letras a) y b) do apartado 2 do artigo 205, non ten que publicarse o anuncio de modificación no Diario Oficial da Unión Europea.

En cumprimento do previsto no artigo 335.2 da LCSP, ao tratarse dun contrato de servizos cuxo importe de adxudicación excede os 150.000,00 euros, comunicárase esta modificación ao Consello de Contas.

-IV-

Do reaxuste da garantía definitiva

O artigo 109.3 da LCSP determina que cando, como consecuencia dunha modificación do contrato, experimente variación o seu prezo, deberá reaxustarse a garantía, para que garde a debida proporción co novo prezo modificado. O reaxuste deberá realizarse no prazo de quince días contados desde a data en que se notifique ao empresario o acordo de modificación.

Neste caso, como estamos ante un suposto de modificación con custo económico procede o reaxuste da garantía definitiva depositada polo contratista. Tendo en conta que o apartado 9C do PCAP establece que a garantía esixida será do “5% do importe de adxudicación IVE excluído”, o licitador deberá incrementar a garantía depositada en



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1862/1102

1.599,56 euros.

-V-

Do cumprimento dos restantes trámites do procedemento de modificación

Examinada a concorrencia dos requisitos legais esixidos para o exercicio do *ius variandi*, resta cumprimentar os restantes trámites do procedemento para efectuar modificacións nos contratos administrativos que detalla o artigo 102 RLCAP: fiscalización do gasto correspondente e aprobación polo órgano de contratación. Procedemento ao que é preciso engadir os requisitos esixidos para as entidades locais no artigo 114.3 TRRL: previo informe da Secretaría e da Intervención da Corporación. Se ben as referencias á Secretaría, no caso do Concello de Vigo, ao ser un municipio de grande poboación rexido polo Título X da LBRL, hai que entendelas feitas ao titular da Asesoría Xurídica, en virtude do disposto na disposición adicional 2ª da LCSP, que lle atribúe todas as funcións asignadas pola lexislación sobre contratos das Administracións públicas aos secretarios con excepción da formalización dos contratos en documento administrativo.

-VI-

Recursos

Contra este acordo poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses, contado desde o día seguinte ao da notificación deste acordo.

Alternativamente, poderá interpoñerse, con carácter potestativo, recurso especial en materia de contratación ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de quince días hábiles contados a partir do seguinte ao da notificación deste acordo, de concorrer o suposto previsto no artigo 44.2d da LCSP ("*As modificacións baseadas no incumprimento do establecido nos artigos 204 e 205 desta Lei, por entender que a modificación debeu ser obxecto dunha nova adxudicación*").

De non concorrer este suposto, con carácter previo ao recurso contencioso-administrativo, poderá interpoñerse recurso de reposición.

De conformidade co artigo 123.2 da LCSP, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo en tanto non sexa resolto expresamente ou se teña producido a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

-VII-

Competencia

A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e da

intervención municipais (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda da LCSP).

-VIII-

Proposta de acordo

En base ao anterior, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

“1º.- Modificar o contrato de servizo de conservación e reposición das zonas de xogos, áreas biosaudables, espazos recreativos de auga, mobiliario urbano, e fontes ornamentais das zonas verdes da Cidade de Vigo (12.887-446), segundo o solicitado polo xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns no informe do 26 de febreiro de 2025, conformado polo concelleiro da Área.

Trátase da segunda modificación do contrato, dunha modificación prevista, comprendida nos supostos contemplados no PCAP (“diminución ou incremento de espazos, instalacións ou equipamentos obxecto deste contrato” - apartado 15B das FEC do PCAP) e obedece ás circunstancias recollidas no apartado 15C:

- “Alteracións producidas na superficie das infraestruturas públicas existentes no ámbito das zonas verdes, identificadas como mobiliario urbano, fontes ornamentais, áreas recreativas de auga, áreas de xogos, áreas biosaudables ou áreas deportivas*
- Incorporación de novas áreas de xogo, áreas biosaudables, áreas recreativas de auga ou unidades de mobiliario urbano e fontes ornamentais”*

A modificación amplía os listados recollidos nos Anexos I a VII do PPT relativos a “PARQUES INFANTILES”, “PARQUES BIOSAUDABLES E XIMNÁSTICOS”, “PISTAS DEPORTIVAS”, “BEBEDOIRO”, “PALCOS “PANEIS FOTOVOLTAICOS”, e “FONTES ORNAMENTAIS”, respectivamente, incrementando a superficie. Estas ampliacións supoñen un incremento do prezo de adxudicación do contrato de 44.015,70 euros/ano (120,59 €/día), 38.709,39 euros desde o 17 de marzo de 2025 ata o fin deste contrato, o 31 de xaneiro de 2026.

Representa un 0,76% do prezo do contrato, que sumado ao da primeira modificación (0,76%+4,45%=5,21%), respectivamente), atópase dentro do límite da porcentaxe máxima de modificación, que é do 20%, segundo o disposto no apartado 15D da FEC.

2º.- O importe da modificación, 38.709,39 euros, aboarase con cargo á aplicación orzamentaria 1710.2279902 MANTEMENTO DE PARQUES INFANTÍS E BIOSAUDABLES, BANCOS, FONTES, coa seguinte distribución de anualidades:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1862/1102

Ano de Aplicación	Período	Importe (€/ano)	% adxudicación do prezo do contrato
Ano 2025	Do 17 de marzo ao 31 de decembro (290 días)	34.971,10 €	0,69 %
Ano 2026	Do 1 de xaneiro o 31 de xaneiro (31 días)	3.738,29 €	0,07 %
Total		38.709,39 €	0,76 %

3º.- *Unha vez aprobada a modificación, o contratista, PREZERO ESPAÑA, S.A., deberá reaxustar a garantía definitiva por importe de 1.599,56 euros, no prazo dos quince días seguintes á notificación do acordo e con carácter previo á súa formalización.*

4º.- *Notificar este acordo ao interesado, informándolle que contra el poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses, contado desde o día seguinte ao da notificación deste acordo.*

Alternativamente, poderá interpoñerse, con carácter potestativo, recurso especial en materia de contratación ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de quince días hábiles contados a partir do seguinte ao da notificación deste acordo, de concorrer o suposto previsto no artigo 44.2d da LCSP ("As modificacións baseadas no incumprimento do establecido nos artigos 204 e 205 desta Lei, por entender que a modificación debeu ser obxecto dunha nova adxudicación").

De non concorrer este suposto, con carácter previo ao recurso contencioso-administrativo, poderá interpoñerse recurso de reposición.

De conformidade co artigo 123.2 da LCSP, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo en tanto non sexa resolto expresamente ou se teña producido a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

5º.- *Publicar no perfil de contratante e no portal de transparencia.*

6º.- *Comunicar ao Consello de Contas.*

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(167).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTENIMENTO E SOPORTE DO CENTRO DE PROCESO DE DATOS (CPD). EXPTE. 10469/113.

Visto o informe de fiscalización do 07/03/2025, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación de data 06/03/2025, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento e soporte do Centro de Proceso de Datos (CPD) (10.469-113)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento e soporte do Centro de Proceso de Datos (CPD) (10.469-113)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 27 de decembro de 2024 a Xunta de Goberno local, acordou:

“PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto e ordinario coa finalidade de realizar a contratación do servizo de mantemento e soporte do centro de proceso de datos (CPD) do Concello de Vigo, no que constan:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado polo Técnico responsable de Seguridade Informática e o Xefe de servizo de Administración Electrónica de data 06/09/2024 e co conforme da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal da mesma data.

- Memoria económica do contrato de data 09/10/2024, asinada polo Técnico responsable de Seguridade Informática e o Xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal e do Concelleiro da área de Orzamentos e Facenda da mesma data.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1862/1102

- Documento económico sobre a existencia de crédito de data 10/10/2024 asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria.
- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) de data 29/11/2024 asinado polo Técnico responsable de Seguridade Informática e o Xefe do servizo de Administración Electrónica.
- Memoria xustificativa do contrato de data 29/11/2024, asinada polo Técnico responsable de Seguridade Informática e o Xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal da mesma data.
- Informe da Xefa do Servizo de Contratación de data 29/11/2024, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento aberto, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación en data 29/11/2024.

SEGUNDO.- Asumir o compromiso de dotar orzamentariamente o gasto de 290.400,00 €, que inclúe un I.V.E. de 50.400,00 €, dende o 1 de marzo de 2025, con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias e exercicios:

Exercicio	Concepto	Partida	Base	IVE	TOTAL
2025	Mantemento do CPD	9207.2279903	60.000,00 €	12.600,00 €	72.600,00 €
2026	Mantemento do CPD	9207.2279903	60.000,00 €	12.600,00 €	72.600,00 €
2027	Mantemento do CPD	9207.2279903	60.000,00 €	12.600,00 €	72.600,00 €
2028	Mantemento do CPD	9207.2279903	60.000,00 €	12.600,00 €	72.600,00 €

TERCEIRO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista”.

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 28 de xuño de 2024), o 20 de febreiro de 2025 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento e soporte do Centro de Proceso de Datos (CPD) (10469-113) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	ELECTRÓNICA NOROESTE SERVICIOS GENERALES, SL	100,00

Segundo.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, ELECTRÓNICA NOROESTE SERVICIOS GENERALES, SL, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 9 e 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Recordar que tal e como establece a cláusula 9.2 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente. Neste caso, deberá presentar, asemade, a correspondente declaración de vixencia dos datos reflectidos no mesmo”.

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, ELECTRÓNICA NOROESTE SERVICIOS GENERALES, S.L., o día 21 de febreiro de 2025, que presenta a documentación requirida os días 25 e 28 de febreiro, dentro do prazo concedido.

Esta documentación consta de:

- Declaración de non estar incurso o licitador en prohibición de contratar.
- O certificado de inscrición no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia no que figura o obxecto social, o poder de representación e os certificados de estar ao corrente coa ATRIGA, AEAT e coa Seguridade Social.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (50.820,00 euros) e técnica e profesional (50.820,00 euros), tendo en conta que neste procedemento existe clasificación alternativa presentan a clasificación V-3-D.
- Seguro de caución por un importe de 11.280,00 euros que cobre a garantía definitiva requirida, figurando no expediente o correspondente xustificante de depósito da Tesourería Municipal.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1862/1102

Ademais desta documentación, figuran no expediente, os certificados positivos de débedas do Concello de Vigo, a AEAT, a TGSS e a ATRIGA.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 6 de marzo de 2025 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar ELECTRÓNICA NOROESTE SERVICIOS GENERALES, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por ELECTRÓNICA NOROESTE SERVICIOS GENERALES, S.L., de conformidade co informe de valoración da proposición avaliable mediante xuízo de valor de data 17 de febreiro de 2025 e do acordo da Mesa de Contratación do 20 de febreiro polo que se outorga ao licitador a máxima puntuación sen necesidade de aplicar a fórmula ao abeiro do previsto na cláusula 15.3.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a ELECTRÓNICA NOROESTE SERVICIOS GENERALES, S.L. o procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento e soporte do Centro de Proceso de Datos (CPD) (10.469-113) por un prezo total de 272.976,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 47.376,00 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(168).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO TACGAL SOBRE O RECURSO PRESENTADO AO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A SUBMINISTRACIÓN DE DOUS AUTOBOMBAS NODRIZA, DOUS VEHÍCULOS 4X4, UN VEHÍCULO 4X4 TODO TERREO E UN FURGÓN PARA O SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS. EXPTE. 7209/213.

Sométese a aprobación a proposta de data 11/03/2025, asinado pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos, que di o seguinte:

1º Tomar razón da Resolución nº 43/2025 Do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL), recaída no recurso nº 40/2025, interposto interposto por BAYSAN QUALITY PRO SL contra os pregos da contratación dun “Suministro de dos autobombas nodriza, dos vehículos 4x4, un vehículo 4x4 todo terreno y un furgón para el Servicio de Bomberos”, expediente 7209-213. Na mesma o TACGAL inadmite o recurso.

Transcríbese a continuación o acordo:

1. Inadmisión do recurso presentado por BAYSAN QUALITY PRO SL contra os pregos da contratación dun “Subministro de dous autobombas nodriza, dous vehículos 4x4, un vehículo 4x4 todo terreno e un furgón para o Servizo de Bombeiros”, expediente 7209- 213 do Concello de Vigo.

2. Declarar que non se aprecia temeridade ou mala fe na interposición do recurso, polo que non procede a imposición da multa prevista no artigo 58.2 LCSP.

2º- Dar traslado do expediente ao servizo de Contratación para continuar coa tramitación do expediente.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1862/1102

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(169).- SUBVENCIÓN Á ENTIDADE CLUB MARÍTIMO DE VIGO PARA A ORGANIZACIÓN DO EVENTO “COPA DE ESPAÑA DE KAYAK DE MAR-TROFEO CONCELLO DE VIGO DE PIRAGÜISMO”. EXPTE. 24484/333.

Visto o informe xurídico do 12/02/2025 e o informe de fiscalización do 06/03/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 11/02/2025, asinado polo xefe do servizo de Deportes e conformado polo concelleiro-delegado, o concelleiro da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES

1.1.- Con data 05.02.25, Zulema M. Prado Quiroga, en n/r da entidade Club Marítimo de Vigo, solicitou ó Concello de Vigo unha subvención para a organización e desenvolvemento na cidade de Vigo do proxecto “Copa de España de Kayak de Mar-Trofeo Concello de Vigo de Piragüismo”.

1.2.- A solicitude de subvención inclúe un orzamento equilibrado de ingresos-gastos por un importe total de 13.500,00€.

1.3.- Xunto a dita solicitude, a entidade interesada presenta a seguinte documentación:

- Proxecto deportivo.
- Memoria económica de ingresos e gastos.
- Documento acreditativo da exclusiva que ostenta a organizadora sobre o evento.
- Certificado de ausencia de débedas coa AEAT, coa ATRIGA, coa Seguridade Social e co Concello de Vigo.
- Anexos I.1 (modelo solicitude), I.2 (Orzamento de ingresos-gastos) e I.3 (declaración responsable).
- Certificado titularidade conta bancaria.
- NIF da entidade, DNI do representante, Composición da Xunta directiva, estatutos

2.- FUNDAMENTOS

Primeiro.- Consideracións xerais

A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación ó interese que ten para a cidade converterse en acollidora de eventos deportivos do máis alto nivel competitivo.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos con proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadás.

Neste caso o evento “Copa de España de Kayak de Mar-Trofeo Concello de Vigo de Piragüismo” é un dos eventos máis relevantes a nivel nacional no ámbito da modalidade de Kayak de mar.

A Xunta de Goberno Local aprobou, na sesión ordinaria do 08.03.2024 un “Plan de dinamización e desenvolvemento do deporte na cidade de Vigo”.

Este plan, fundamentado entre outras cuestións na necesidade de instrumentar a xestión da participación do Concello de Vigo no desenvolvemento deportivo local, de mellorar o impulso do traballo de planificación ou de consolidar a Vigo como “cidade do deporte”, inclúe o desenvolvemento dunha liña de apoio ó desenvolvemento de proxectos e eventos deportivos de interese xeral para a cidade de Vigo, dinamizados por diferentes entidades, e á promoción, dinamización e apoio á actividade deportiva, que expresa, entre outros, o obxectivo de dinamizar unha oferta deportiva ampla e diversa, optimizar os recursos destinados á promoción do deporte ou a promover a celebración de eventos deportivos na cidade.

Neste ámbito, e tal como está configurada a dinamización do deporte, o Concello de Vigo ten interese no fomento de propostas de subvención que permitan, a través do apoio institucional, o desenvolvemento de proxectos e eventos deportivos vinculados con criterios e principios relacionados co calendario deportivo que, pola súa propia estrutura, impiden ou limitan a capacidade para planificar unha determinada actuación cun gran período de tempo previo á súa celebración, xa que na maioría dos casos estes calendarios se configuran a partir de decisións dos organismos nacionais ou internacionais que ostentan os dereitos das competicións e cuxos tempos de xestión non coinciden cos tempos de xestión das administracións.

A subvención proposta se atopa incluída no Plan Estratéxico de subvencións para o período 2024-2026 aprobado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo na sesión ordinaria celebrada o 08.03.2024, contribuindo, en liña co establecido no dito plan (Liña 4-.Fomento actividades sociais-4.5-.Dinamización de eventos deportivos) a potenciar a imaxe de Vigo como cidade do deporte acollidora de eventos deportivos como ferramenta de colaboración e apoio a entidades organizadoras e como medio de promoción turística creando un entorno de promoción do deporte vinculado ó espectáculo deportivo como ferramenta de ocio.

Segundo.- O carácter excepcional da subvención.

O carácter excepcional que dificulta a convocatoria pública desta proposta de subvención ven determinado pola singularidade e envergadura do proxecto.

Non é posible atopar eventos comparables na cidade de Vigo, e incluso a nivel Galego, dada a súa singularidade, que podan igualar o seu nivel deportivo e o seu impacto social e deportivo, de ámbito nacional.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1862/1102

Dita relevancia deportiva e social queda avalada en primeiro lugar polo volume de participantes. Non existe na cidade de Vigo ningunha oferta na modalidade similar, téndose prevista a participación de 700 deportistas. Esta cifra é moi relevante, e converte ó evento nun espectáculo deportivo de gran espectacularidade para os siareiros.

Está prevista a participación de deportistas de practicamente todo territorio nacional incluíndo lugares competidores de Asturias, Andalucía, Comunidad Valenciana, Canarias, Castilla e León, Euskadi, Cataluña, Cantabria Aragón e Murcia, tal como detalla a entidade solicitante no proxecto presentado.

A especialización e a excelencia previstas polo evento o colocan nunha categoría única e destacada na modalidade, outorgándolle un nivel óptimo de acollida na cidade.

A “Copa de España de Kayak de Mar-Trofeo Concello de Vigo de Piragüismo” garante un nivel competitivo e espectáculo que supera calquera outro do noso entorno.

Os deportistas deste nivel nacional, estruturan os seus calendarios cunha antelación moi importante, polo que é fundamental garantir a estabilidade do evento ao obxecto de que o inclúan entre as súas competicións de referencia e manter o nivel competitivo do evento.

A relevancia do evento ven determinada da mesma forma polo volume de asistentes previsto nos días de celebración, contando ademais con que é unha oferta gratuíta. Este evento se singulariza e adquire unha relevancia excepcional polo seu carácter gratuíta para todo o público asistente. As actividades que conforman o evento desenvólvese nun entorno aberto ó público cun carácter gratuíta, que dota á competición dun acento diferenciador do resto de competicións habituais e que o posiciona como un referente non só polo seu nivel competitivo e espectacularidade, senón tamén pola súa accesibilidade.

Terceiro.- O interese público, social, económico o humanitario do proxecto a subvencionar e imposibilidade de convocatoria pública.

Na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público, como o feito de que se trate dun proxecto de grande repercusión a nivel nacional, que conte cunha ampla promoción da actividade deportiva e o altísimo nivel deportivo da competición, que atraerá á cidade ós es ás mellores deportistas a nivel nacional na modalidade.

Ademais, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

A singularidade e relevancia do evento atrae a participación de 700 deportistas de todo o país.

Por outra banda, esta subvención tamén queda xustificada no interese económico e social municipal que presenta o evento para esta cidade.

A “Copa de España de Kayak de Mar-Trofeo Concello de Vigo de Piragüismo” ten non só un impacto deportivo e social da máxima relevancia. Ademais, atrae a un importante volume de espectadores, xerando un importante fluxo de ingresos para a hostalaría, o comercio local, outros sectores relacionados e, en definitiva, para a cidade, constituíndose nun motor

económico de impulso para o turismo, o comercio local, a creación de emprego e a promoción da imaxe da cidade a nivel nacional.

Estes datos identifican claramente a envergadura do evento que se vai desenvolver na cidade, cunha repercusión nacional relevante, coa presenza dos e das mellores deportistas do panorama nacional e cunha asistencia de público moi destacada.

Esta competición ademais de servir de escaparate para a cidade, ofrecendo a oportunidade de mostrar a capacidade de Vigo como sede de grandes competicións nacionais, impulsará ó comercio local, promovendo obxectivos en liña cos obxectivos do Concello de Vigo neste ámbito.

As características propias do evento imposibilitan a convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa, fundamentada, ademais, nos seguintes argumentos:

- Exclusividade outorgada polo ente federativo, única entidade coa potestade para ceder a organización deste tipo de competicións.
- Promoción do deporte vigués, favorecendo a consolidación de Vigo como “Cidade acolledora de grandes eventos deportivos”.
- Fomento de proxectos que propicien actuacións prioritarias na busca da potenciación de sinerxías no ámbito social, do cal destacamos:
 - Atracción de proxectos que supoñan a consolidación do tecido produtivo na súa relación do deporte.
 - O impulso dunha oferta deportiva de calidade no ámbito dos eventos deportivos.
 - Dinamización de propostas de interese de deporte-espectáculo de alto nivel.
 - Creación de pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos para os e as deportistas vigueses mais mozos.
 - Optimización dos recursos que se destinan ó deporte de rendimento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
 - Celebración de grandes competicións deportivas que potencien a práctica deportiva entre os deportistas vigueses e as deportistas viguesas.
 - Promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional e consolidación de Vigo como “Cidade do Deporte”.

En conclusión, e en relación co anteriormente exposto, considérase acreditado que a celebración deste evento deportivo ten un claro carácter de interese público e social para a cidade de Vigo, quedando xustificado ademais o seu carácter excepcional, o que fundamenta a proposta de tramitación dunha subvención, polo que consonte co artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia cuxa concesión canalizárase a través dun convenio cuxo texto se someterá á aprobación por parte da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo.

PROPOSTA

Por todo o exposto propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1862/1102

PRIMEIRO: Aprobar a concesión dunha subvención por importe de 10.000,00€ á entidade Club Marítimo de Vigo (CIF G27780535) para a realización do evento deportivo “Copa de España de Kayak de Mar-Trofeo Concello de Vigo de Piragüismo” de acordo coas condicións e compromisos que se detallan no texto do convenio anexo no presente expediente.

SEGUNDO: Autorizar e dispoñer o gasto de 10.000,00€ para subvencionar a edición do ano 2025 da “Copa de España de Kayak de Mar-Trofeo Concello de Vigo de Piragüismo” a favor da entidade Club Marítimo de Vigo (CIF G27780535), segundo resulta da documentación do expediente nº 24484-333. Este crédito aplicarase con cargo á aplicación orzamentaria 3410.4890001 do orzamento xeral vixente da Concellería de Deportes.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO REGULADOR DA SUBVENCIÓN A FAVOR DA ENTIDADE CLUB MARÍTIMO DE VIGO EN RELACIÓN Á ORGANIZACIÓN DO EVENTO “COPA DE ESPAÑA DE KAYAK DE MAR-TROFEO CONCELLO DE VIGO DE PIRAGÜISMO” (Expte. 24484-333).

Na Casa do Concello de Vigo, na data da sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha parte, Javier Pardo Espiñeira, na súa calidade de segundo tenente de Alcalde e Concelleiro da Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes. (Resolución da Alcaldía do 28 de xuño de 2024)

Doutra, Zulema M. Prado Quiroga na súa calidade de Presidenta da entidade Club Marítimo de Vigo CIF 27780535, na representación da mesma.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.- O obxecto deste convenio é regular o outorgamento da subvención polo desenvolvemento na cidade de Vigo do proxecto deportivo “Copa de España de Kayak de Mar-Trofeo Concello de Vigo de Piragüismo” á entidade Club Marítimo de Vigo que ostenta os dereitos de organización e representación en exclusiva do evento deportivo, tal como acredita na documentación presentada no Concello de Vigo.

II.- Que a exclusividade do programa consta acreditada no proxecto presentado pola entidade.

III.- O Concello de Vigo está a potenciar a oferta deportiva que lle achega á cidadanía; neste sentido existe un grande interese en apoiar as manifestacións da cultura e deporte urbanos. De igual maneira, o Concello está interesado en achegarlle á cidadanía unha oferta deportiva diversificada que albergue o maior número posíbel de actividades, dirixidas a todos os sectores deportivos.

IV.- Que na actividade a subvencionar e na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público, xa que se trata dunha competición de grande repercusión na cidade. A súa organización foi outorgada polo ente federativo ó Club Marítimo de Vigo, que ostenta os dereitos de organización. Estas circunstancias impiden a convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa.

V.- Que, conforme ao disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública e se outorguen directamente.

V.- Que este convenio incorpora os contidos mínimos esixidos para a concesión destas subvencións polo art. 26.2 da Lei de Galicia 9/2007 e a Base 38 de execución do vixente orzamento do Concello de Vigo; contidos que se estiman conformes ao interese público que o convenio persegue.

VII.- Que o carácter deportivo e cultural se atopa entre as competencias atribuídas aos municipios no artigo 25.2.l e 25.2.m e 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

VIII.- Que o Club Marítimo de Vigo non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente nº 24484-333.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese deportivo que para a cidade de Vigo representa a celebración na cidade de Vigo da “Copa de España de Kayak de Mar-Trofeo Concello de Vigo de Piragüismo”, o CONCELLO e o Club Marítimo de Vigo conveñen a concesión da referida subvención en base aos seguintes

PACTOS

Primeiro.- O Club Marítimo de Vigo comprométese a organizar a “Copa de España de Kayak de Mar-Trofeo Concello de Vigo de Piragüismo” conforme ao programa recollido no Anexo deste Convenio, que comprende:

1º.- Organizar o “Copa de España de Kayak de Mar-Trofeo Concello de Vigo de Piragüismo” achegando toda infraestrutura e equipo humano necesarios para tal fin, así como cumprir a programación que consta no Anexo deste expediente.

2º.- Asumir todos os gastos que se deriven deste convenio.

3º.- Garantir a instalación e equipamentos axeitados ao proxecto; dotar de material necesario co fin de acadar os obxectivos previstos no programa.

4º.- Obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización das actividades.

5º.- Comezar as actividades do programa á hora anunciada ó público e comprobar coa antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamento, para realizar as correccións técnicas que resulten necesarias.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1862/1102

6º.- Dar axeitada publicidade ao financiamento das actividades obxecto desta subvención, mediante a incorporación dos logotipos do Concello de Vigo e da imaxe corporativa do evento en todos os seus soportes publicitarios na proporción axustada ó nivel de financiamento, adoitando as medidas necesarias para difundir axeitamente o carácter público do financiamento do programa polo concello de Vigo, incorporando a imaxe institucional do Concello de Vigo no material gráfico, na web, nas presentacións públicas, actividades e demais recursos de difusión utilizados.

7º.- Aboar as taxas, impostos e todos os demais gastos derivados dos permisos e da realización das actividades, incluíndo a xestión e aboamento da cantidade que corresponda polos dereitos de autor que se xeren pola utilización de música ambiente no desenvolvemento das actividades deportivas e de cultura urbana.

8º.- Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento.

9º.- Elaborar e cumprir o Plan de Autoprotección e Medidas de Emerxencia necesarias deseñado para o evento asinado por técnico competente, no caso necesario.

10º.- Realizar unha memoria do evento deportivo, que recolla resultados, colaboracións, clasificacións, actos, fotografías que inclúan a imaxe institucional durante o desenvolvemento do evento, etc... , e entregala ó Concello de Vigo no prazo de 45 días dende a finalización do evento.

11º.- En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.

12º.- Atender ás obrigas establecidas na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Incluir a celebración da “Copa de España de Kayak de Mar-Trofeo Concello de Vigo de Piragüismo” na difusión municipal.

2º.- Conceder ó Club Marítimo de Vigo, unha subvención para a “Copa de España de Kayak de Mar-Trofeo Concello de Vigo de Piragüismo” por importe de 10.000,00 euros, co obxecto de coadxuvar ao financiamento do evento.

O Concello non asume ningún compromiso distinto dos recollidos no presente convenio.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao CONCELLO a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Tendo en conta a vixencia do convenio, a entidade deberá presentar a documentación para a xustificación no prazo comprendido entre a realización do evento deportivo e como máximo ata o 15 de Novembro de 2025. O pagamento do importe da subvención realizarase, por transferencia bancaria, á conta corrente facilitada pola entidade beneficiaria da que é titular.

Ata o 50% do importe de cada anualidade da subvención proposta poderá ser abonado se a entidade beneficiaria o solicita, mediante transferencia bancaria, trala sinatura do convenio, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais que supón o desenvolvemento das primeiras fases do proxecto. Para este pago anticipado establécese que a entidade beneficiaria, previo abono da subvención, e segundo o establecido no art. 46 do R.D 887/2006 de 21 de xullo de 2006 polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, depositará unha garantía por un importe igual á cantidade do pago anticipado.

En calquera caso, tal como establece o art. 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando se houbera solicitado a declaración de concurso, foran declarados insolventes en calquera procedemento, foran declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial ou foran inhabilitados conforme á Lei Concursal sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso, foran declarados en quebra, en concurso de acredores, insolvente fallido en calquera procedemento ou suxeito a intervención xudicial, ter iniciado expediente de quita e espera ou de suspensión de pagos ou presentado solicitude xudicial de quebra ou de concurso de acredores, en tanto, no seu caso, non foran rehabilitados.

O resto do importe abonarase á entidade beneficiaria logo da xustificación da actuación para a que se concedeu a subvención.

Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- A beneficiaria poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada de conformidade co indicado no artigo 29 da Lei 38/2003 xeral de subvencións.

Sétimo.- A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de Galicia 9/2007.

Oitavo.- A beneficiaria terá de prazo ata o 15 de novembro de 2025 para xustificar o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos previstos pola concesión da subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas, a entidade beneficiaria Club Marítimo de Vigo está obrigada a relacionarse de forma electrónica coas Administracións Públicas.

Para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica <https://sede.vigo.org>



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1862/1102

A tenor do disposto no artigo 81 do Regulamento da Lei 38/2003, establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 e xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel.

A tal efecto, a conta xustificativa a render deberá conter:

a) **Memoria de actuación** xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación das actividades desenvolvidas dentro do programa, datos de participación e asistentes individualizados por evento e por cómputo global, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.

b) **Memoria económica** xustificativa do custo das actividades realizadas, que incorporará:

- Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.
- Relación numerada de todos e cada un dos documentos xustificativos que se acheguen con especificación da súa data de emisión, provedor, obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pagamento.
- Facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel. As facturas presentadas terán que ser orixinais e deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE; ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada citada no apartado anterior, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Os documentos xustificativos haberán de estar datados no período obxecto deste convenio. Os gastos xustificativos con facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil presentárase en orixinal. As facturacións cumpriran os requisitos establecidos para súa expedición no RD 1619/2012 de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación ou as normas sobre a facturación electrónica equivalentes. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto.

En ningún caso se admitirán simples recibos ou xustificantes de caixa. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas e, tratándose de persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal.

- De existiren, relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas.

Noveno.- No caso de que o Club Marítimo de Vigo se opoña expresamente a que o CONCELLO comprobe se aquela se atopa ao corrente nas súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non sexa debedora por resolución de procedencia de reintegro, a beneficiaria deberá acreditar estas circunstancias antes de proceder ao pagamento. De non haber tal oposición expresa, o CONCELLO

recabará estes documentos de oficio, tal como establece o artigo 28.2 da Lei 39/2015, de 1 de decembro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Décimo.- Serán gastos subvencionables os que de xeito determinado correspondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen para a organización do evento deportivo “Copa de España de Kayak de Mar-Trofeo Concello de Vigo de Piragüismo”.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os “gastos financeiros” da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público para o contrato menor, a beneficiaria deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que os realicen, presten ou subministren, ou salvo que o gasto se realizara con anterioridade á subvención.

A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación, realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

Décimo primeiro.- A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención para cada unha das anualidades e a axeitada xustificación de cada unha delas, será comprobada pola área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes. O persoal técnico do Servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo segundo.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida polo Servizo de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo terceiro.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da LG 9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo cuarto.- A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas terá que ser revisada polo Concello de Vigo. En toda a información editada figurará o logotipo do Concello de Vigo, nas mesmas condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa do Servizo de Deportes do Concello de Vigo, e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.

Décimo quinto.- O mecanismo de seguimento da execución deste convenio establécese en base ás memorias e informes que presente a entidade asinante e a presenza do persoal técnico do Servizo de Deportes nas propias actividades programadas.

Décimo sexto.- O presente convenio terá vixencia dende a súa sinatura ata o 15 de novembro de 2025 co obxecto de proceder á tramitación da xustificación e non será prorrogábel.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1862/1102

Décimo sétimo.- A área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes, queda facultada para resolver as posibles controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

Décimo oitavo.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e na Lei 39/2015, de 1 de decembro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Décimo noveno - A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia 9/2007 en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015 e na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude. A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Servizo de Deportes do Concello de Vigo.

Vixésimo.- A actividade obxecto deste convenio está destinada ao público en xeral, e o acceso á mesma será público e gratuíto; o número de asistentes limitarase á capacidade do lugar onde se celebre.

Vixésimo primeiro.- En cumprimento do establecido na resolución de 15 de xuño de 2020 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas, e en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións.

A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido na Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións artigo 20.4 e 20.8.b.

Vixésimo segundo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

7(170).- SUBVENCIÓN Á ENTIDADE C.D. AMFIV POLA PARTICIPACIÓN NA EUROLIGA 3 DE BALONCESTO EN CADEIRA DE RODAS. EXPTE. 24488/333.

Visto o informe xurídico do 19/02/2025 e o informe de fiscalización do 05/03/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 17/02/2025, asinado polo xefe do servizo de Deportes, e conformado polo concelleiro-delegado, o concelleiro da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES

1.1.- Con data 09.02.25, José Antonio Beiro Rodríguez, en n/r da entidade Club Deportivo AMFIV, solicitou ó Concello de Vigo unha subvención para a súa participación no proxecto Copa de Europa-Euroliga 3.

1.2.- A solicitude de subvención inclúe un orzamento equilibrado de ingresos-gastos por un importe total de 34.980,00€.

1.3.- Xunto a dita solicitude, a entidade interesada presenta a seguinte documentación:

- Proxecto deportivo.
- Anexos I.1 (modelo solicitude), I.2 (Orzamento equilibrado de ingresos-gastos) e I.3 (declaración responsable).
- Certificado de ausencia de débedas coa AEAT, coa ATRIGA, coa Seguridade Social e co Concello de Vigo.
- Certificado de inscrición no Rexistro Nacional de asociacións.
- Certificado titularidade conta bancaria.
- CIF da entidade, DNI do representante legal e estatutos da entidade.
- Certificado de composición da Xunta directiva.
- Documento acreditativo dos dereitos de organización, no se caso.

2.- FUNDAMENTOS

Primeiro.- Consideracións xerais

A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación ó interese que ten para a cidade dinamizar e fomentar a participación das entidades deportivas da cidade nos eventos deportivos do máis alto nivel competitivo.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos con proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadás.

Neste caso, a participación das entidades da cidade nas competicións de ámbito europeo é unha das actuacións máis relevantes, xa que o acceso a estas competicións está restrinxido exclusivamente ós mellores clubs de Europa.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1862/1102

A Xunta de Goberno Local aprobou, na sesión ordinaria do 08.03.2024 un “Plan de dinamización e desenvolvemento do deporte na cidade de Vigo”.

Este plan, fundamentado entre outras cuestións na necesidade de instrumentar a xestión da participación do Concello de Vigo no desenvolvemento deportivo local, de mellorar o impulso do traballo de planificación ou de consolidar a Vigo como “cidade do deporte”, inclúe o desenvolvemento dunha liña de apoio ó desenvolvemento de proxectos e eventos deportivos de interese xeral para a cidade de Vigo, dinamizados por diferentes entidades, e á promoción, dinamización e apoio á actividade deportiva, que expresa, entre outros, o obxectivo de dinamizar unha oferta deportiva ampla e diversa, optimizar os recursos destinados á promoción do deporte ou a promover a celebración de eventos deportivos na cidade.

Neste ámbito, e tal como está configurada a dinamización do deporte, o Concello de Vigo ten interese no fomento de propostas de subvención que permitan, a través do apoio institucional, o desenvolvemento de proxectos e eventos deportivos vinculados con criterios e principios relacionados co calendario deportivo que, pola súa propia estrutura, impiden ou limitan a capacidade para planificar unha determinada actuación cun gran período de tempo previo á súa celebración, xa que na maioría dos casos estes calendarios se configuran a partir de decisións dos organismos nacionais ou internacionais, como é o caso, que ostentan os dereitos das competicións e cuxos tempos de xestión non coinciden cos tempos de xestión das administracións.

A subvención proposta se atopa incluída no Plan Estratéxico de subvencións para o período 2024-2026 aprobado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo na sesión ordinaria celebrada o 08.03.2024, contribuíndo, en liña co establecido no dito plan (Liña 4-.Fomento actividades sociais-4.5-.Dinamización de eventos deportivos) a potenciar a imaxe de Vigo como cidade do deporte acolledora de eventos deportivos como ferramenta de colaboración e apoio a entidades organizadoras e como medio de promoción turística creando un entorno de promoción do deporte vinculado ó espectáculo deportivo como ferramenta de ocio.

Segundo.- **O** carácter excepcional da subvención.

O carácter excepcional que dificulta a convocatoria pública desta proposta de subvención ven determinado pola singularidade e envergadura do proxecto.

Non é posible participar nunha competición como Euroliga 3 sen obter o dereito en base á participación nas ligas nacionais do máis alto nivel e á clasificación no ranking europeo da IWF, Federación Europea de Baloncesto en cadeira de rodas.

A relevancia deportiva e social queda fundamentada polo nivel deportivo da competición, do máis alto nivel europeo. Non existe na cidade de Vigo ningún proxecto similar na modalidade, o que converte este proxecto en algo único.

Na competición participan clubs europeos do máis alto nivel. En concreto o Grupo B no que quedou encadrado o CD AMFIV, que se celebrará en Italia, estará formado con clubs de Italia, Israel e Francia, o que outorga á competición un ámbito europeo de gran relevancia.

A especialización e a excelencia da competición a colocan nunha categoría única e destacada na modalidade, outorgándolle un nivel máximo competitivo.

Terceiro.- O interese público, social, económico o humanitario do proxecto a subvencionar e imposibilidade de convocatoria pública.

Na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público, como o feito de que se trate dun proxecto de grande repercusión a nivel Europeo, que conte cunha ampla promoción da actividade deportiva e o alto nivel deportivo da competición, no que participan algúns dos e das mellores deportistas a nivel europeo.

Ademais, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que dinamiza a cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

Por outra banda, esta subvención tamén queda xustificada no interese deportivo e social que presenta o evento para esta cidade.

A relevancia do evento o sitúa como un referente dada a súa importancia competitiva na modalidade de baloncesto en cadeira de rodas.

Estes datos identifican claramente a importancia do proxecto, cunha repercusión moi relevante, coa presenza de deportistas de ámbito internacional.

Este proxecto, ademais de servir de escaparate para a cidade, ofrecendo a oportunidade de mostrar a capacidade de Vigo como dinamizadora de grandes competicións, promove obxectivos en liña cos obxectivos do Concello de Vigo neste ámbito.

As características propias do proxecto imposibilitan a convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa, fundamentada, ademais, nos seguintes argumentos:

- Promoción do deporte vigués, favorecendo a consolidación de Vigo como “Cidade promotora de grandes proxectos deportivos”.
- Fomento de proxectos que propicien actuacións prioritarias na busca da potenciación de sinerxías no ámbito social, do cal destacamos:
 - Promoción da marca Vigo como cidade do deporte.
 - O impulso dunha oferta deportiva de calidade no ámbito dos proxectos deportivos.
 - Dinamización de propostas de interese para a cidadanía.
 - Creación de pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos para os e as deportistas vigueses mais mozos.
 - Celebración de grandes competicións deportivas que potencien a práctica deportiva entre os deportistas vigueses e as deportistas viguesas.
 - Promoción da cidade de Vigo no ámbito internacional e consolidación de Vigo como “Cidade do Deporte”.

En relación á xustificación da subvención, tendo en consideración por unha banda a dificultade e falta de liquidez financeira da entidade deportiva, sen ánimo de lucro e, por outra, a propia finalidade da subvención, que xira ao redor da importancia dos obxectivos de interese xeral que desenvolve o seu proxecto, a proposta exceptúa o cumprimento do establecido no art. 31.2 da L.X.S e no art. 29.2 da L.S.G, admitindo documentación xustificativa de gastos nos que non será



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1862/1102

necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ao proceso de xustificación.

En conclusión, e en relación co anteriormente exposto, considérase acreditado que o financiamento deste proxecto deportivo ten un claro carácter de interese público e social para a cidade de Vigo, quedando xustificado ademais o seu carácter excepcional, o que fundamenta a proposta de tramitación dunha subvención. Ademais, consonte co artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, a subvención canalizarase a través dunha resolución cuxo texto se someterá á aprobación por parte da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo.

PROPOSTA

Por todo o exposto proponse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aprobar a concesión dunha subvención por importe de 20.000,00€ a favor da entidade CLUB DEPORTIVO AMFIV (CIF G.36711380) para a "PARTICIPACIÓN NA EUROLIGA 3" de acordo coas condicións e compromisos que se detallan no texto anexo no presente expediente.

SEGUNDO: Autorizar e dispoñer o gasto de 20.000,00€ para subvencionar a "PARTICIPACIÓN NA EUROLIGA 3" a favor da entidade CLUB DEPORTIVO AMFIV (CIF G.36711380), segundo resulta da documentación do expediente nº 24488-333. Este crédito aplicarase con cargo á aplicación orzamentaria 3410.4800016 do orzamento xeral vixente da Concellería de Deportes.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO

CONDICIÓN E COMPROMISOS VINCULADOS COA PROPOSTA DE SUBVENCIÓN A FAVOR DA ENTIDADE CLUB DEPORTIVO AMFIV EN RELACIÓN Á PARTICIPACIÓN NA ENTIDADE NA "EUROLIGA 3" (Expte. 24488-333).

I.- O obxecto desta resolución é regular o outorgamento da subvención pola participación do CD AMFIV na "Euroliga 3".

II.- O Concello de Vigo ten interese en potenciar a oferta deportiva que lle achega á cidadanía; neste sentido existe un grande interese en apoiar as manifestacións da cultura e deporte. De igual maneira, o Concello está interesado en achegarlle á cidadanía unha oferta deportiva diversificada que albergue o maior número posíbel de actividades, dirixidas a todos os sectores deportivos.

III.- Esta resolución incorpora os contidos mínimos esixidos para a concesión destas subvencións polo art. 26.2 da Lei de Galicia 9/2007 e a Base 38 de execución do vixente orzamento do Concello de Vigo; contidos que se estiman conformes ao interese público que persegue.

IV.- O carácter deportivo e cultural se atopa entre as competencias atribuídas aos municipios no artigo 25.2.l e 25.2.m e 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

V. A entidade CD AMFIV non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente nº 24488-333.

En base ás precedentes consideracións e ao interese deportivo que para a cidade de Vigo representa a participación do CD AMFIV na competición Euroliga 3 de baloncesto en cadeira de rodas, se establecen os seguintes compromisos:

COMPROMISOS

Primeiro.- A entidade CD AMFIV deberá:

- 1º.- Participar na competición deportiva Euroliga 3 no ano 2025 nas condicións detalladas na memoria presentada pola entidade e que acompaña ó expediente.
- 2º.- Asumir todos os gastos que se deriven do desenvolvemento do proxecto.
- 3º.- Garantir as condicións necesarias co fin de acadar os obxectivos previstos no programa.
- 4º.- Obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización das actividades
- 5º.- Dar axeitada publicidade ao financiamento municipal.
- 6º.- Realizar unha memoria do proxecto deportivo, que recolla resultados, colaboracións, clasificacións, actos, fotografías que inclúan a imaxe institucional durante o desenvolvemento do evento, etc... , e entregala ó Concello de Vigo xunto coa xustificación.
- 7º.- En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.
- 8º.- Atender ás obrigas establecidas na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

Conceder á entidade CD AMFIV unha subvención pola participación na Euroliga 3 de baloncesto en cadeira de rodas por importe de 20.000,00€ con cargo á partida orzamentaria 3410.4800016 do orzamento en vigor da Concellería de deportes mediante transferencia bancaria á conta facilitada pola entidade co obxecto de coadxuvar ó financiamento do proxecto.

A tramitación do pago da subvención realizarase, unha vez que a entidade beneficiaria presente axeitadamente a documentación xustificativa, a partir do día seguinte á celebración do evento deportivo.

O Concello non asume ningún compromiso distinto dos recollidos na presente resolución.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1862/1102

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao CONCELLO a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que rebase o custo total da actividade.

Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación desta circunstancia ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada de conformidade co indicado no artigo 29 da Lei 38/2003 xeral de subvencións.

Sexto.- A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de Galicia 9/2007.

Sétimo.- A beneficiaria terá de prazo ata o 15 de novembro de 2025 para xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a consecución dos obxectivos previstos pola concesión da subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas, a entidade beneficiaria está obrigada a relacionarse de forma electrónica coas Administracións Públicas.

Para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica <https://sede.vigo.org>

A teor do disposto no artigo 81 do Regulamento da Lei 38/2003, establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 e xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel.

A tal efecto, a conta xustificativa a render deberá conter:

a) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións previstas na presente resolución, con indicación das actividades desenvolvidas dentro do programa, datos de participación e asistentes individualizados por evento e por cómputo global, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.

b) Memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que incorporará:

- Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.
- Relación numerada de todos e cada un dos documentos xustificativos que se acheguen con especificación da súa data de emisión, provedor, obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pagamento.
- Facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel. As facturas presentadas terán que ser orixinais e deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE; ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada citada no apartado anterior, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Os documentos xustificativos haberán de estar datados no período obxecto desta subvención. Os gastos xustificativos con facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil presentarase en orixinal. As facturacións cumpriran os requisitos establecidos para súa expedición no RD 1619/2012 de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación ou as normas sobre a facturación electrónica equivalentes. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto.

En ningún caso se admitirán simples recibos ou xustificantes de caixa. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas e, tratándose de persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal.

- De existiren, relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito determinado correspondan á natureza da actividade subvencionada.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os "gastos financeiros" da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe da subvención.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público para o contrato menor, a beneficiaria deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que os realicen, presen ou subministren, ou salvo que o gasto se realizara con anterioridade á subvención.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1862/1102

A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación, realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

Décimo.- A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a axeitada xustificación, será comprobada pola área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes. O persoal técnico do Servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida polo Servizo de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da LG 9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- A presente resolución terá vixencia dende a súa sinatura ata o 15 de novembro de 2025 co obxecto de proceder á tramitación da xustificación e non será prorrogábel.

Décimo cuarto.- A área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes, queda facultada para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación desta resolución, así como para tomar iniciativas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

Décimo quinto.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire esta resolución e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e na Lei 39/2015, de 1 de decembro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Décimo sexto.- A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto da presente resolución, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia 9/2007 en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015 e na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude. A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Servizo de Deportes do Concello de Vigo.

Décimo sétimo.- En cumprimento do establecido na resolución de 15 de xuño de 2020 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas, e

en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións.

A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido na Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións artigo 20.4 e 20.8.b.

Décimo oitavo.- A concesión da subvención obxecto da presente resolución rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen nesta resolución; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

8(171).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO PARA A PREVENCIÓN E CONTROL DA LEXIONELOSE NOS COLEXIOS PÚBLICOS E ESCOLAS MUNICIPAIS. EXPTE. 98637/332.

Visto o informe xurídico do 05/03/2025 e o informe de fiscalización do 10/03/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 17/02/2025, asinado pola xefa do servizo de Educación e conformado pola concelleira-delegada, a concelleira da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data de 20 de xaneiro de 2025, a concelleira da Área de Goberno de Educación resolveu autorizar e instar ao Servizo de Educación para que inicie a tramitación dun contrato maior do servizo para a prevención e control da lexionelose nos Colexios Públicos e Escolas Municipais dependentes do Concello de Vigo.

No expediente tramitado ao efecto consta, entre outra, a seguinte documentación:

- Informe de xustificación da necesidade do contrato, asinado pola xefa do Servizo de Educación e pola concelleira delegada de Educación, de data 20/01/2025.
- Resolución da concelleira da Área de Goberno de Educación de data 20/01/2025 pola que se autoriza o inicio do expediente de contratación.
- Memoria económica asinada pola xefa do Servizo de Educación, pola concelleira delegada de Educación, pola concelleira da Área de Goberno de Educación e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda o 29/01/2025, modificada o 13/02/2025.
- Documentos contables RC 8240 e RCFUT 8241, por importes de 40.938,33 e 143.284,17 euros respectivamente, de data 29/01/2025.
- Prego de prescricións técnicas (PPT) e anexo de data 13/02/2025 redactado pola xefa do Servizo de Educación.
- Declaración da redactora do PPT, asinada pola xefa do Servizo de Educación en data 13/02/2025.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1862/1102

- Memoria Xustificativa asinada pola xefa do Servizo de Educación, pola concelleira delegada de Educación e pola concelleira da Área de Goberno de Educación o 14/02/2025.
- Informe de 17/02/2025 da xefa do Servizo de Contratación, sobre a comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública.
- Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) de data 17/02/2025 redactado pola xefa do Servizo de Contratación.

As características básicas do contrato, tal e como se indica na documentación que conforma o expediente, son as seguintes:

Obxecto: Servizo para a prevención e control da lexielose nos Colexios Públicos e Escolas Municipais dependentes do Concello de Vigo, co obxectivo de dar cumprimento ao disposto no Real Decreto 487/2022, de 21 de xuño, polo que se establecen os requisitos sanitarios para a prevención e o control da lexielose., modificado por Real Decreto 614/2024, de 2 de xullo. Nos edificios obxecto do contrato as instalacións de risco de propagación de lexielose son principalmente (esta relación non é excluínte):

- Sistemas de auga quente sanitaria (AQS), incluíndo rede de distribución, acumuladores, depósitos e puntos terminais
- Sistemas de auga fría de consumo humano (AFC), incluíndo rede de distribución, alxibes, depósitos e puntos terminais
- Sistemas de Protección contra incendios.

Os centros educativos nos que se realizarán as prestacións obxecto deste contrato recóllense no Anexo 1 do PPTP.

Duración: A duración estimada do contrato será por un período de 3 (tres) anos e unha posible prórroga, cunha duración dun ano.

Prezo: Estímase un prezo anual do contrato de 61.407,50 euros.

Aplicación orzamentaria: 3230.227.9910 “Estudos e Traballos técnicos” e bolsa de vinculación.

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na Disposición adicional segunda parágrafo 4º da Lei 9/2017, de 8 novembro de Contratos do Sector Público (LCSP). A resolución segundo o artigo 117 da LCSP deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto.

A vista das anteriores circunstancias, e previo informes da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral Municipal, **proponse** á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción dos seguintes **acordos**:

1º.- Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria do servizo servizo para a prevención e control da lexielose nos Colexios Públicos e Escolas Municipais.

2º.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas de data 13/02/2025 redactado polo Servizo de Educación e o Prego de cláusulas administrativas particulares por procedemento aberto de data 17/02/2025 redactado polo Servizo de Contratación, que se inclúen no presente expediente para a contratación do servizo para a prevención e control da lexiónelose nos Colexios Públicos e Escolas Municipais.

3º.- O importe máximo do contrato plurianual é de 184.222,50 euros (152.250,00 euros máis 31.972,50 euros en concepto de IVE a soportar pola administración), para a contratación do servizo para a prevención e control da lexiónelose nos Colexios Públicos e Escolas Municipais., con cargo á bolsa de vinculación da aplicación orzamentaria 3230.227.9910 “Estudos e Traballos técnicos”, e subordínase a autorización do gasto á existencia de crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos, asumindo o compromiso da súa inclusión nos exercicios futuros, conforme ao artigo 174 do TRLFL , do xeito seguinte:

- 40.938,33 euros correspondentes ao ano 2025;
- 61.407,50 euros correspondentes ao ano 2026;
- 61.407,50 euros correspondentes ao ano 2027;
- e 20.469,17 euros correspondentes ao ano 2028.

4º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(172).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO GASTO PARA O ANO 2025 EN RELACIÓN COA ADDENDA AO CONVENIO COA SOCIEDADE “SUPERVISIÓN Y CONTROL, S.A.U.” CO FIN DE REGULAR O PROCEDIMENTO DE XESTIÓN E SISTEMA DE FACTURACIÓN DAS INSPECCIÓN TÉCNICAS DOS VEHÍCULOS (I.T.V.) DA FLOTA MUNICIPAL. EXPTE. 13758/445.

Visto o informe de fiscalización do 27/02/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 13/02/2025, asinado polo enxeñeiro de Camiños Canais e Portos, a técnica de xestión, o xefe da Área de Servizos Xerais e o xefe dos servizos xurídicos de Servizos Xerais, e conformado polo concelleiro da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES.

I.- A Xunta de Goberno Local aprobou en sesión ordinaria de data 18 de xullo de 2.019 aprobar o Convenio de colaboración entre a Sociedade “Supervisión y Control, S.A.U” e o Concello de Vigo a fin de regular o procedemento de xestión e sistema de facturación das inspeccións técnicas (ITV) dos vehículos da flota municipal e a súa subscrición pola Sociedade “Supervisión y Control, S.A.U”; facultando ao Concelleiro delegado da Área de Fomento e Servizos para a sinatura do convenio.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1862/1102

II.- En base á referida necesidade a sociedade “Supervisión Y Control, S.A.U” e o Concello de Vigo no exercicio das súas competencias, asinaron o convenio en data 31 de xullo de 2.019.

III.- A Xunta de Goberno Local aprobou en sesión ordinaria de data 11 de maio de 2.023 o texto da ADDENDA AO CONVENIO ENTRE A SOCIEDADE “SUPERVISIÓN Y CONTROL, S.A.U” E O CONCELLO DE VIGO, A FIN DE REGULAR O PROCEDEMENTO DE XESTIÓN E SISTEMA DE FACTURACIÓN DAS INSPECCIÓN TÉCNICAS (ITV) DOS VEHÍCULOS DA FLOTA MUNICIPAL., prorrogando o prazo de vixencia do CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SOCIEDADE “SUPERVISIÓN Y CONTROL, S.A.U” E O CONCELLO DE VIGO A FIN DE REGULAR O PROCEDEMENTO DE XESTIÓN E SISTEMA DE FACTURACIÓN DAS INSPECCIÓN TÉCNICAS (ITV) DOS VEHÍCULOS DA FLOTA MUNICIPAL, por un período adicional de catro anos, é dicir, até o día 31 de xullo de 2027.

A devandita addenda de prorroga foi asinada en data 16 de maio de 2023.

IV.- As necesidades relativas ás inspeccións técnicas son variables en función da xestión da flota de vehículos, e de acordo co alcance do convenio asinado coa sociedade “Supervisión Y Control, S.A.U”, e as previsións de realización de inspeccións técnicas para os vehículos da flota municipal para o período comprendido entre o 01.01.2025 ata o 31.12.2025, estimase dende os servizos técnicos do Parque Móbil, un gasto máximo de CATORCE MIL EUROS EUROS (14.000,00 €) IVE, taxas e gastos incluídos.

FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS.

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL).
- Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril.
- Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira. Lei Orgánica 7/2013, de 27 decembro de racionalización e sustentabilidade da Administración Local e Lei 5/2014, 27 de maio de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da lei 7/13.
- Bases execución do orzamento do Concello de Vigo de 2.024.
- Lei 9/2.017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2.014/24/UE, de 26 de febreiro.
- Lei 40/15, de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público.

- Real Decreto legislativo 2/2.004, de 5 marzo que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

En base ao exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

Primeiro.- Autorizar o gasto polo importe máximo de CATORCE MIL EUROS EUROS (14000,00 €), IVE, taxas e gastos incluídos, a favor da mercantil "Supervisión e Control, S.A.U", con cargo a aplicación orzamentaria 9202.227.99.00 "Tramitación documentación de vehículos" correspondente ao orzamento do exercicio 2025 con cargo á bolsa de vinculación, co obxecto de desenvolver no mesmo as inspeccións técnicas dos vehículos municipais, de acordo ao Convenio entre a sociedade "Supervisión e Control, S.A.U e o Concello de Vigo a fin de regular o procedemento de xestión e sistema de facturación das inspeccións técnicas (ITV) dos vehículos da flota municipal.

Segundo- Dar conta do presente acordo á "Supervisión e Control, S.A.U." como concesionaria da prestación do servizo de ITV e asinante do convenio co Concello de Vigo.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(173).- PROPOSTA DE IMPOSICIÓN DE PENALIDADES Á EMPRESA ENCARGADA DO SERVIZO DE MANTEMENTO DOS EDIFICIOS DOS CENTROS MUNICIPAIS DE DISTRITO. EXPTE. 11961/320.

Visto o informe de fiscalización do 05/03/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 21/02/2025, asinado pola xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local e conformado polo concelleiro delegado e a concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1862/1102

- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto do servizo de mantemento dos edificios dos Centros Municipais de Distrito dependentes da Unidade de Participación Cidadá do Concello de Vigo (11206-320)

ANTECEDENTES

I. A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de data 21 de xuño de 2024, adoptou o seguinte acordo:

“Adxudicar a CLECE FS, S.L. o procedemento aberto do servizo de mantemento dos edificios dos Centros Municipais de Distrito dependentes da Unidade de Participación Cidadá do Concello de Vigo (11206-320) coas seguintes condicións:

- a) O prezo total do contrato é de 80.952,78 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 14.049,66 euros.
- b) Propón a redución do tempo de resposta ante incidencias:
 - Redución do tempo de resposta inferior a 72 horas, ante incidencias non consideradas graves que precisen a presenza de persoal técnico nos centros.
 - Redución do tempo de resposta inferior a 12 horas nas incidencias consideradas graves que precisen a presenza de persoal técnico nos centros.
- c) Comprométese a incrementar a periodicidade das tarefas de mantemento preventivo semestral establecidas no punto 3.1 do PPT a una frecuencia trimestral, sen custo para a Administración:
 - Limpeza de cubertas, petos, canalóns, arquetas interiores e baixantes.
 - Limpeza de canaletas de recollida de auga exteriores en terrazas e patios.
- d) Declara que coñece as instalacións obxecto deste contrato relacionadas na cláusula 2 do PPTP.

Todo iso de cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

II. O contrato, formalizado en data 24/07/2024, estipula na cláusula 4 que o seu prazo é de 2 anos, contado a partir do día seguinte ao da sinatura do mesmo pola Concelleira delegada de Contratación. Xa que logo o contrato deu inicio en data 25/07/2024.

III. A cláusula 1 do dito contrato establece que: “CLECE FS, S.L. comprométese á prestación servizo de mantemento dos edificios dos Centros Municipais de Distrito dependentes da Unidade de Participación Cidadá do Concello de Vigo (11206-320) con estricta suxeición ó prego de cláusulas técnicas e administrativas aprobados polo Excmo. Concello, documento contractual que acepta plenamente e do que deixa constancia asinando neste acto a súa conformidade.”

IV. Con data 02/12/2024 o arquitecto técnico responsable do contrato emite o seguinte informe:

“Debido á falta de prestación dos servizos de mantemento e reparación que debe realizar a empresa adxudicataria do servizo, Clece F.S., nos Centros Municipais de Distrito, realízase o presente informe para que se tomen as medidas oportunas.

Despois de realizar varias notificacións mediante correo electrónico á empresa CLECE, F.S. para que se realicen varios traballos no Centro Municipal de Distrito de Teis, entre os que se atopan:

- Limpeza de canlóns en cuberta de pista deportiva (29/10-08/11-18/11).
- Reparación de impermeabilización en cuberta do Auditorio (18/11).

E como se puido comprobar que devanditos traballos non foron executados e a urxencia que teñen polos danos que poden provocar, poñémonos en contacto telefónico con responsable da empresa, D. Adolfo Rubinos Álvarez con data 27/11, para esixir a súa execución. Contéstanos que non é posible executar os traballos en cuberta porque non existe linea de vida para realizar os mesmos e cumprir coa normativa de seguridade e saúde no posto de traballo. Indícaselle que as medidas de seguridade, tanto proteccións persoais como colectivas, deben ser achegadas e instaladas pola empresa que executa as obras, non polo propietario do inmovible. Coméntanos que vai consultar coa empresa para ver como xestionar ditas obras, pero a data de hoxe seguen sen estar executadas, cos danos que se están ocasionando no interior do auditorio, pola entrada de auga desde a cuberta. Por iso, será necesario tomar as medidas oportunas para esixir á empresa adxudicataria do mantemento que cumpra coas condicións de prestación do servizo definidas no Prego de Condicións Técnicas sobre as tarefas de mantemento preventivo.”

V. A fin de asegurar o adecuado funcionamento das instalacións garantindo a súa seguridade, o pasado 13/12/2024 se lle requiriu mediante notificación con nº saída 202132-2024-1 (con acuse de recepción do 16/12/2024) que achegase informe sobre as incidencias referidas no prazo máximo de 24 horas en virtude do disposto no apartado 3.3 do PPT.

A perentoriedade do prazo referido ven motivada en que aínda non se ten dado resposta aos requirimentos efectuados infrutuosamente ao responsable do servizo nomeado pola adxudicataria tanto telefonicamente coma mediante os emails corporativos referidos (desde o 28/10/2024) constatándose a existencia dos danos que se están ocasionando no interior do auditorio, pola entrada de auga desde a cuberta.

VI. Con data de entrada do 18/12/2024 no Rexistro Electrónico do Concello de Vigo (CÓDIGO DE SOLICITUDE: W1225164-6683) achegan, fóra do prazo outorgado, o informe en resposta ao requirimento.

VII. O arquitecto técnico municipal emite o seguinte informe:

“Á vista da contestación da empresa CLECE, en relación ao mantemento dos edificios dos CMD dependentes de Participación Cidadá, realízase o presente informe.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1862/1102

No Auditorio do Centro Municipal de Distrito de Teis, existen varias anomalías que foron notificadas en varias ocasións á empresa Clece, encargada do Servizo de Mantenemento dos Centros Cívicos. A continuación, describíense estas anomalías e as súas posibles solucións:

1. No escenario do auditorio, producíense filtracións de auga (os días de choiva) que proveñen da cuberta. Si a supervisión e seguimento realizábase en tempo seco, é lóxico que non existan filtracións.

2. O acceso a o canlón da pista deportiva, para súa limpeza, pódese realizar con andamio (sistema europeo) e nalgúns zonas que non é posible a súa instalación, pódese realizar con plataforma elevadora articulada.

3.- A empresa encargada de mantemento, é coñecedora, antes da adxudicación do servizo, do estado e características do CMD, e debe dispor das medidas de protección personal e colectiva necesarias para executar os traballos.

4.- Tanto mediante conversación telefónica como por correo electrónico, xa se remitiron fechas posibles para poder realizar a reunión solicitada.”

VIII. O día 30/12/2024 se lle notifica á empresa CLECE FS, SA o informe proposta de resolución de imposición de penalidades emitido polo servizo de Participación Cidadá mediante o que se incoa expediente de imposición de penalidades, dando audiencia á empresa contratista por un prazo de quince días a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación (notificación recibida o 02/01/2025).

IX. Transcorrido o prazo de audiencia sen que a empresa presentara alegacións, o día 4 de febreiro de 2025 o arquitecto técnico municipal emite o seguinte informe de valoración da penalidade:

“Debido á mala prestación dos servizos de mantemento e reparación que debe realizar a empresa adxudicataria do servizo CLECE FS S.A., nos Centros Municipais de Distrito, realizábase o presente informe para valorar a penalidade a aplicar.

De acordo co expediente aberto para imposición de penalidades, apreciábase o incumprimento ou cumprimento defectuoso das prestacións obxecto do contrato (36.3 PCAP), á que corresponde a imposición dunha penalidade cunha contía de ata o 5% do prezo (sen IVE) do contrato polo seu carácter grave.

O prezo total do contrato é de 80.952,78 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 14.049,66 €.

Tendo en conta, que a día de hoxe, de todas as notificacións que se enviaron a empresa CLECE FS, S.A., nestes últimos meses, para que realizábase os traballos preventivos de limpeza e mantemento dos Centros, así como traballos de reparación de danos existentes, non se realizaron no seu maioría, propónse penalizar a empresa un 4,5% do prezo do contrato.

Como o prezo do contrato, sen IVE, e de 66.903,12 €, corresponde unha penalización de 3.010,64 €. Farase efectivo mediante dedución das cantidades que, en concepto de pagamento total ou parcial, deban abonarse ao contratista, ou sobre a garantía definitiva, conforme ao artigo 194.2 da LCSP.”

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. Incumprimentos contractuais:

De conformidade co disposto na cláusula 36.1 do Prego de Cláusulas Administrativas do Contrato (PCAC) considerarase incumprimento contractual calquera acción ou omisión por parte do contratista que supoña a vulneración das obrigas establecidas neste prego, e nas demais normas de xeral aplicación por causas que lle resultan imputables.

Os incumprimentos contractuais clasifícanse en leves, graves ou moi graves, atendendo ás circunstancias concurrentes e ao maior ou menor prexuízo que se cause á Administración ou aos usuarios. Para determinar a gravidade dos incumprimentos contractuais atenderase aos criterios de gradación contemplados na cláusula 37 do PCAP.

A cláusula 36.3 PCAP establece que se imporán penalidades ao contratista cando incorra nalgún dos incumprimentos contractuais ou cumprimentos defectuosos previstos a continuación:

- a) Incumprimento das condicións especiais de execución
- b) Incumprimento de criterios de adxudicación.
- c) Mora no cumprimento do prazo total ou dos prazos parciais
- d) Cumprimento defectuoso ou incumprimento das prestacións obxecto do contrato.

A cláusula 36.5.e) PCAP establece que terán a consideración de supostos de incumprimento ou cumprimento defectuoso GRAVES: *“O incumprimento das ordes ou instrucións referentes á prestación do servizo impartidas pola Administración municipal ao adxudicatario e no prazo que para o efecto outorgue”.*

A cláusula 38.2.b) do PCAP establece que nos supostos de incumprimento contractual ou cumprimento defectuoso grave, a contía das penalidades será ata un 5% do prezo do contrato sen IVE.

II. Pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada:

A cláusula 1 do contrato iniciado en data 25/07/2024 establece que: “CLECE FS, S.L. comprométese á prestación servizo de mantemento dos edificios dos Centros Municipais de Distrito dependentes da Unidade de Participación Cidadá do Concello de Vigo (11206-320) con estricte suxeición ó prego de cláusulas técnicas e administrativas aprobados polo



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1862/1102

Excmo. Concello, documento contractual que acepta plenamente e do que deixa constancia asinando neste acto a súa conformidade.”

Segundo o disposto na cláusula 3 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP), 2.A) das FEC e cláusula 1 do pregos de prescricións técnicas (PPT), é obxecto do presente contrato a prestación de servizos de mantemento e reparación en xeral, dos edificios municipais nos que se encontran os Centros Municipais de Distrito dependentes de Participación Cidadá e as súas edificacións anexas: CMD do Casco Vello (R/Oliva 12, Vigo), CMD de Teis (Cmño. Maceiras s/n, Vigo), CMD Coruxo (Avda. Ricardo Mella, 296), e CMD de Bouzas (R/Eduardo Cabello 41A, Vigo).

Dito mantemento inclúe o mantemento correctivo, preventivo, asesoramento técnico e atención de avarías.

A cláusula 3 do PPT establece que a configuración, desenvolvemento e execución da prestación para levar adiante os seus obxectivos, axustaranse en todo á definición e prescricións que se establecen neste documento.

O Servizo de Participación Cidadá, coa dirección dun técnico, centrará a súa acción no control da realización do servizo e da achega, pola adxudicataria, dos elementos e materiais asociados necesarios para executar todas aquelas accións de mantemento que resulten precisas (...).

A cláusula 4 do PPT establece que a entidade adxudicataria debe dispor dos suficientes medios técnicos, materiais cualitativos e persoais para o desenvolvemento das actividades obxecto deste contrato.

A cláusula 5 do PPT establece que as empresas licitadoras serán responsables do coñecemento das instalacións, previo á formulación das súas ofertas, e deberán declarar coñecer os equipos para os que prestarán os seus servizos en caso de adxudicación.

As empresas adxudicatarias asumirán as instalacións no estado no que se atopen previamente ao comenzo da execución do contrato.

De acordo co anterior, constátase un incumprimento ou cumprimento defectuoso das prestacións obxecto do contrato por non ter atendido as ordes ou instrucións referentes á prestación do servizo impartidas pola Administración municipal ao adxudicatario e no prazo outorgado, efectuados mediante correos electrónicos enviados polo responsable municipal en datas 29/10/24, 08/11/24, 18/11/24 e mediante notificación con nº saída 202132-2024-1 en data 13/12/2024.

Xa que logo, resulta acreditada a falta de resposta ante incidencias consideradas graves respecto da entrada de auga no Auditorio do CMD de Teis (requirida desde o 18/11/24). A empresa achega o primeiro informe en data 18/12/2024, dous meses despois da comunicación da incidencia por parte da Administración.

Así mesmo, resulta acreditado o incumprimento respecto da oferta de incremento da periodicidade das tarefas de mantemento preventivo trimestral ofertado establecidas no punto 3.1 do PPT, sen custo para a Administración:

- Limpeza de cubertas, petos, canalóns, arquetas interiores e baixantes.
- Limpeza de canaletas de recollida de auga exteriores en terrazas e patios.
- Limpeza de canlóns en cuberta de pista deportiva (29/10-08/11-18/11).

III. Penalidades:

A cláusula 38 (PCAC) contempla que cando o contratista, por causas que lle fosen imputables, incorrese en mora no cumprimento, tanto do prazo total como cos prazos parciais establecidos, para a imposición de penalidades estarase ao disposto no artigo 193 da LCSP.

A cláusula 38.3 PCAP indica que no resto dos supostos de incumprimento contractual ou cumprimento defectuoso, a contía das penalidades será:

- a) Ata un 1% do prezo do contrato sen IVE se o incumprimento ou o cumprimento defectuoso fose leve.
- b) Ata un 5% do prezo do contrato sen IVE se o incumprimento ou o cumprimento defectuoso fose grave.
- c) Ata un 10% do prezo do contrato sen IVE se o incumprimento ou o cumprimento defectuoso fose moi grave.

De acordo co anterior, apreciase o incumprimento ou cumprimento defectuoso das prestacións obxecto do contrato (36.3 PCAP), á que correspondería a imposición dunha penalidade cunha contía de ata o 5% do prezo do contrato polo seu carácter grave.

Faranse efectivas mediante dedución das cantidades que, en concepto de pagamento total ou parcial, deban abonarse ao contratista, ou sobre a garantía definitiva, conforme ao artigo 194.2 da LCSP.

A imposición de calquera das penalidades previstas nos apartados anteriores será compatible coa esixencia ao contratista da reposición da situación alterada ao seu estado orixinario, así como coa indemnización dos danos e perdas causados, os cales serán determinados polo órgano de contratación, debendo fixarse na resolución correspondente á súa contía e o prazo que se determine para a súa satisfacción.

IV. Procedemento:

O apartado 39 PCAP establece o procedemento para a imposición das penalidades ao contratista, indicando que as penalidades impoñeranse por acordo do órgano de contratación, adoptado a proposta do responsable do contrato, previa audiencia do contratista, por un prazo de quince días. Este acordo será inmediatamente executivo.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1862/1102

Se o incumprimento puidese conlevar á resolución do contrato, a tramitación do correspondente expediente axustarase ao disposto no artigo 213 da LCSP.

V. Pagamento das penalidades:

Realizarase mediante dedución das cantidades que, en concepto de pagamento total ou parcial, deban abonarse ao contratista. Se non fose posible, sobre o importe da garantía definitiva. No seu defecto, o contratista deberá aboalas ingresando o seu importe na Caixa do Concello, dentro do prazo de trinta días hábiles seguintes á notificación.

Se transcorrese o prazo fixado sen que se aboase o seu importe, esixirase o pagamento pola vía de constrinximento administrativo.

VI. Órgano competente:

É competente para a adopción do presente acordo a Xunta de Goberno Local para a imposición das penalidades por incumprimento contractual ou cumprimento defectuoso, calquera que sexa a súa gravidade.

De conformidade cos fundamentos de dereito anteriormente expostos e previa conformidade da Quinta Tenente de Alcalde e concelleira delegada da Área goberno de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e Relación coas empresas, en virtude das competencias delegadas mediante Resolución da Alcaldía do 28/06/2024, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO.- Impoñer á empresa contratista CLECE FS, SA, unha penalización de 3.010,64 €, correspondente ao 4,5% do prezo total do contrato sen IVE. Facendo efectiva dita penalidade mediante a dedución das cantidades que, en concepto de pagamento total ou parcial, deban abonarse ao contratista, ou sobre a garantía definitiva, conforme ao artigo 194.2 da LCSP.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo a CLECE FS, SA, así como á Intervención xeral.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(174).- AUTORIZACIÓN DE GASTO PARA A CONTINUIDADE DO CONTRATO DE PRESTACIÓN DO SERVIZO DE PORTERÍA, CONTROL DE

ACCESO E INFORMACIÓN AO PÚBLICO NOS CENTROS MUNICIPAIS DE DISTRITO. EXPTE. 3725/321.

Visto o informe de fiscalización do 07/03/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 27/02/2025, asinado pola xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, e conformado polo concelleiro delegado e a concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I. A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 27 de setembro de 2024, adoptou o seguinte acordo:

“1º. A continuidade da prestación do servizo de portería, control de acceso e información ao público nos centros municipais de distrito (expediente 3725-321), adxudicado por acordo da XGL de 3 de maio de 2018 a UTE INTEGRÁ MXSI CEE GALICIA, S.L.- INTEGRÁ MGSÍ CEE, S.L., nas mesmas condicións, e polo tempo estritamente indispensable ata a formalización do novo contrato.

2º.- Autorizar o gasto para a continuidade do contrato co obxecto de dar cobertura aos gastos derivados da prestación do servizo desde o 1 de outubro ao 30 de novembro de 2024 polo importe máximo de 35.331,88 euros euros, con cargo á aplicación orzamentaria 9240 2279904.

3º.- Notificar este acordo ao interesado e ao servizo xestor”.

II. O estado actual de tramitación do expediente 3891-321, fai inviable que o inicio da execución do novo contrato se produza dentro do prazo previsto logo da declaración de continuación do contrato (01 de decembro de 2024), isto é, antes do día límite establecido na autorización do gasto para dar cobertura aos gastos derivados da prestación do servizo; constando practicadas as seguintes actuacións:

1.- En data 14/10/2024 emítese informe polo servizo xestor en resposta ás consultas formuladas con respecto á licitación do expediente de referencia, remitidas polo servizo de Contratación.

2.- A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 25 de outubro de 2024 realizou a cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos dos licitadores presentados a este procedemento, procedeuse á descrición dos documentos que compoñen o sobre B “Proposición avaliable mediante xuízo de valor” dos licitadores admitidos e acordou solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

3.- En data 06/11/2024 emitíuse polo servizo xestor informe sobre as declaracións de confidencialidade de dúas das licitadoras admitidas, resultando procedente solicitar



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1862/1102

aclaración sobre este extremo e indicar, de ser o caso, que aspectos da súa oferta son confidenciais e os motivos que o xustifican, non resultando admisibles declaracións xenéricas.

As notificacións foron enviadas en data 11/11/2024, téndose achegado documentación en datas 11 e 13 de novembro de 2024, respectivamente.

4.- O día 31 de outubro de 2024, COMBINA SOCIAL, SL presenta un escrito contra a admisión neste procedemento de NORINTEGRA, SL, alegando que esta licitadora “non é un centro especial de emprego de iniciativa social ou sen ánimo de lucro” e aportando información do buscador de centros especiais de emprego, polo que non procedería a súa admisión neste procedemento.

5.- O día 19 de novembro de 2024 a xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local informa á Mesa de Contratación da imposibilidade de emisión do informe relativo ao sobre B motivada polo desenvolvemento dos procesos selectivos de dous programas de emprego que están en marcha (Vigo Emprega 2024 e OE VIGO CAPACITA X).

6.- Na Mesa de Contratación do 20 de novembro de 2024, danse conta das alegacións presentadas por COMBINA SOCIAL, SL, e acórdase en base ao artigo 140.3 LCSP e a cláusula 8.6 do PCAP, dar traslado das alegacións á licitadora NORINTEGRA, SL para que no prazo de 3 días naturais presente as aclaracións e acreditacións que estime oportunas sobre os feitos sinalados pola primeira.

A notificación foi enviada en data 21/11/2024, téndose achegado documentación en data 25/11/2024.

7.- Na Mesa de Contratación do 27 de novembro de 2024 deuse conta de que na normativa existente non se esixe unha cualificación administrativa específica; que queda acreditada a condición de NORINTEGRA, SL como Centro Especial de Emprego de iniciativa social; e non procede, como reclamaba COMBINA SOCIAL, SL no seu escrito de alegacións, a non admisión de NORINTEGRA, SL neste procedemento.

8.- Na Mesa de Contratación de 26 de decembro de 2024 deuse conta do informe asinado pola xefa do Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local o 19 de decembro de 2024 de valoración do sobre B “proposición avaliable mediante xuízo de valor”, e a mesa acorda por unanimidade dos membros presentes, aceptar o referido informe e excluír a ANDANZA EMPLEA, S.L. e INTEGRACIÓN SOCIAL DE MINUSVÁLIDOS, S.L. por non acadar o umbral mínimo de puntuación esixido. Ademais procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C “Proposición avaliable mediante fórmula” dos licitadores admitidos.

9.- Na Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 8 de xaneiro de 2025, procedeuse a dar conta da existencia da oferta anormalmente baixa de COMBINA SOCIAL SL, acordando iniciar o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP, concedéndolle/s un prazo de tres días hábiles para xustificar a súa oferta (data de notificación e publicación no Perfil de Contratante do concello de Vigo do 13/01/2025).

10.- Na Mesa de Contratación de data 23 de xaneiro de 2025, procedeuse a clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas para a contratación de servizos de de portería, control de acceso e información ao público nos Centros Municipais de Distrito (3891-321), e a requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, COMBINA SOCIAL, SL, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a documentación exixida no artigo 150.2 da LCSP e nas cláusulas 9 e 18 do PCAP.

11.- Na Mesa de Contratación de data 13 de febreiro de 2025, unha vez comprobada a documentación presentada pola empresa licitadora COMBINA SOCIAL, SL, acordase outorgarlle un prazo de 3 días hábiles a COMBINA SOCIAL, SL para que emende a mesma mediante a presentación da seguinte documentación:

- *Os Anexos IV e V debidamente asinados pola representante da mercantil xa que o documento presentado, aínda que presenta a correspondente marca de auga da sinatura, esta non se pode comprobar ao carecer de pegada dixital. A perda desta pegada dixital tende a producirse cando se asinan dixitalmente dous documentos e, a continuación, se unen nun so.*
- *Declaración de vixencia dos datos que obran no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia aos efectos de acreditar o apoderamento da representante da mercantil o, no seu defecto, a escritura de nomeamento da mesma.*

12.- Na Mesa de Contratación de data 20 de febreiro de 2025, procedeuse a comprobar a documentación presentada pola licitadora COMBINA SOCIAL, SL e, sendo esta correcta, se acorda propoñer por urxencia á Xunta de Goberno Local a adxudicación deste procedemento.

13.- O 21 de febreiro de 2025, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar a COMBINA SOCIAL, SL o procedemento aberto para a contratación de servizos de de portería, control de acceso e información ao público nos Centros Municipais de Distrito (3891-321).

III. A enumeración das actuacións e documentación obrante no expediente permiten verificar que a tramitación deste contrato se planificou con tempo suficiente, recolléndose como contrato a licitar no Plan Anual de Contratación do ano 2024. Así mesmo, que se incoou en prazo axeitado e a súa instrución foi dilixente, se ben a relación das incidencias referidas determinan a necesidade da continuidade do vixente contrato (3725/321) mentres non se produza a entrada en vigor do novo contrato.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1862/1102

Atendendo ao prazo estipulado para a interposición de recurso especial en materia de contratación ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, o cal se establece en 15 días hábiles a partir da publicación do anuncio da adxudicación, estímase o inicio do contrato para o día 18 de marzo de 2025, de xeito que permita rematar a fase de adxudicación e a súa formalización, sen prexuízo doutras incidencias.

IV. A interrupción na prestación deste servizo ocasionaría un grave trastorno desatendendo aos usuarios/os dos servizos municipais que se prestan nestas instalacións (coma os do programa de avellentamento activo promovido polo servizo de Benestar Social) así coma das demais actividades e eventos autorizados a outras entidades sen ánimo de lucro e cidadanía, tanto nos CMD, coma no auditorio e na pista deportiva de Teis.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. O artigo 29.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público indica no seu último parágrafo que *“Non obstante o establecido nos apartados anteriores, cando ao vencemento dun contrato non se tivese formalizado o novo contrato que garanta a continuidade da prestación a realizar polo contratista como consecuencia de incidencias resultantes de acontecementos imprevisibles para o órgano de contratación producidas no procedemento de adxudicación e existan razóns de interese público para non interromper a prestación, poderase prorrogar o contrato orixinario ata que comence a execución do novo contrato e en todo caso por un período máximo de nove meses, sen modificar as restantes condicións do contrato, sempre que o anuncio de licitación do novo contrato se teña publicado cunha antelación mínima de tres meses respecto da data de finalización do contrato orixinario.”*

Consta autorizada, mediante acordo da Xunta de Goberno Local do 21 de febreiro de 2025, dende o 1 ata o 15 de marzo de 2025 a continuidade da prestación do servizo de portería, control de acceso e información ao público nos centros municipais de distrito (expediente 3725-321), adxudicado por acordo da XGL de 3 de maio de 2018 á *UTE INTEGRÁ MXSI CEE GALICIA, S.L.- INTEGRÁ MGSÍ CEE, S.L.*

II. Para o exercicio 2025 contabilizouse documento RC 12025000003079 por importe de 223.818,02 €, con cargo á partida orzamentaria 9204 2279904 “AT. O. PÚBLICO EN OFICINAS DESCENTRALIZADAS”.

III. O gasto da continuidade do contrato por dous (2) días (do 16 ao 17 de marzo) supón un importe total de 1.139,74 euros que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria 9240 2279904 AT. O PÚBLICO OFICINAS DESCENTRALIZADAS.

V. Órgano competente:

É competente para a adopción do presente acordo a Xunta de Goberno Local para a autorización do gasto en virtude do disposto no artigo 127.1.g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.

De conformidade cos fundamentos de feito e de dereito anteriormente expostos e, previo informe de fiscalización da Intervención municipal, en virtude das competencias delegadas mediante Resolución da Alcaldía do 28/06/2024 na quinta tenente de alcalde e concelleira da área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e Relación coas empresas, formúlase a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO: Autorizar o gasto para a continuidade do contrato de prestación do servizo de portería, control de acceso e información ao público nos centros municipais de distrito (expediente 3725-321) polo tempo estritamente indispensable ata a formalización do novo contrato, co obxecto de dar cobertura aos gastos derivados da prestación do servizo os días 16 e 17 de marzo de 2025 por importe de 1.139,74 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 9240 2279904.

SEGUNDO: Notificar este acordo ao interesado e á Intervención municipal.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(175).- PROPOSTA DE NOMEAMENTO, COMO PERSOAL LABORAL FIXO, DAS PRAZAS EQUIPARADAS AO SUBGRUPO A1: OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DE ESTABILIZACIÓN. EXPTE. 46092/220.

Visto o informe de fiscalización do 05/03/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 24/02/2025, asinado polo técnico de administración xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, e conformado pola concelleira-delegada e a concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1862/1102

ANTECEDENTES:

I.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de data 31/05/2022, acordou aprobar a oferta de emprego público de estabilización do emprego temporal do Concello de Vigo, en cumprimento das obrigas contempladas na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade nas Administracións Públicas, consonte aos informes emitidos no expediente nº 39.998/220 (Publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPP) de data 31/05/2022 e no Diario Oficial de Galicia (DOG) de data 08/06/2022).

A convocatoria e bases xerais dos referidos procesos selectivos, foron aprobadas en sesión de Xunta de Goberno Local de data 23/12/2022 (BOPPO de data 30/12/2022) e as bases específicas dos procesos selectivos das prazas ofertadas polo sistema selectivo de concurso, foron aprobadas polo mesmo órgano por acordo de data 19/05/2023 (BOPP de data 31/05/2023), entre as que se atopaban as seguintes prazas en réxime laboral, equiparadas ao subgrupo A1 de titulación:

<i>Denominación</i>	<i>Grupo</i>	<i>Tipo de vínculo xurídico (funcionarios de carreira / persoal laboral fixo)</i>	<i>Número de prazas ofertadas</i>	<i>Sistema Selectivo</i>
<i>TÉCNICO/A DEPARTAMENTO MÚSICA TRADICIONAL - EMAO</i>	<i>A1</i>	<i>Laboral fixo</i>	<i>1</i>	<i>CONCURSO</i>
<i>DIRECTOR/A DE RÉXIME INTERIOR - ZOO</i>	<i>A1</i>	<i>Laboral fixo</i>	<i>1</i>	<i>CONCURSO</i>
<i>VETERINARIO/A - ZOO</i>	<i>A1</i>	<i>Laboral fixo</i>	<i>1</i>	<i>CONCURSO</i>
<i>LICENCIADO/A DEREITO</i>	<i>A1</i>	<i>Laboral fixo</i>	<i>1</i>	<i>CONCURSO</i>
<i>LICENCIADO/A CIENCIAS DO TRABALLO</i>	<i>A1</i>	<i>Laboral fixo</i>	<i>1</i>	<i>CONCURSO</i>
<i>LICENCIADO/A PSICOLOXIA</i>	<i>A1</i>	<i>Laboral fixo</i>	<i>1</i>	<i>CONCURSO</i>
<i>TÉCNICO/A SUPERIOR -DIRECTOR/A (LICENCIADO FILOSOFÍA, CIENCIAS EDUCACIÓN E PEDAGOGÍA)</i>	<i>A1</i>	<i>Laboral fixo</i>	<i>1</i>	<i>CONCURSO</i>
<i>TÉCNICO/A SUPERIOR-COORDINADOR/A PLAN EMPREGO MUNICIPAL (ENXEÑEIRA)</i>	<i>A1</i>	<i>Laboral fixo</i>	<i>1</i>	<i>CONCURSO</i>

II.- En sesión de data 20/12/2024, segundo consta en acta incorporada ao expediente, o órgano de selección designado para o proceso selectivo das prazas equiparadas ao subgrupo A1 de titulación, acordou:

“Rematado o proceso á vista das puntuacións totais obtidas polas persoas aspirantes, o órgano de selección acorda por unanimidade propoñer, previa comprobación pola Área de Recursos Humanos segundo o establecido na base 13ª:

PRIMEIRO.- O nomeamento dos seguintes aspirantes:

*-Técnico/a Departamento Música Tradicional–EMAO.- RIOBÓ AGULLA, B. (DNI: ***4261**)*

*-Director/a de Réxime Interior–ZOO.- CARBALLO VILLAR, F. (DNI: ***8042**)*

*-Veterinario/a–Zoo.- ACUÑA RODRÍGUEZ, A. (**9465**)*

*-Licenciado/a Dereito.- RIOBO VEIGA, L.A. (**3678**)*

*-Licenciado/a Ciencias do traballo- MAGADÁN MOMPO, E.M. (**9818**)*

*- Licenciado/a Psicoloxía.- ESTÉVEZ RODRÍGUEZ, B. (**0443**)*

*-Técnico/a. Sup.-Director/a (Licdo. Filosofía, Ciencias Educación e Pedagogía).- JUNCAL GIL, C. (DNI: ***9241**)*

*-Técnico/a Sup- Coordinador/a Plan Emprego Municipal (Enxeñeira).- MOURIZ MARTÍNEZ, A.M. (DNI: ***9676**)(...).”*

-Na mesma proposta inclúese aprobar de conformidade coa base 15ª das Bases Xerais (BOPPO de data 30/12/2022) o listado do persoal que podería ser incluída na formación das bolsas de emprego das distintas prazas que foron executadas no mesmo proceso selectivo, e que serán obxecto de outro procedemento administrativo:

“As/os candidatos/as que non obteñan unha das prazas convocadas, formarán parte dunha bolsa de emprego, de conformidade co establecido na disposición adicional cuarta da Lei 20/2021, para os efectos de seren nomeados ou contratados/as como persoal funcionario interino ou laboral temporal respectivamente, nos termos do establecido nos criterios de xestión das listas de reserva do Concello vixentes e normativa de concordante aplicación. Nestas bolsas integraranse aqueles candidatos que, participando no proceso selectivo correspondente, e non superando este, obteñan a puntuación que a convocatoria considere suficiente (50% da puntuación total).”

III.- A publicación do anuncio foi realizada na páxina web municipal en data 23/12/2024.

IV.- Consta no trámite 25 do expediente, verificación administrativa sobre a documentación presentada polo persoal proposto, conforme ao exigido nas bases do procedemento ou por figurar xa en en poder da administración ao tratarse de persoal de alta no Concello de Vigo na data de sinatura.

V.- Como resultado desta verificación, foi preciso facer requirimento de emenda aos/ás seguintes aspirantes para completasen a documentación exigida:

-Riobó Agulla B ; e Carballo Villar, F.; cuxa subsanación de documentación consta incorporada posteriormente nos trámites 29 e 39, respectivamente.

VI.- Consta incorporado informe de verificación de datos de data 11/02/2025 (trámite 32) sobre a situación das prazas que foron executadas e por se estivesen ocupadas actualmente en réxime de interinidade (ou persoal laboral temporal):

“Solicitados datos respecto das prazas vacantes existentes a día de hoxe en relación coas prazas da OEP Estabilización – subgrupo A1, persoal laboral, no Concello de Vigo, foron revisadas as mesmas na aplicación de Ginpix7.

Da devandita comprobación, salvo erro ou omisión, constátase a existencia das seguintes vacantes:

- Posto 650 técnico/a Departamento Música Tradicional– EMAO, dotación 1, no Servizo EMAO (613); vinculado á praza técnico/a música tradicional- EMAO: Vacante en data de sinatura.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1862/1102

- Posto 680 Director/a de Réxime Interior– Zoo, dotación 1, no Servizo Vigo Zoo (612); vinculado á praza Director/a réxime interior – Zoo: Ocupado interinamente dende 01/01/2016 a nome de CARBALLO VILLAR, F. (DNI: ***8042**, nº persoal 83260), laboral temporal.
- Posto 681 Veterinario/a–Zoo, dotación 1, no Servizo Vigo Zoo (612); vinculado á praza Veterinario/a- Zoo: Ocupado interinamente dende 01/01/2016 a nome de ACUÑA RODRÍGUEZ, A. (DNI: ***9465**, nº persoal 83261), laboral temporal.
- Posto 400 Licenciado/a Dereito, dotación 1, no Servizo Benestar Social (301); vinculado á praza Licenciado/a dereito: Vacante en data de sinatura.
- Posto 405 Técnico/a actividades culturais e educativas, dotación1, no Servizo Benestar Social (301); vinculado á praza Licenciado/a Ciencias do traballo: Vacante en data de sinatura.
- Posto 401 Licenciado/a Psicoloxía, dotación 1, no Servizo Benestar Social (301); vinculado á praza Licenciado/a en psicoloxía: Vacante en data de sinatura.
- Posto 408 Técnico/a. Sup.-Director/a, dotación 1, no Servizo Desenvolvemento Local e Emprego (108); vinculado á praza Licdo. Filosofía, Ciencias Educación e Pedagogía: Vacante en data de sinatura.
- Posto 409 Técnico/a Superior Coordinador/a Plan Emprego Municipal, dotación 1, no Servizo Desenvolvemento Local e Emprego (108); vinculado á praza Técnico/a Sup- Coordinador/a Plan Emprego Municipal (Enxeñeiro/a): Vacante en data de sinatura.”

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Réxime do persoal laboral; normativa de aplicación

-Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Artigo 91. “1. Las Corporaciones locales formarán públicamente su oferta de empleo, ajustándose a los criterios fijados en la normativa básica estatal.

2. La selección de todo el personal, sea funcionario o laboral, debe realizarse de acuerdo con la oferta de empleo público, mediante convocatoria pública y a través del sistema de concurso, oposición o concurso-oposición libre en los que se garanticen, en todo caso, los principios constitucionales de igualdad, mérito y capacidad, así como el de publicidad.

Artigo 103.”El personal laboral será seleccionado por la propia Corporación ateniéndose, en todo caso, a lo dispuesto en el artículo 91 y con el máximo respeto al principio de igualdad de oportunidades de cuantos reúnan los requisitos exigidos.

-Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei del Estatuto Básico do Empregado Público:

O seu artigo 7 establece que:

“El personal laboral al servicio de las Administraciones públicas se rige, además de por la legislación laboral y por las demás normas convencionalmente aplicables, por los preceptos de este Estatuto que así lo dispongan.

No obstante, en materia de permisos de nacimiento, adopción, del progenitor diferente de la madre biológica y lactancia, el personal laboral al servicio de las Administraciones públicas se registrará por lo previsto en el presente Estatuto, no siendo de aplicación a este personal, por tanto, las previsiones del texto refundido de la Ley del Estatuto de los Trabajadores sobre las suspensiones de los contratos de trabajo que, en su caso, corresponderían por los mismos supuestos de hecho.”

Á súa vez, o artigo 11 dispón que:

“1. Es personal laboral el que en virtud de contrato de trabajo formalizado por escrito, en cualquiera de las modalidades de contratación de personal previstas en la legislación laboral, presta servicios retribuidos por las Administraciones Públicas. En función de la duración del contrato éste podrá ser fijo, por tiempo indefinido o temporal.

2. Las leyes de Función Pública que se dicten en desarrollo de este Estatuto establecerán los criterios para la determinación de los puestos de trabajo que pueden ser desempeñados por personal laboral, respetando en todo caso lo establecido en el artículo 9.2.

3. Los procedimientos de selección del personal laboral serán públicos, rigiéndose en todo caso por los principios de igualdad, mérito y capacidad. En el caso del personal laboral temporal se regirá igualmente por el principio de celeridad, teniendo por finalidad atender razones expresamente justificadas de necesidad y urgencia.”

-Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.

-Artigo 63. “La condición de personal laboral se adquiere por la firma del contrato de trabajo, previa acreditación de que se reúnen los requisitos y condiciones exigidos y, en su caso, de la superación del correspondiente proceso selectivo”.

-Convenio das condicións económicas e sociais dos traballadores ao servizo do Concello de Vigo.

No seu artigo 20, sobre a estrutura das retribucións do persoal municipal, establece que, en canto ao persoal laboral, estableceranse en función da titulación de equiparación e serán as mesmas cas do persoal funcionario da súa categoría en antigüidade.

-Ceses previos como persoal laboral temporal ou laboral indefinido non fixo para poderen ser contratados como persoal laboral fixo.

Das persoas propostas polo órgano de selección para a súa contratación como persoal laboral fixo, equiparados ao subgrupo A1 de titulación, constan que están presentado servizos actualmente nesta administración, as seguintes:

F. CARBALLO VILLAR, (DNI: ***8042**) como persoal laboral temporal.

A. ACUÑA RODRÍGUEZ (DNI: ***9465**) como persoal laboral temporal.

-L.A. RIOBÓ VEIGA, (DNI ***3678**)- como persoal laboral indefinido non fixo declarado por sentenza xudicial.

-E.M. MAGADÁN MOMPO, (DNI ***9818**)- como persoal laboral indefinido non fixo declarado por sentenza xudicial.

-B. ESTÉVEZ RODRÍGUEZ, (DNI ***0443**)- como persoal laboral indefinido non fixo declarado por s sentenza xudicial.

-C. JUNCAL GIL, (DNI: ***9241**)- como persoal laboral indefinido non fixo declarado por sentenza xudicial.

-A.M MOURIZ MARTÍNEZ, (DNI: ***9676**)- como persoal laboral indefinido non fixo declarado por sentenza xudicial.

Para levar a cabo a súa contratación no seu novo réxime laboral, os interesados deberán cesar previamente da situación temporal actual, ceses que xerarán os seus efectos dende o día inmediatamente anterior a que firmen os respectivos contratos como laborais fixos.

II.- Sometemento a fiscalización previa e preceptiva

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; concretamente, o artigo 214, que contempla que:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1862/1102

“1. La función interventora tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las entidades locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de derechos y obligaciones o gastos de contenido económico, los ingresos y pagos que de aquéllos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación, en general, de los caudales públicos administrados, con el fin de que la gestión se ajuste a las disposiciones aplicables en cada caso.

2. El ejercicio de la expresada función comprenderá:

- a) La intervención crítica o previa de todo acto, documento o expediente susceptible de producir derechos u obligaciones de contenido económico o movimiento de fondos de valores.*
- b) La intervención formal de la ordenación del pago.*
- c) La intervención material del pago.*
- d) La intervención y comprobación material de las inversiones y de la aplicación de las subvenciones.”*

III. - Órgano municipal competente.

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e da xestión económica do mesmo contemplado no artigo 127, letras g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, resulta competente a Xunta de Goberno Local para a aprobación do presente expediente.

Adicionalmente, resulta preceptiva a previa conformidade da Concellería da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal (resolución da Alcaldía de data 28/06/2024 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 28/06/2024).

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO.- Cesar como persoal laboral temporal da praza de Director/a de Réxime Interior–ZOO a F. CARBALLO VILLAR, (DNI: ***8042**), e da praza de veterinario/a-ZOO a A. ACUÑA RODRÍGUEZ (DNI: ***9465**), toda vez que as prazas que ocupan actualmente foron executadas na respectiva oferta de emprego público de estabilización do Concello de Vigo, e os respectivos nomeamentos como persoal laboral fixo serán realizados conforme ao apartado TERCEIRO do presente acordo.

SEGUNDO.- Cesar como persoal laboral indefinido non fixo a L.A. RIOBÓ VEIGA, (DNI ***3678**) E.M. MAGADÁN MOMPO, (DNI ***9818**), B. ESTÉVEZ RODRÍGUEZ, C. JUNCAL GIL, (DNI: ***9241**), A.M MOURIZ MARTÍNEZ, (DNI: ***9676**) toda vez que superaron o proceso de estabilización de emprego temporal do Concello de Vigo, e os respectivos nomeamentos para a contratación como persoal laboral fixo serán realizados conforme ao disposto no apartado seguinte do presente acordo.

TERCEIRO.- Contratar como persoal municipal en réxime laboral fixo, equiparados ao subgrupo A1 de titulación e con cargo a diversas prazas que foron convocadas en execución da Oferta de Emprego Público de Estabilización do Concello de Vigo, a:

*-F. CARBALLO VILLAR, (DNI: ***8042**)- na praza de Director/a de Réxime Interior–ZOO.*

*-A. ACUÑA RODRÍGUEZ, (DNI: ***9465**), na praza de Veterinario/a-ZOO.*

*-B. RIOBÓ AGULLA, (DNI: ***4261**)- na praza de Técnico/a Departamento Música Tradicional–EMAO.*

*-L.A. RIOBÓ VEIGA, (DNI ***3678**)- na praza de Licenciado/a en Dereito.*

*-E.M. MAGADÁN MOMPO, (DNI ***9818**)- na praza de Licenciado/a Ciencias do Traballo.
-B. ESTÉVEZ RODRÍGUEZ, (DNI ***0443**)- na praza de Licenciado/a Psicología.
-C. JUNCAL GIL, (DNI: ***9241**)- na praza de Técnico/a. Sup.-Director/a (Licdo. Filosofía, Ciencias Educación e Pedagogía)
-A.M MOURIZ MARTÍNEZ, (DNI: ***9676**)- na praza de Técnico/a Sup- Coordinador/a Plan Emprego Municipal (Enxeñeira).-*

De conformidade co previsto nas Bases Xerais da convocatoria, en particular na Base Décimo Cuarta 3, notificaráselles aos/ás interesados/as para que subscriban os seus contratos laborais fixos no prazo dun mes, contado dende o día seguinte á notificación do nomeamento.

O ceses acordados nos apartados PRIMEIRO e SEGUNDO do presente acordo, xerarán os seus efectos dende o día inmediatamente anterior ao que teña lugar a contratación dos interesados como persoal laboral fixo.

CUARTO.- Notificar o presente acordo ás persoas interesadas, á Intervención Xeral Municipal, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e ao Comité de Empresa, aos efectos procedentes.

QUINTO.- Informar que contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente ante a xurisdición social.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(176).- PROPOSTA DE NOMEAMENTO DE PERSOAL FUNCIONARIO CON CARGO A PRAZAS CORRESPONDENTES AO PROCESO DE CONCURSO-OPOSICIÓN: OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DE ESTABILIZACIÓN. EXPTE. 46108/220.

Visto o informe de fiscalización do 03/03/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 24/02/2025, asinado polo técnico de administración xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e conformado pola concelleira-delegada e a concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

I.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de data 31/05/2022, acordou aprobar a oferta de emprego público de estabilización do emprego temporal do Concello de Vigo, en cumprimento das obrigas contempladas na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade nas Administracións Públicas, consonte aos informes emitidos no expediente nº 39.998/220 (Publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPP) de data 31/05/2022 e no Diario Oficial de Galicia (DOG) de data 08/06/2022).



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1862/1102

A convocatoria e bases xerais dos referidos procesos selectivos, foron aprobadas en sesión de Xunta de Goberno Local de data 23/12/2022 (BOPPO de data 30/12/2022) e as bases específicas dos procesos selectivos das prazas ofertadas polo sistema selectivo de concurso-oposición foron aprobadas polo mesmo órgano por acordo de data 08/06/2023 (BOPP de data 14/07/2023), entre as que se atopaban as seguintes prazas de persoal funcionario do grupo C, subgrupo C2:

- 1 praza Auxliar de Administración Xeral.
- 2 prazas de Oficial de Instalacións Municipais.

II.- En sesión de data 23/12/2024, segundo consta en acta incorporada ao expediente, o órgano de selección designado para o proceso selectivo acordou:

-Declarar que a aspirante que superou o proceso selectivo para a provisión en propiedade dunha praza, enmarcada no Grupo C de titulación, Subgrupo C2, escala de administración xeral, de funcionario de carreira como auxiliar de administración xeral, correspondentes á oferta de emprego público de estabilización de emprego temporal: sistema selectivo de concurso oposición (bases xerais publicadas no BOPPO 30/12/2022 e específicas no BOPPO 14/07/2023), é:

*-VILA RODRÍGUEZ A. (DNI ***7993**).*

-Declarar que os aspirantes que superaron o proceso selectivo para a provisión en propiedade de dúas prazas, enmarcadas no Grupo C de titulación, Subgrupo C2, escala de administración especial, de funcionarios de carreira como oficial de instalacións, correspondentes á oferta de emprego público de estabilización de emprego temporal: sistema selectivo de concurso oposición (bases xerais publicadas no BOPPO 30/12/2022 e específicas no BOPPO 14/07/2023), son:

*PÉREZ CRUCES R. (DNI ***6224**).*

*GARCIA VELOSO C. (DNI ***5088**).*

-Na mesma proposta inclúese aprobar de conformidade coa base 15ª das Bases Xerais (BOPPO de data 30/12/2022) o listado do persoal que podería ser incluída na formación das bolsas de emprego das distintas prazas que foron executadas no mesmo proceso selectivo, e que serán obxecto de outro procedemento administrativo:

“Os candidatos/as que non obteñan unha das prazas convocadas, formarán parte dunha bolsa de emprego, de conformidade co establecido na disposición adicional cuarta da Lei 20/2021, para os efectos de seren nomeados ou contratados/as como persoal funcionario interino ou laboral temporal respectivamente, nos termos do establecido nos criterios de xestión das listas de reserva do Concello vixentes e normativa de concordante aplicación. Nestas bolsas integranse aqueles candidatos que, participando no proceso selectivo correspondente.”

III.- A publicación do anuncio foi realizada na páxina web municipal en data 23/12/2024.

IV.- Consta no trámite 19 do expediente, verificación administrativa sobre a documentación presentada polo persoal proposto, conforme ao exixido nas bases do procedemento ou por figurar xa en en poder da administración ao tratarse de persoal de alta no Concello de Vigo na data de sinatura.

V.- Do persoal proposto polo órgano de selección consta que, VILA RODRÍGUEZ A. (DNI ***7993**) presta actualmente nesta administración servizos en réxime de interinidade nunha

praza de Auxiliar de administración xeral, e PÉREZ CRUCES, R. (DNI ***6224**), como persoal interino nunha praza de Oficial coidador, mantemento, vixilancia e control ZOO, polo que se acordarán os seus ceses con carácter previo para o seu posterior nomeamento como persoal funcionario.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Réxime do persoal funcionario; normativa de aplicación

O Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP).

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

- O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:
“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”
- O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que *“el procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”*

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

“FD CUARTO.- (...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.” A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** establece que:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1862/1102

“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concreto en torno al 149.1.18ª de la Constitución.”

II.- Consideracións sobre o nomeamento de funcionarios de carreira en atención ao marco normativo vixente.

O artigo 9 do citado TREBEP contempla expresamente que *“son funcionarios de carrera quienes, en virtud de nombramiento legal, están vinculados a una Administración Pública por una relación estatutaria regulada por el Derecho Administrativo para el desempeño de servicios profesionales retribuidos de carácter permanente”, estableciendo que “en todo caso, el ejercicio de las funciones que impliquen la participación directa o indirecta en el ejercicio de las potestades públicas o en la salvaguardia de los intereses generales del Estado y de las Administraciones Públicas corresponden exclusivamente a los funcionarios públicos, en los términos que en la ley de desarrollo de cada Administración Pública se establezca.”*

Respecto da adquisición de tal condición, é no artigo 62 da mesma norma onde se contempla que:

“1. La condición de funcionario de carrera se adquiere por el cumplimiento sucesivo de los siguientes requisitos:

- a) Superación del proceso selectivo.
- b) Nombramiento por el órgano o autoridad competente, que será publicado en el Diario Oficial correspondiente.
- c) Acto de acatamiento de la Constitución y, en su caso, del Estatuto de Autonomía correspondiente y del resto del Ordenamiento Jurídico.
- d) Toma de posesión dentro del plazo que se establezca.

2. A efectos de lo dispuesto en el apartado 1.b) anterior, no podrán ser funcionarios y quedarán sin efecto las actuaciones relativas a quienes no acrediten, una vez superado el proceso selectivo, que reúnen los requisitos y condiciones exigidos en la convocatoria.”

III.- Observacións respecto da xornada e horario.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase segundo establece a xefatura da área ou servizo de destino, consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos e do servizo aos intereses xerais, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, dacordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes en canto non contraveña o marco normativo vixente e o disposto na Resolución de 28 de febreiro de 2019, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se ditan Instrucións sobre a xornada e horarios de traballo, de aplicación ás entidades locais («BOE» núm. 52, de 01/03/2019) actualmente en vigor, debendo considerar as peculiaridades que na prestación do servizo se deriven en cada caso.

IV.- Sometemento a fiscalización previa e preceptiva

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; concretamente, o artigo 214, que contempla que:

“1. La función interventora tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las entidades locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de derechos y obligaciones o gastos de contenido económico, los ingresos y pagos que de aquéllos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación, en general, de los caudales públicos administrados, con el fin de que la gestión se ajuste a las disposiciones aplicables en cada caso.

2. El ejercicio de la expresada función comprenderá:

- a) La intervención crítica o previa de todo acto, documento o expediente susceptible de producir derechos u obligaciones de contenido económico o movimiento de fondos de valores.*
- b) La intervención formal de la ordenación del pago.*
- c) La intervención material del pago.*
- d) La intervención y comprobación material de las inversiones y de la aplicación de las subvenciones.”*

III. - Órgano municipal competente.

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e da xestión económica do mesmo contemplado no artigo 127, letras g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, resulta competente a Xunta de Goberno Local para a aprobación do presente expediente.

Adicionalmente, resulta preceptiva a previa conformidade da Concellería da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal (resolución da Alcaldía de data 28/06/2024 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 28/06/2024).

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO.- Cesar como persoal interino a VILA RODRÍGUEZ A. (DNI ***7993**) na praza de Auxiliar de administración xeral (subgrupo C2), e a PÉREZ CRUCES, R. (DNI ***6224**), na praza que actualmente ocupa de Oficial coidador, mantemento, vixilancia e control ZOO (equiparada ao subgrupo C2 de titulación), toda vez que se procederá aos seus respectivos nomeamentos como persoal funcionario de carreira, nos termos do apartado seguinte do presente acordo.

SEGUNDO.- Nomear como persoal funcionario de carreira, co cargo a diversas prazas que foron convocadas polo sistema de concurso-oposición, en execución da Oferta de estabilización do emprego temporal do Concello de Vigo, a:

*- VILA RODRÍGUEZ A. (DNI ***7993**) na praza de Auxiliar de Administración Xeral, Grupo C, subgrupo C2, (escala administración xeral; subescala, auxiliar).*

*-PÉREZ CRUCES, R. (DNI ***6224**) na praza de Oficial Instalacións Municipais, grupo C, subgrupo C2 (escala administración especial).*



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1862/1102

*-GARCÍA VELOSO C. (DNI ***5088**) na praza de Oficial Instalacións Municipais, grupo C, subgrupo C2 (escala administración especial).*

A toma de posesión do persoal nomeado efectuarase dentro do prazo máximo de un mes a partir da publicación dos nomeamentos no Diario Oficial de Galicia.

O ceses acordados nos apartados primeiro do presente acordo, xerarán os seus efectos dende o día inmediatamente anterior ao que teña lugar a toma de posesión das interesadas como funcionarias de carreira.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo ás persoas interesadas, á Intervención Xeral Municipal, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e a Xunta de Persoal, aos efectos procedentes.

CUARTO.- Informar que contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(177).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA MEDIANTE CONVENIO COA FUNDACIÓN CARLOS CASARES PARA O FINANCIAMENTO DA ORGANIZACIÓN DO SEU PROGRAMA DE ACTIVIDADES NO ANO 2025. EXPTE. 5960/330.

Visto o informe xurídico do 13/02/2025 e o informe de fiscalización do 05/03/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 12/02/2025, asinado pola técnica media de actividades culturais e educativas e o xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, e conformado pola concelleira da Área de Goberno e concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data de entrada na sede electrónica municipal o 1 de febreiro do 2025, a “Fundación Carlos Casares” presenta escrito de solicitude de subvención para a organización do seu programa de actividades na cidade de Vigo no ano 2025; por este motivo, por parte da xefatura do servizo de xestión e promoción cultural iniciouse o expediente de subvención correspondente para asinar un convenio con esta entidade que a regule, polo importe de 6.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.07 do orzamento municipal vixente.

ANTECEDENTES.-

A **FUNDACIÓN CARLOS CASARES** é unha entidade sen ánimo de lucro fundada o 15 de xullo de 2002 por iniciativa da familia e amigos do escritor e que xorde coa pretensión de constituír unha instancia para a reflexión sobre a sociedade e a cultura, na que vivimos, e co propósito de se manter sempre ao servizo de Galicia e dunha convivencia democrática baseada no pluralismo, o debate libre e o diálogo aberto co mundo.

A **FUNDACIÓN CARLOS CASARES** vai desenvolver unha serie de actividades con especial enfoque na figura do escritor, referencia indispensable da cultura e lingua galegas no último terzo do século XX, e co propósito de dar a coñecer ás novas xeracións a súa figura, dunha forma amena e didáctica, aproveitando a súa paixón polo coleccionismo, a literatura, a lingua, a fotografía e cine, as novas tecnoloxías, etc. Tamén, con especial referencia, á súa relación con Vigo dende os ámbitos docente ou de editor literario.

PROGRAMACIÓN:

1) V XORNADAS “VIDEOXOGO E LITERATURA. UNHA MIRADA TRANSVERSAL”

Data: Do 7 ao 9 de outubro de 2025, en horarios de mañá e de tarde.

Lugar: Museo MARCO de Vigo.

Descrición: Na procura dos novos límites “transmedia”, analizarase o sector relacionado coa industria creativa do videoxogo con diversos puntos de vista: guión, música, ilustración, tradución, xestión empresarial, asociacionismo, educación, novos creadores, vínculos cos sectores literario, audiovisual...

Haberá, como o ano pasado, obradoiros e master class especializadas, así como o espazo chamado de acceso público “A desconferencia”, onde calquera persoa interesada no tema poderá presentar o seu proxecto ou mostrar a súa opinión fundada mediante unha pequena charla ao redor de calquera faceta do sector.

A mirada transversal dos axentes implicados neste sector achegará aos asistentes, presenciais e virtuais, os puntos de contacto entre a literatura e o videoxogo en Galicia. Dentro da xornada presentárase un libro, xogo ou produto audiovisual de recente aparición ou en probas e, se fose posible, se preparará unha exposición encol da historia do videoxogo ou un taller sobre o mesmo tema.

2) APOIO A CENTROS DE ENSINO E OUTROS ESPAZOS DO CONCELLO DE VIGO

Datas: Durante o primeiro semestre e entre setembro e outubro (datas concretas por definir)

Lugar: Espazos concretos por definir.

Inauguración: Suxeito ao calendario dos cursos escolares

Descrición: A Fundación Carlos Casares oferta a distintas entidades (centros escolares, asociacións, entidades públicas, etc.) unha serie de servizos de apoio didáctico a partir dos recursos humanos dispoñibles na entidade. As peticións recibidas incide, sobre todo, no material documental e expositivo. Entre eles atópanse os seguintes:

-Exposición “Sorrisos por un mundo. O humor en Carlos Casares”. A exposición repasa o tratamento do humor perspectivas científicas (neuroloxía, fisioloxía...), históricas (a orixe do humor e o seu desenvolvemento nas distintas culturas), sociais (teorías, tipos de humor...)

e literarias (a historia do humor na literatura galega), así como un apartado especial para tratar o humor tanto na vida como na obra de Carlos Casares.

-Exposición “O Princiño ao redor do mundo” (mostra da colección de máis



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1862/1102

dun centenar de “Principiños” de Carlos Casares en máis de 60 linguas).

- **Exposición “Carlos Casares e a fotografía”** (colección de fotografías, cámaras e bibliografía sobre o tema).

- **“As caras dos libros”** (exposición sobre o a edición e deseño de cubertas a través da obra de Carlos Casares e da literatura infantil e xuvenil).

- **Outras mostras menores (“Casares e o cine”, “Carlos Casares e as viaxes da fala”...).**

- **Outras actividades, como conferencias, faladoiros, paseo e ruta**

A memoria económica, presentada pola FUNDACIÓN, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 11.600 € (once mil seiscentos euros), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 6.000 €
- Cotas dos Amigos da Fundación 2.200 €
- Deputación de Pontevedra 3.400 €

DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Solicitud
- Proxecto e orzamento da actividade
- Estatutos da Entidade e capacidade do representante legal
- NIF do presidente
- CIF da entidade
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Póliza do seguro de responsabilidade civil e recibo do pagamento correspondente.
- Escrito de aceptación do texto do convenio presentado na sede electrónica do Concello o 12.02.2025

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á “Fundación Carlos Casares” para a organización do seu programa de actividades na cidade de Vigo no ano 2025, obxecto deste convenio, rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Lex 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

O Plan Estratéxico de Subvencións para o período 2024-2026 aprobouse por acordo da Xunta de Goberno Local do 08.03.2024, rectificación de erros do 15.03.2024, e publicouse

no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á Fundación Carlos Casares para a organización do programa de actividades 2025, se axusta as directrices, obxectivos estratéxicos e plans de acción sinalados no anexo do Plan estratéxico de Subvencións 2024-2026 do Concello de Vigo para a Área de Cultura, no que se refire ás subvencións nominativas para o financiamento das actividades socioculturais.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa á “Fundación Carlos Casares” deberá axustarse ao previsto no art. 22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no orzamento do Concello de Vigo do 2025, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade coa actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza coa oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrência para o seu outorgamento.

De acordo co previsto no art. 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente; polo que se inclúe o correspondente proxecto de convenio na proposta de resolución.

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde as materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo á “Fundación Carlos Casares” ten como obxecto financiar a organización do seu programa de actividades na cidade de Vigo no ano 2025, figurando na aplicación **3340.480.00.07** do orzamento municipal vixente a concesión dunha subvención nominativa por importe de 6.000 €, a favor da devandita entidade.

Considerarase como gasto subvencionable os realizados no ano 2025 que se xustifiquen coa correspondente factura con anterioridade a finalización do período de xustificación, por tratarse a perceptora da subvención dunha entidade sen fin lucrativo e en consideración a que o importe da subvención constitúe unha das formas de financiamento para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención e ademais non se contempla a realización de pagos a conta ou anticipados.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1862/1102

A subvención do Concello de Vigo á “ Fundación Carlos Casares” é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

CONDICIÓNS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan no texto de proposta de convenio.

Coa conformidade da concelleira da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade, e do concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, tras os informes xurídico e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa da subvención de 6.000 € (seis mil euros) á Fundación Carlos Casares, CIF: G-36907244 para a organización do seu programa de actividades na cidade de Vigo no ano 2025, e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.07 “ Fundación Carlos Casares.Programa de Actividades”, que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.

SEGUNDO.- Que se aprobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e a Fundación Carlos Casares que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento do seu programa de actividades na cidade de Vigo no ano 2025.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A “FUNDACIÓN CARLOS CASARES”, PARA O FINANCIAMENTO DO SEU PROGRAMA DE ACTIVIDADES NA CIDADE DE VIGO NO ANO 2025

En Vigo, na data da sinatura dixital

REÚNENSE

A Concellería de Cultura (en adiante CONCELLERÍA), e no seu nome e representación, Dona María del Carmen Silva Rego, en virtude do seu cargo de concelleira delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade do Concello de Vigo (CIF P3605700H), cargo para o que foi nomeada polo decreto da alcaldía do 28 de xuño do 2023, modificado por resolución do 28 de xuño do 2024 e resolución de delegación do alcalde de competencias xenéricas e específicas do 28 de xuño do 2024.

Doutra, D. Gustavo Adolfo Garrido García, na súa condición de secretario da Fundación Carlos Casares (CIF: G-36907244) (en adiante a ENTIDADE), con enderezo social na rúa Oporto, 1, CP 36201, da cidade de Vigo, actuando en nome e representación da devandita entidade, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos e acordo da Comisión Executiva da Fundación Carlos Casares do 18 de xaneiro do 2023 .

E, actuando dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, dando fe deste acto.

Ámbalas dúas partes teñen plena capacidade para asinar este convenio e,

MANIFESTAN

*I.-Que a **FUNDACIÓN CARLOS CASARES** é unha entidade sen ánimo de lucro fundada o 15 de xullo de 2002 por iniciativa da familia e amigos do escritor e que xorde coa pretensión de constituír unha instancia para a reflexión sobre a sociedade e a cultura, na que vivimos, e co propósito de se manter sempre ao servizo de Galicia e dunha convivencia democrática baseada no pluralismo, o debate libre e o diálogo aberto co mundo.*

*A **FUNDACIÓN CARLOS CASARES** vai desenvolver unha serie de actividades con especial enfoque na figura do escritor, referencia indispensable da cultura e lingua galegas no último terzo do século XX, e co propósito de dar a coñecer ás novas xeracións a súa figura, dunha forma amena e didáctica, aproveitando a súa paixón polo coleccionismo, a literatura, a lingua, a fotografía e cine, as novas tecnoloxías, etc. Tamén, con especial referencia, á súa relación con Vigo dende os ámbitos docente ou de editor literario.*

*II.- Que o Concello de Vigo, coñecedor das ditas actividades e accións e no exercicio da súa competencia propia de promoción da cultura, que lle recoñece o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na vixente redacción, dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, desexa promover e colaborar economicamente na execución da programación da "**FUNDACIÓN CARLOS CASARES**", como medio que é de promover e dinamizar a cultura e lingua galega na cidade.*

*III.- Que con esta finalidade o vixente Orzamento Xeral do Concello de Vigo inclúe na aplicación orzamentaria 3340.480.00.07, como subvención nominativa, a favor da "**FUNDACIÓN CARLOS CASARES. PROGRAMA DE ACTIVIDADES**" a cantidade de 6.000 euros.*

*IV.- Que a **FUNDACIÓN CARLOS CASARES** non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ten débedas pendentes co Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo arriba citado.*

V.- De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26,1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións, polo que as partes acordan asinar o presente convenio de colaboración para regular os termos da súa concesión, que ten como obxecto a organización de devandito programa.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1862/1102

De conformidade coas anteditas consideracións e dado o interese común das partes asinantes, e co fin de acadar unha maior eficacia na execución das actuacións, é polo que asinan este convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

A través deste convenio, establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a CONCELLERÍA e maila ENTIDADE para desenvolver o seu programa de actividades na cidade de Vigo durante o exercicio 2025, que se detalla na documentación achegada pola entidade neste expediente de aprobación do convenio.

SEGUNDA.- ORZAMENTO E FINANCIAMENTO

A memoria económica que se achega a este convenio, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 11.600 € (once mil seiscentos euros), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 6.000 €
- Cotas dos Amigos da Fundación 2.200 €
- Deputación de Pontevedra 3.400 €

TERCEIRA.- DATAS E LUGARES DO PROGRAMA

1) V XORNADAS “VIDEOXOGO E LITERATURA. UNHA MIRADA TRANSVERSAL”

Data: Do 7 ao 9 de outubro en horarios de mañá e de tarde.

Lugar: Museo MARCO de Vigo.

Descrición: Na procura dos novos límites “transmedia”, analizarase o sector relacionado coa industria creativa do videoxogo con diversos puntos de vista: guión, música, ilustración, tradución, xestión empresarial, asociacionismo, educación, novos creadores, vínculos cos sectores literario, audiovisual...

Haberá, como o ano pasado, obradoiros e master class especializadas, así como o espazo chamado de acceso público “A desconferencia”, onde calquera persoa interesada no tema poderá presentar o seu proxecto ou mostrar a súa opinión fundada mediante unha pequena charla ao redor de calquera faceta do sector.

A mirada transversal dos axentes implicados neste sector achegará aos asistentes, presenciais e virtuais, os puntos de contacto entre a literatura e o videoxogo en Galicia.

Dentro da xornada presentarase un libro, xogo ou produto audiovisual de recente aparición ou en probas e, se fose posible, se preparará unha exposición encol da historia do videoxogo ou un taller sobre o mesmo tema.

2) APOIO A CENTROS DE ENSINO E OUTROS ESPAZOS DO CONCELLO DE VIGO

Datas: Durante o primeiro semestre e entre setembro e outubro (datas concretas por definir)

Lugar: Espazos concretos por definir.

Inauguración: Suxeito ao calendario dos cursos escolares

Descrición: A Fundación Carlos Casares oferta a distintas entidades (centros escolares, asociacións, entidades públicas, etc.) unha serie de servizos de apoio didáctico a partir dos recursos humanos dispoñibles na entidade. As peticións recibidas incide, sobre todo, no material documental e expositivo. Entre eles atópanse os seguintes:

-Exposición “Sorrisos por un mundo. O humor en Carlos Casares”. A exposición repasa o tratamento do humor perspectivas científicas (neuroloxía, fisioloxía...), históricas (a orixe do humor e o seu desenvolvemento nas distintas culturas), sociais (teorías, tipos de humor...)

e literarias (a historia do humor na literatura galega), así como un apartado especial para tratar o humor tanto na vida como na obra de Carlos Casares.

-Exposición “O Principiño ao redor do mundo” (mostra da colección de máis dun centenar de “Principiños” de Carlos Casares en máis de 60 linguas).

- Exposición “Carlos Casares e a fotografía” (colección de fotografías, cámaras e bibliografía sobre o tema).

- “As caras dos libros” (exposición sobre o a edición e deseño de cubertas a través da obra de Carlos Casares e da literatura infantil e xuvenil).

- Outras mostras menores (“Casares e o cine”, “Carlos Casares e as viaxes da fala”...).

- Outras actividades, como conferencias, faladoiros, paseo e ruta

CUARTA.- OBRIGAS DA ENTIDADE . MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

- Organizar as actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ENTIDADE, actuando como interlocutor único ante a CONCELLERÍA D. Gustavo Adolfo Garrido García, secretario da entidade.
- Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de ser o caso, os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1862/1102

- Cumprir o programa obxecto da subvención, de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, aluguer e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).
- Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.
- Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo na forma que se detalla na cláusula sétima, e comunicar as accións de difusión nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.
- Facilitar á CONCELLERÍA a información necesaria para a difusión do programa a través das canles oficiais.
- Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).

- A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.
- Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento. Neste sentido o representante da entidade presenta unha declaración xurada na que se compromete a presentar no mes de marzo o recibo de pagamento do seguro de responsabilidade civil correspondente ao ano en curso.

QUINTA.- OBRIGAS DA CONCELLERÍA. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

1. Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas neste convenio.

2. Xestionar o pagamento do importe da subvención (6.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUIMIENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA

Para o bo desenvolvemento do programa obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta, integrada polos representantes de cada unha das institucións convenientes, ou persoa na que deleguen, aos que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio.

O centro xestor da subvención á ENTIDADE é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen se informará sobre o desenvolvemento do programa, e comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA

Calquera que sexa o medio de difusión, a ENTIDADE adoitará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo Concello de Vigo, as súas actividades e funcionamento; incorporando os anagrama-logotipo do Concello de Vigo, ademais das lendas indicadas pola Área de Cultura, en particular, no material gráfico editado, na páxina web, nas presentacións públicas, actividades, soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo coa CONCELLERÍA.

Si no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa CONCELLERÍA a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado á Área de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias da ENTIDADE, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado disporá dos depósitos legais correspondentes.

Así mesmo, a ENTIDADE entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación dende a CONCELLERÍA.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1862/1102

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa CONCELLERÍA.

A ENTIDADE comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que fagan visible a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

A ENTIDADE facilitará á Area de Cultura, coa antelación suficiente, toda a información sobre o programa nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais

Lingua de difusión e publicacións:

De acordo co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa CONCELLERÍA para que os elementos sexan subvencionables.

OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

O CONCELLO xestionará o pagamento á ENTIDADE polo importe da subvención outorgada ou resultante, logo da realización das actividades previstas no obxecto deste convenio e entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

A xustificación deberá facerse coa presentación na sede electrónica das facturas correspondentes ao gasto do proxecto ou actividade ademáis deberá achegar un balance que abranca a totalidade do gasto ou unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que obxecto da subvención executouse na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención que regula o presente convenio e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunica-

ción utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitud de pagamento da subvención tralo remate das actividades e, en todo caso, como límite o 10 de novembro do 2025.
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
 1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
 2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
 3. Memoria de prensa.
 4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
 5. Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
- Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

Gastos subvencionables:

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados no ano 2025 e **que teñan como data límite dous meses posteriores a última das actividades financiadas** e que se xustifiquen coa correspondente factura con anterioridade a finalización do período de xustificación, por tratarse a perceptora da subvención dunha entidade sen fin lucrativo e en consideración a que o importe da subvención constitúe unha das formas de financiamento para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención e ademais non se contempla a realización de pagos a conta ou anticipados.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1862/1102

Consideraranse gastos subvencionables, aqueles que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.

De conformidade co disposto no artigo 31.3 da Lei 38/2003 do 17 de novembro Xeral de Subvencións, **cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas para o contrato menor (máis de 15.000 euros nos contratos de prestación do servizo) o beneficiario solicitará como mínimo tres ofertas de diferentes provedores**, con carácter previo á prestación do servizo salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren ou que o gasto realizárase con anterioridade á subvención. **A elección entre as ofertas presentadas deberá achegarse na xustificación** ou no seu caso na solicitude de subvención que se realizará consonte aos criterios de eficiencia e economía **debendo xustificarse expresamente na memoria a elección cando non recaída na proposta económica máis favorable.**

Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á ENTIDADE é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ENTIDADE para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura.

Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMA.- INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarallo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

DÉCIMO PRIMEIRA.- REINTEGRO

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMO SEGUNDA.- INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

DÉCIMO CUARTA.- DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E TITULARIDADE DOS RESULTADOS

Os resultados froito deste convenio, tales como documentais, catálogos, estudos, e demais material obtido da realización das actividades programadas, serán de titularidade e de uso



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1862/1102

común da CONCELLERÍA e da ENTIDADE. Os resultados quedarán para futuras edicións e ámbalas dúas partes poderán utilizalo nun futuro indistintamente.

A CONCELLERÍA resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

DÉCIMO QUINTA.- PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA ASOCIACIÓN

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a ENTIDADE e os profesionais ao seu servizo que vaian desenvolver as actividades previstas, e o Concello de Vigo, de tal xeito que a este non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

DÉCIMO SEXTA.- VIXENCIA

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura até o 31 de decembro do 2025, e non será prorrogable.

DECIMO SÉTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS

Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

Por parte do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

DÉCIMO OITAVA.-EXTINCIÓN DOS CONVENIOS

De conformidade co artigo 51 de la Ley 40/2015 de Réximen Xurídico do Sector Público o convenios se extinguen polos seguintes motivos:

1. Los convenios se extinguen por el cumplimiento de las actuaciones que constituyen su objeto o por incurrir en causa de resolución.
2. Son causas de resolución:
 - a) El transcurso del plazo de vigencia del convenio sin haberse acordado la prórroga del mismo.
 - b) El acuerdo unánime de todos los firmantes.

c) El incumplimiento de las obligaciones y compromisos asumidos por parte de alguno de los firmantes.

En este caso, cualquiera de las partes podrá notificar a la parte incumplidora un requerimiento para que cumpla en un determinado plazo con las obligaciones o compromisos que se consideran incumplidos. Este requerimiento será comunicado al responsable del mecanismo de seguimiento, vigilancia y control de la ejecución del convenio y a las demás partes firmantes.

Si trascurrido el plazo indicado en el requerimiento persistiera el incumplimiento, la parte que lo dirigió notificará a las partes firmantes la concurrencia de la causa de resolución y se entenderá resuelto el convenio. La resolución del convenio por esta causa podrá conllevar la indemnización de los perjuicios causados si así se hubiera previsto.

d) Por decisión judicial declaratoria de la nulidad del convenio.

e) Por cualquier otra causa distinta de las anteriores prevista en el convenio o en otras leyes.

DÉCIMO NOVENA.- LEXISLACIÓN APLICABLE

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

En proba de conformidade de canto antecede, asinan este documento de convenio no lugar e data arriba indicados.

ORZAMENTO 2025



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1862/1102

A) INGRESOS

- Subvención do Concello de Vigo	6.000 €
- Cotas dos Amigos da Fundación	2.200 €
- Deputación de Pontevedra (subvención solicitada)	3.400 €

TOTAL **11.600 €**

B) GASTOS

- XERAIS	
o Conferenciantes e coordinadores	2.600 €
o Comisariados e labores técnicos relacionados....	1.500 €
o Xestión de exposicións e deseño de elementos....	2.400 €
o Aluguer de servizos técnicos.....	4.500 €
o Gastos de representación e administrativos.....	600 €

TOTAL **11.600 €**

15(178).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA AO INSTITUTO DE ESTUDIOS VIGUESES PARA O FINANCIAMENTO DO PROGRAMA DAS ACTIVIDADES CULTURAIS DE INVESTIGACIÓN E DIVULGACIÓN DO ANO 2025. EXPTE. 5949/330.

Visto o informe xurídico do 24/02/2025, informe de fiscalización do 11/03/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 20/02/2025, asinado polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural e conformado polo concelleiro-delegado, a concelleira da Área de Goberno e concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Seguindo a solicitude da xefa de fiscalización (trámite 61 do expediente) para aclarar o aumento do importe da presente subvención nominativa respecto ao exercicio 2024, en relación ao Plan Estratégico de Subvencións (PES), procédese a emitir novo informe-proposta de concesión, segundo o seguinte:

Con data da sede electrónica municipal 25 de xaneiro do 2025, o Instituto de Estudos VigueSES presenta escrito de solicitude de subvención para a organización do programa de actividades culturais de investigación e divulgación do ano 2025; por este motivo, por parte

desta xefatura iniciase o expediente de subvención correspondente para asinar un convenio con esta entidade para regulala, polo importe de 50.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.01 do orzamento municipal vixente.

ANTECEDENTES.-

*O **INSTITUTO DE ESTUDIOS VIGUESES** é unha entidade sen ánimo de lucro encadrada na Confederación Española de Centros de Estudios Locais pertencente ao **Consejo Superior de Investigaciones Científicas (CSIC)**. Dende os seus inicios, a entidade afrontou o reto de poñer á disposición da cidadanía un completo abano de estudos rigorosos, resultado dunha labor de investigación nos diversos campos do saber. A súa actividade céntrase en dous eixos: publicacións e actividades divulgativas. As distintas materias obxecto de estudio estrutúranse nas seccións de Xeografía e Historia; Arqueoloxía e Etnoloxía; Toponimia, Filoloxía e Literatura; Arte; Arquitectura e Urbanismo; Economía; Filatelia; Numismática e Diplomática; Ciencias Xurídicas e Sociais; Ciencias Físico-Naturais; Turismo e Deporte.*

PROGRAMA

Edición de publicacións programadas no ano 2025:

- “El bar León y otras historias del barrio” de Fernando Ferreira Priegue
- Recursos cartográficos básicos de Vigo de Gonzalo Méndez
- Arquitectura relixiosa en Vigo no século XX de Marta Vilas
- Vigo, ciudad olívica de X. C. Abad e Evaristo Pereira
- Vigo na liña do tempo de Manuel Bragado
- “Paisajismo urbano en Vigo de la familia Turc” de Alicia López Rodríguez
- A Alameda de Vigo de VV AA
- “La necrópolis de la isla de Toralla: la primera arqueología de Vigo a través de la prensa escrita” de Pilar Barciela
- Boletín Glaucopis no 30, correspondente ó ano 2025

Tamén está previsto organizar o “**FORUM-25: VIGO: SINAIS DE IDENTIDADE**” que abrangue a seguinte programación (suxeito a posibles cambios):

1. Xoves 6 de febreiro: Presentación do FÓRUM.
Hora: 12.30. Lugar: Biblioteca da Escola de Artes e Oficios.
2. Xoves 20 de febreiro: Conferencia de Fernando Fernández Soto, naturalista e fotógrafo, sobre “As ameazas ós ecosistemas de Vigo e da súa contorna”. Explicaranse os sinais de identidade da contorna consideradas como ecosistemas facendo fincapé nas ameazas actuais a ditos ecosistemas. Presentación: Antonio Giráldez.
LUGAR: Biblioteca da Escola de Artes e Oficios. Hora: 19.30.
3. Mércores 19 de marzo: “Julio Verne e a música”. Concerto comentado a cargo do pianista e doutor en Música pola Universidade Politécnica de Valencia Alejo Amoedo e a mezzosoprano Nuria Lorenzo. Presentación: Antonio Giráldez.
LUGAR: Salón de actos do primeiro andar da Escola de Artes e Oficios. Hora: 19.30.
4. Xoves 3 de abril: Conferencia de Francisco García Fernández - historiador e técnico de desenvolvemento rural da Fundación Juana de Vega-, co título “A percepción das paisaxes e a noción discursiva do territorio de Vigo”. A paisaxe é produto da relación dinámica entre os seres humanos e o territorio. Presentación: Xosé Luis Mateo.
LUGAR: Biblioteca da Escola de Artes e Oficios. Hora: 19.30.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1862/1102

5. Martes 22 de abril: Conferencia de Juan Eloy Gelabert, catedrático de Historia Moderna da Universidade de Cantabria, co título “O retorno de Drake (1589)”. En 1589, Francis Drake penetrou na ría de Vigo en pleno enfrontamento entre España e Inglaterra. Abordarase o relato dos acontecementos que ofrece a documentación sobre o ataque do corsario inglés a Vigo nesa data. Presentación: Antonio Giráldez. LUGAR: Biblioteca da Escola de Artes e Oficios. Hora: 19.30.
6. Xoves 8 de maio: Conferencia a cargo de Manuel Santos-Estévez , arqueólogo e investigador do INCIPIT-CSIC, sobre o nome de Vigo co título “Cando Vigo entrou na historia. De Búrbida a Turonio”. Presentación: Carlos Núñez. LUGAR: Biblioteca da Escola de Artes e Oficios. Hora: 19.30.
7. Xoves 22 de maio: “O salón verde de Vigo”, paseo guiado pola Praza de Compostela, as esculturas e os xardíns a cargo de Mercedes Bangueses, catedrática de Historia e doutora en Historia da Arte. Hora: 19.30.
8. Xoves 12 de xuño: “O desenvolvemento urbanístico de Vigo visto dende o mar”. Paseo en barco pola ría de Vigo guiado polo doutor en Xeografía pola Universidade de Santiago e profesor titular da Universidade de Valencia Xosé Manuel Souto. Hora: 17.30.
9. Xoves 11 de setembro: “Redescubrir o noso patrimonio. Visita á igrexa de San Francisco e á Casa de Caridade” guiada por Xosé Luis Mateo. Lugar: Convento de San Francisco. Hora: 19.30.
10. Xoves 16 de outubro: Conferencia sobre “Innovación y sostenibilidad como pilares fundamentales para un sector mar-industria resiliente” impartida polo Director de Sostibilidade da empresa Profand Antonio Álvarez. Presentación: Antonio Vaamonde. LUGAR: Biblioteca da Escola de Artes e Oficios. Hora: 19.30.
11. Xoves 6 de novembro: Mesa redonda arredor do “Patrimonio industrial de Vigo e o patrimonio inmaterial das mulleres que traballan na extracción e transformación dos produtos do mar”. Presentación: Mariña López, directora do Museo da Conserva de ANFACO. Interven: Xoán Carmona, doutor en Economía e catedrático de Historia e Institucións Económicas da Universidade de Santiago de Compostela, e un representante da Asociación Beiramar da Xente. LUGAR: Biblioteca da Escola de Artes e Oficios. Hora: 19.30.

Así mesmo terá lugar a **celebración da Asemblea Nacional dos centros adscritos á CECEL-CSIC** que terá lugar en Vigo baixo a organización do Instituto de Estudos Vigueses.

A memoria económica que se achega ao convenio, presentada pola ASOCIACIÓN, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 50.000 € (cincuenta mil euros), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 50.000 €

DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Proxecto e orzamento da actividade
- Estatutos da Entidade e capacidade do representante legal
- NIF do presidente

- CIF da entidade
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Recibo de pagamento do seguro de responsabilidade civil
- Escrito de aceptación do texto do convenio presentado na sede electrónica o día 30 de xaneiro do 2025

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo ao “Instituto de Estudos Vigueses”, para a organización do programa de actividades culturais de investigación e divulgación do ano 2025, rexirase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen no convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

A subvención proposta atópase incluída no Plan Estratéxico de Subvencións (PES) para o período 2024-2026, aprobado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo na sesión ordinaria celebrada o 08.03.2024 (rectificación de erros do 15.03.2024). Se ven no citado PES se recolle un importe de 37.000,00 €, no presente exercicio está prevista nominativamente no orzamento municipal, aprobado definitivamente por acordo plenario de 23 de decembro de 2024, BOPPO núm. 250 do 27 de decembro de 2024, na aplicación 3340.480.00.01, cun importe, segundo a proposta, de 50.000,00 €.

O propio documento aprobado do PES estipula no capítulo VII-Ámbito Temporal o seguinte: *“Non será necesaria a modificación do PES nos supostos de modificación de liñas de subvención existentes cando a modificación consista na variación do importe asignado a unha subvención da liña, sempre que o resto dos compoñentes da mesma permanezan sen cambios, feito este que deberá quedar acreditado no expediente, por parte do centro xestor correspondente”.*

Dende esta xefatura acredítase que o incremento do importe da subvención nominativa prevista a favor do Instituto de Estudos Vigueses, CIF G-27767524, pasando dos 37.000 € previstos inicialmente no PES aos 50.000 € incluídos no orzamento municipal vixente para o exercicio 2025, trátase dunha mera variación do importe económico, sen que o resto de compoñentes da liña de subvención teñan variado. O programa subvencionado segue a ser o mesmo: a programación de actividades culturais de investigación e divulgación que organiza a entidade beneficiaria da subvención.

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo ao “Instituto de Estudos Vigueses”, para a organización do programa de actividades culturais de investigación e



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1862/1102

divulgación do ano 2025, se axusta as directrices, obxectivos estratéxicos e plans de acción sinalados no anexo do Plan estratéxico de Subvencións 2024-2026 do Concello de Vigo para a Área de Cultura, no que se refire ás subvencións nominativas para o financiamento de actividades socioculturais.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa ao “Instituto de Estudos Vigueses” deberá axustarse ao previsto no art. 22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no orzamento do Concello de Vigo do 2025, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade coa actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza coa oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrência para o seu outorgamento.

De acordo co previsto no art. 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente; polo que se inclúe o correspondente proxecto de convenio na proposta de resolución.

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo á “Instituto de Estudos Vigueses” ten como obxecto financiar a organización do programa de actividades culturais de investigación e divulgación do ano 2025, figurando na aplicación 3340.480.00.01 do orzamento municipal vixente a concesión dunha subvención nominativa por importe de 50.000 €, a favor da devandita entidade.

Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación, por tratarse a perceptora da subvención dunha entidade sen fin lucrativo e en consideración a que o importe da subvención constitúe unha das formas de financiamento para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención e ademais non se contempla a realización de pagos a conta ou anticipados.; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

GASTOS SUBVENCIONABLES:

Consideranse gastos subvencionables os realizados no ano 2025 e que teñan como data límite dous meses posteriores a última das actividades financiadas.

Consideraranse gastos subvencionables, aqueles que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

De conformidade co disposto no artigo 31.3 da Lei 38/2003 do 17 de novembro Xeral de Subvencións, **cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas para o contrato menor (máis de 15.000 euros nos contratos de prestación do servizo) o beneficiario solicitará como mínimo tres ofertas de diferentes provedores**, con carácter previo á prestación do servizo salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren ou que o gasto realizárase con anterioridade á subvención. **A elección entre as ofertas presentadas deberá achegarse na xustificación** ou no seu caso na solicitude de subvención que se realizará consonte aos criterios de eficiencia e economía **debendo xustificarse expresamente na memoria a elección cando non recaída na proposta económica máis favorable.**

A subvención do Concello de Vigo á “Instituto de Estudos Vigueses” é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

CONDICIÓN DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan no texto de proposta de convenio.

Coa conformidade do concelleiro-delegado de Cultura, da concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, tralos informes xurídico e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa da subvención de 50.000 € (cincuenta mil euros) ao Instituto de Estudos Vigueses, CIF: G-27767524, para o financiamento do programa de actividades culturais de investigación e divulgación do ano 2025, organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.01 “ INSTITUTO DE ESTUDIOS VIGUESES. PROGRAMA DE ACTIVIDADES ”, que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1862/1102

SEGUNDO.- Que se aprobe o texto do proxecto do convenio entre o Concello de Vigo e o "Instituto de Estudos Vigueses" que regula o outorgamento da subvención para o financiamento do programa de actividades culturais de investigación e divulgación do ano 2025

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O "INSTITUTO DE ESTUDIOS VIGUESES". PARA O FINANCIAMENTO DO PROGRAMA DAS ACTIVIDADES CULTURAIS DE INVESTIGACIÓN E DIVULGACIÓN DO ANO 2025

En Vigo, na data da sinatura dixital

REÚNENSE

A Concellería de Cultura (en adiante CONCELLERÍA), e no seu nome e representación, Dona María del Carmen Silva Rego, en virtude do seu cargo de concelleira delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade do Concello de Vigo (CIF P3605700H), cargo para o que foi nomeada polo decreto da alcaldía do 28 de xuño do 2023, modificado por resolución do 28 de xuño do 2024 e resolución de delegación do alcalde de competencias xenéricas e específicas do 28 de xuño do 2024.

Doutra, D. Xoán Carlos Abad Gallego, na súa condición de presidente do "Instituto de Estudos Vigueses" (CIF: G-27767524) (en adiante a ENTIDADE), con enderezo social na rúa Cánovas del Castillo, 2, 2º, CP 36202 da cidade de Vigo, actuando en nome e representación da devandita entidade, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos.

E, actuando dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria do Goberno Local, dando fe deste acto.

Ámbalas dúas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

MANIFESTAN

*1.-Que o **INSTITUTO DE ESTUDIOS VIGUESES** é unha entidade sen ánimo de lucro encaдрada na Confederación Española de Centros de Estudios Locais pertencente ao **Consejo Superior de Investigaciones Científicas (CSIC)**. Dende os seus inicios, a entidade afrontou o reto de poñer á disposición da cidadanía un completo abano de estudos rigorosos, resultado dunha labor de investigación nos diversos campos do saber. A súa actividade cén-*

trase en dous eixos: publicacións e actividades divulgativas. As distintas materias obxecto de estudio estrutúranse nas seccións de Xeografía e Historia; Arqueoloxía e Etnoloxía; Toponimia, Filoloxía e Literatura; Arte; Arquitectura e Urbanismo; Economía; Filatelia; Numismática e Diplomática; Ciencias Xurídicas e Sociais; Ciencias Físico-Naturais; Turismo e Deporte.

II.- Que o Concello de Vigo, coñecedor das ditas actividades e accións e no exercicio da súa competencia propia de promoción da cultura, que lle recoñece o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na vixente redacción, dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, desexa promover e colaborar economicamente na execución da programación da "**INSTITUTO DE ESTUDIOS VIGUESES**", como medio que é de promover a investigación e divulgación cultural na cidade.

III.- Que con esta finalidade o vixente Orzamento Xeral do Concello de Vigo inclúe na aplicación orzamentaria 3340.480.00.01, como subvención nominativa, a favor da **INSTITUTO DE ESTUDIOS VIGUESES, PROGRAMA DE ACTIVIDADES** a cantidade de 50.000 euros.

IV.- Que o **INSTITUTO DE ESTUDIOS VIGUESES** non está incurso na prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ten débedas pendentes co Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo arriba citado.

V.- De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26,1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións, polo que as partes acordan asinar o presente convenio de colaboración para regular os termos da súa concesión, que ten como obxecto a organización de devandito programa.

De conformidade coas anteditas consideracións e dado o interese común das partes asinantes, e co fin de acadar unha maior eficacia na execución das actuacións, é polo que asinan o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

A través de este convenio, establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a CONCELLERÍA e maila ENTIDADE para desenvolver o programa de actividades durante o exercicio 2025, que se detalla na documentación achegada pola entidade neste expediente de aprobación do convenio.

SEGUNDA.- ORZAMENTO E FINANCIAMENTO

A memoria económica que se achega a este convenio, achegada pola ASOCIACIÓN, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 50.000 € (cincuenta mil euros), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 50.000 €



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1862/1102

TERCEIRA.- DATAS E LUGARES DO PROGRAMA

Edición de publicacións programadas no ano 2025:

- “El bar León y otras historias del barrio” de Fernando Ferreira Priegue
- Recursos cartográficos básicos de Vigo de Gonzalo Méndez
- Arquitectura relixiosa en Vigo no século XX de Marta Vilas
- Vigo, ciudad olívica de X. C. Abad e Evaristo Pereira
- Vigo na liña do tempo de Manuel Bragado
- “Paisajismo urbano en Vigo de la familia Turc” de Alicia López Rodríguez
- A Alameda de Vigo de VV AA
- “La necrópolis de la isla de Toralla: la primera arqueología de Vigo a través de la prensa escrita” de Pilar Barciela
- Boletín Glaucopis no 30, correspondente ó ano 2025

Tamén está previsto organizar o **“FORUM-25: VIGO: SINAIS DE IDENTIDADE”** que abrangue a seguinte programación (suxeito a posibles cambios):

1. Xoves 6 de febreiro: Presentación do FÓRUM.
Hora: 12.30. Lugar: Biblioteca da Escola de Artes e Oficios.
2. Xoves 20 de febreiro: Conferencia de Fernando Fernández Soto, naturalista e fotógrafo, sobre “As ameazas ós ecosistemas de Vigo e da súa contorna”. Explicaranse os sinais de identidade da contorna consideradas como ecosistemas facendo fincapé nas ameazas actuais a ditos ecosistemas. Presentación: Antonio Giráldez.
LUGAR: Biblioteca da Escola de Artes e Oficios. Hora: 19.30.
3. Mércores 19 de marzo: “Julio Verne e a música”. Concerto comentado a cargo do pianista e doutor en Música pola Universidade Politécnica de Valencia Alejo Amoedo e a mezzosoprano Nuria Lorenzo. Presentación: Antonio Giráldez.
LUGAR: Salón de actos do primeiro andar da Escola de Artes e Oficios. Hora: 19.30.
4. Xoves 3 de abril: Conferencia de Francisco García Fernández - historiador e técnico de desenvolvemento rural da Fundación Juana de Vega-, co título “A percepción das paisaxes e a noción discursiva do territorio de Vigo”. A paisaxe é produto da relación dinámica entre os seres humanos e o territorio. Presentación: Xosé Luis Mateo.
LUGAR: Biblioteca da Escola de Artes e Oficios. Hora: 19.30.
5. Martes 22 de abril: Conferencia de Juan Eloy Gelabert, catedrático de Historia Moderna da Universidade de Cantabria, co título “O retorno de Drake (1589)”. En 1589, Francis Drake penetrou na ría de Vigo en pleno enfrontamento entre España e Inglaterra. Abordarase o relato dos acontecementos que ofrece a documentación sobre o ataque do corsario inglés a Vigo nesa data. Presentación: Antonio Giráldez.
LUGAR: Biblioteca da Escola de Artes e Oficios. Hora: 19.30.
6. Xoves 8 de maio: Conferencia a cargo de Manuel Santos-Estévez, arqueólogo e investigador do INCIPIT-CSIC, sobre o nome de Vigo co título “Cando Vigo entrou na

historia. De Búrbida a Turonio”. Presentación: Carlos Núñez. LUGAR: Biblioteca da Escola de Artes e Oficios. Hora: 19.30.

7. Xoves 22 de maio: “O salón verde de Vigo”, paseo guiado pola Praza de Compostela, as esculturas e os xardíns a cargo de Mercedes Bangueses, catedrática de Historia e doutora en Historia da Arte. Hora: 19.30.
8. Xoves 12 de xuño: “O desenvolvemento urbanístico de Vigo visto dende o mar”. Paseo en barco pola ría de Vigo guiado polo doutor en Xeografía pola Universidade de Santiago e profesor titular da Universidade de Valencia Xosé Manuel Souto. Hora: 17.30.
9. Xoves 11 de setembro: “Redescubrir o noso patrimonio. Visita á igrexa de San Francisco e á Casa de Caridade” guiada por Xosé Luis Mateo. Lugar: Convento de San Francisco. Hora: 19.30.
10. Xoves 16 de outubro: Conferencia sobre “Innovación y sostenibilidad como pilares fundamentales para un sector mar-industria resiliente” impartida polo Director de Sostibilidade da empresa Profand Antonio Álvarez. Presentación: Antonio Vaamonde. LUGAR: Biblioteca da Escola de Artes e Oficios. Hora: 19.30.
11. Xoves 6 de novembro: Mesa redonda arredor do “Patrimonio industrial de Vigo e o patrimonio inmaterial das mulleres que traballan na extracción e transformación dos produtos do mar”. Presentación: Mariña López, directora do Museo da Conserva de ANFACO.

Interveñen: Xoán Carmona, doutor en Economía e catedrático de Historia e Institucións Económicas da Universidade de Santiago de Compostela, e un representante da Asociación Beiramar da Xente. LUGAR: Biblioteca da Escola de Artes e Oficios. Hora: 19.30.

Asímesmo terá lugar a **celebración da Asemblea Nacional dos centros adscritos á CECEL-CSIC** que terá lugar en Vigo baixo a organización do Instituto de Estudos Vigüeses.

CUARTA.- OBRIGAS DA ENTIDADE . MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

1. Organizar as actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ENTIDADE, actuando como interlocutor único ante a CONCELLERÍA D. Xoan Carlos Abad Gallego, presidente da entidade.
2. Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de ser o caso, os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.
3. Cumprir o programa obxecto da subvención, de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo o aboamento dos gastos relativos á



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1862/1102

organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, aluguer e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).

4. Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.
5. Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo na forma que se detalla na cláusula sétima, e comunicar as accións de difusión nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.
6. Facilitar á CONCELLERÍA a información necesaria para a difusión do programa a través das canles oficiais.
7. Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.
A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).
8. A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.
9. Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento. Neste sentido a entidade presenta recibo do pagamento do seguro de responsabilidade civil correspondente ao ano 2025.

QUINTA.- OBRIGAS DA CONCELLERÍA. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

1. Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa das actividades contempladas neste convenio.

2. Xestionar o pagamento do importe da subvención (50.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUIMIENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA

Para o bo desenvolvemento do programa obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta, integrada polos representantes de cada unha das institucións convenientes, ou persoa na que deleguen, aos que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio.

O centro xestor da subvención á ENTIDADE é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen se informará sobre o desenvolvemento do programa, e comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA

Calquera que sexa o medio de difusión, a ENTIDADE adoitará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo Concello de Vigo, as súas actividades e funcionamento; incorporando os anagrama-logotipo do Concello de Vigo, ademais das lendas indicadas pola Área de Cultura, en particular, no material gráfico editado, na páxina web, nas presentacións públicas, actividades, soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo coa CONCELLERÍA.

Si no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa CONCELLERÍA a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado á Área de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias da ENTIDADE, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado disporá dos depósitos legais correspondentes.

Así mesmo, a ENTIDADE entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación dende a CONCELLERÍA.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1862/1102

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa CONCELLERÍA.

A ENTIDADE comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que fagan visible a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

A ENTIDADE facilitará á Area de Cultura, coa antelación suficiente, toda a información sobre o programa nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais.

Lingua de difusión e publicacións:

De acordo co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa CONCELLERÍA para que os elementos sexan subvencionables.

OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

O CONCELLO xestionará o pagamento á ENTIDADE polo importe da subvención outorgada ou resultante, logo da realización das actividades previstas no obxecto deste convenio e entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

A xustificación deberá facerse coa presentación na sede electrónica das facturas correspondentes ao gasto do proxecto ou actividade, ademáis deberá achegar un balance que abranca a totalidade do gasto ou unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que obxecto da subvención executouse na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención que regula o presente convenio e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do

Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitud de pagamento da subvención tralo remate das actividades e, en todo caso, como límite o 11 de novembro do 2025.
- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
 1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
 2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
 3. Memoria de prensa.
 4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
 5. Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe.
- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
- As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ENTIDADE como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc.
- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
- Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

Gastos subvencionables:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1862/1102

Consideranse gastos subvencionables os realizados no ano 2025 e que teñan como data límite dous meses posteriores a última das actividades financiadas, que se xustifiquen coa correspondente factura con anterioridade a finalización do período de xustificación, por tratarse a perceptora da subvención dunha entidade sen fin lucrativo e en consideración a que o importe da subvención constitúe unha das formas de financiamento para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención e ademais non se contempla a realización de pagos a conta ou anticipados.

Consideraranse gastos subvencionables, aqueles que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.

De conformidade co disposto no artigo 31.3 da Lei 38/2003 do 17 de novembro Xeral de Subvencións, **cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas para o contrato menor (máis de 15.000 euros nos contratos de prestación do servizo) o beneficiario solicitará como mínimo tres ofertas de diferentes provedores**, con carácter previo á prestación do servizo salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren ou que o gasto realizárase con anterioridade á subvención. **A elección entre as ofertas presentadas deberá achegarse na xustificación** ou no seu caso na solicitude de subvención que se realizará consonte aos criterios de eficiencia e economía **debendo xustificarse expresamente na memoria a elección cando non recaída na proposta económica máis favorable**.

Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á ENTIDADE é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ENTIDADE para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura.

Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMA.- INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarllo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

DÉCIMO PRIMEIRA.- REINTEGRO

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMO SEGUNDA.- INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1862/1102

Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

DÉCIMO CUARTA.- DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E TITULARIDADE DOS RESULTADOS

Os resultados froito deste convenio, tales como documentais, catálogos, estudos, e demais material obtido da realización das actividades programadas, serán de titularidade e de uso común da CONCELLERÍA e da ENTIDADE. Os resultados quedarán para futuras edicións e ámbalas dúas partes poderán utilizalo nun futuro indistintamente.

A CONCELLERÍA resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

DÉCIMO QUINTA.- PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA ASOCIACIÓN

A sinatura deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a ENTIDADE e os profesionais ao seu servizo que vaian desenvolver as actividades previstas, e o Concello de Vigo, de tal xeito que a este non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

DÉCIMO SEXTA.- VIXENCIA

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura até o 31 de decembro do 2025, e non será prorrogable.

DECIMO SÉTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS

Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

Por parte do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

DÉCIMO OITAVA.-EXTINCIÓN DOS CONVENIOS

De conformidade co artigo 51 de la Lei 40/2015 de Réximen Xurídico do Sector Público o convenio extínguense polos seguintes motivos:

1. Os convenios extínguense polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incurrir en causa de resolución.

2. Son causas de resolución:

- a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen terse acordado a prórroga do mesmo.
- b) O acordo unánime de todos os asinantes.
- c) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes. Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requerimento para que cumpra, nun determinado prazo, coas obrigas ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requerimento será comunicado ao responsable do mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e ás demais partes asinantes. Se transcorrido o prazo indicado no requerimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concurrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá conlevar a indemnización dos prexuízos causados se así se tivese previsto.
- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- e) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

DÉCIMO NOVENA.- LEXISLACIÓN APLICABLE

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

En proba de conformidade de canto antecede, asinan este documento de convenio no lugar e data arriba indicados.

16(179).- ACEPTACIÓN DA DOAZÓN DE FAIMEVI: INSTALACIÓN FOTOVOLTAICA SITA NO PARQUE CENTRAL DE SANTA CRISTINA E MOBILIARIO DA FUNDACIÓN. EXPTE. 8343/440.

Visto o informe de fiscalización do 06/03/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 25/02/2025, asinado polo xefe do servizo xurídico de Servizos Xerais, o xefe da Área de Servizos Xerais, e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1. A Fundación Axencia Intermunicipal da Enerxía de Vigo (FAIMEVI) foi constituída co fin de promover unha mellor e máis racional utilización da enerxía na área de Vigo. A escritura pública de constitución foi autorizada polo Notario de Vigo don Antonio Salgueiro, en data 28 de maio de 2.003, (nº 854 de protocolo), rectificada por outra de 25 de marzo de 2004 (nº 524 de protocolo)



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1862/1102

e subsanada en data 16 de xullo de 2004. Outorgáronse as correspondentes escrituras públicas de ratificación polos membros fundadores.

2. A disposición adicional novena, apartado 2, da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, na redacción dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, prevé para as entidades adscritas, a efectos do Sistema Europeo de Contas, a calquera das Entidades Locais do artigo 3.1 LRBRL, que, á data de entrada en vigor da Lei 27/2013, desenvolvesen actividades económicas e se atopasen en situación de desequilibrio financeiro a dita data, a necesidade de aprobar, no prazo de dous meses, un plan de corrección do dito desequilibrio.

3. A consecuencia de que dito plan no producira os efectos correctores a 31 de decembro de 2014, era a disolución automática a partir do 1 de decembro de 2015, momento a partir do cal calquera actividade da entidade dependente e do Concello debería de ir exclusivamente encamiñada á liquidación do ente, sen que fose legalmente posible o exercicio ordinario da súa actividade.

4. En aplicación desta norma e habida conta da situación de desequilibrio económico da Fundación, a Subdirección Xeral de Estudos e Financiamento das Entidades Locais, da Secretaría Xeral de Coordinación Autonómica e Local, do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, con data de 26 de xullo de 2016, requiriu ao Concello de Vigo para que remitise a documentación relativa á extinción da Fundación.

5. Clasificada FAIMEVI dentro do sector das Administracións Públicas e considerada, en contabilidade nacional, como unha unidade dependente do Concello de Vigo, o Padroado da Fundación, en sesión do 29 de xuño de 2017, en cumprimento do devandito requirimento, acordou a extinción da Fundación por imposibilidade de cumprir o seu obxecto fundacional e, por Orde de 26 de outubro de 2017, o Protectorado da Fundación ratificou o acordo de extinción, adoptado polo Padroado na citada sesión de 29 de xuño.

6. Para facer fronte á liquidación da Fundación os membros del Padroado, que a continuación se indican, achegaron á Fundación, como anticipo reintegrable, as seguintes cantidades:

Ayuntamiento de Vigo	33.886,73 Euros/45,472%
CZJV	20.332,02 Euros/27,283%
Mancomunidad	3.388,67 Euros/04,547%
Stellantis	16.914,82 Euros/22,698%

7. A primeira actuación de liquidación do Padroado foi a conseguinte extinción da relación laboral dos traballadores da fundación e o pago das correspondentes indemnizacións, que discutidas por estes ante a xurisdición laboral alcanzaron firmeza ante el Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

8. Á extinción da Fundación os bens desta estaban integrados polo mobiliario das oficinas e equipos da Fundación, por unha pequena instalación fotovoltaica, emprazada no Parque Central de Vías e Obras do Concello, en Santa Cristina, e polos dereitos de explotación da instalación fotovoltaica máis grande emprazada na zona verde de Navia.

9. O Concello comunicou aos demais liquidadores que, sendo a instalación fotovoltaica de Navia propiedade do Concello, á extinción da Fundación os dereitos que xerese a súa explotación pasaban a ser do Concello. Non así os da instalación fotovoltaica de Santa Cristina, que era propiedade da Fundación, polo que os seus rendementos continuarían sendo da Fundación, en liquidación, ata a total liquidación desta.

10. Canto á instalación fotovoltaica de Santa Cristina, o problema que presenta é o do seu destino final.

O artigo 38 dos estatutos da Fundación, sobre extinción da fundación, dispón, soamente, que: «A extinción e liquidación da fundación deberá axustarse ao preceptuado nos artigos 44 a 46 e demais concordantes, da Lei 12/2006, de 1 de decembro, de fundacións de interese galego, ao Decreto 248/1992, do 18 de xuño, no que resulte aplicable e ás demais disposicións vixentes aplicables». Os Estatutos da Fundación non conteñen, por tanto, disposición específica algunha sobre o destino dos bens desta a súa extinción e o artigo Artigo 45 da Lei 12/2006, de 1 de decembro, de fundacións de interese galego, sobre o «Destino dos bens no caso de extinción» establece que: «1. Aos bens e aos dereitos resultantes da liquidación dunha fundación extinguida daráselles o destino previsto polo fundador ou decidido polo padroado cando teña recoñecida esta facultade na carta fundacional»; e no seu parágrafo 2 que: «De non existir previsión do fundador nin facultade do padroado, corresponderalle ao protectorado destinar tales bens e dereitos ás fundacións, ás entidades non lucrativas privadas ou ás entidades públicas que persigan fins de interese xeral, que desenvolvan principalmente as súas actividades en Galicia e que teñan afectados os seus bens, incluso no suposto de disolución, á consecución de tales fins».

Así as cousas, a decisión sobre o destino da instalación fotovoltaica de Santa Cristina corresponde á Xunta de Galicia, que é a que exerce o protectorado da fundación. Agora ben, ao emprazarse a instalación nun edificio municipal e sendo esta susceptible de traslado, o Concello pode esixir que se retire, o cal comportaría uns custes moi superiores ao seu valor actual. Este custe figura estimado no informe que figura no expediente.

Por outra parte, esta instalación de Santa Cristina sufriu unha diminución da produción por avarías causada por temporais; avarías cuxa reparación contratouse pola Fundación coa entidade Eleukon Global S.L.U.

11. O mobiliario e equipos da Fundación, cuxo valor contable é cero, atopábanse depositados nas oficinas da Fundación, sitas nunha das prantas do edificio antes nomeado «Rectorado», hoxe sede do CZFV.

Realizáronse intentos de venda dos ditos mobles e equipos que resultaron infrutuosos.

Con ocasión da venda do citado edificio ao CZFV e o vaciamento deste para proceder a súa entrega, o mobiliario e os equipos da Fundación, xunto con todo o mobiliario e equipos existentes no conxunto do edificio, foron trasladados pola empresa contratada polo Concello a tal fin aos baixos do Auditorio-Pazo de Congressos Mar de Vigo, de propiedade municipal.

Consta no expediente o inventario dos bens depositados nos baixos do Auditorio-Pazo de Congressos Mar de Vigo e nas dependencias da Área de Fomento, Servizos e Deportes, así como o informe do Servizo de Administración Electrónica, sobre o destino dos equipos informáticos que no mesmo se relacionan, os cales, habida conda da súa obsolescencia, foron obxecto de destrución para a súa reciclaxe.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1862/1102

12. Nestas circunstancias, o Padroado, como órgano liquidador da Fundación, ofrece ao Concello, segundo consta nas actas das sesións do Órgano Liquidador, celebradas na Casa do Concello os pasados 29 de outubro e 21 de novembro de 2024, que figuran no expediente, a doazón da instalación fotovoltaica de Santa Cristina, co modo ou carga de que o Concello se faga cargo do custe do arranxo da instalación contratado pola Fundación, cuxo importe, IVA incluído, ascende a 4.267,64 euros, así como a doazón libre de cargas dos mobles depositados nos baixos do Auditorio Mar de Vigo e nas dependencias da Área de Fomento, Servizos e Deportes —excepción feita dos equipos que serán doados a Universidade de Vigo, sitos nas últimas dependencias citadas— ben para o seu uso pola Administración municipal, ben para a súa distribución entre entidades de interese público ou social, segundo considere máis oportuno o Concello.

Tales doazóns, segundo vai arriba visto, estarían suxeitas á aprobación do Protectorado, residenciado na Xunta de Galicia.

13. Constan tamén no expediente informes sobre o valor estimado actual da instalación fotovoltaica sita no Parque Central de Santa Cristina, o cal supera o da carga da doazón.

14. Cómpre finalizar esta parte expositiva da proposta de acordo informando á xunta de Goberno Local que tras a liquidación da Fundación restará un remanente de cartos que permitirá devolver entre un sesenta e un setenta por cento do anticipo reintegrable aos padróns que o adiantaron para a liquidación da Fundación

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

Primeira.- De acordo co artigo 15 LPAP, de aplicación xeral «Las Administraciones públicas podrán adquirir bienes y derechos por cualquiera de los modos previstos en el ordenamiento jurídico y, en particular, por los siguientes: a) Por atribución de la ley. b) A título oneroso, con ejercicio o no de la potestad de expropiación. c) Por herencia, legado o donación. d) Por prescripción. e) Por ocupación». Nos mesmos termos se pronuncian os artigos 271 LALG e 10 RBEL.

A adquisición de bens a título gratuito, como é a doazón, non estará suxeita a restrición algunha. No entanto, se a adquisición levase consigo algunha condición ou modalidade onerosa, so poderán aceptarse os bens previo expediente no que acredite que o valor do gravame imposto non excede do valor do que se adquire (artigos 273 LALGA e 12 RBEL). Tal acreditación consta no presente expediente.

Segunda.- Consta no expediente que o valor do gravame imposto —o custe da reparación recentemente realizada— é inferior ao valor estimado da instalación fotovoltaica.

Terceira.- Canto á formalización da doazón, dispón o artigo 632 do Código Civil que «La donación de cosa mueble podrá hacerse verbalmente o por escrito» e que «La verbal requiere la entrega simultánea de la cosa donada. Faltando este requisito, no surtirá efecto si no se hace por escrito y consta en la misma forma la aceptación».

Cuarta.- Canto ao interese municipal na aceptación das ditas doazóns, cómpre sinalar que a adquisición da instalación fotovoltaica de Santa Cristina o sería como ben patrimonial, toda vez que non está —nin estaría necesariamente— afecta a ningún uso ou servizo público e, daquela, poderá continuar explotándose, nos mesmos termos que na actualidade, como ben patrimonial,

e constituír, por tanto, unha fonte de ingresos para o erario municipal, en tanto subsista o Parque Central de Santa Cristina ou se esgote a vida útil da instalación.

Respecto dos demais mobles, cuxa doazón se ofrece, consta no expediente informe da xefa da Área de Patrimonio no que se considera útil e vantaxoso para o Concello a adquisición gratuíta dos mesmos.

Quinta.- A aceptación das repetidas doazóns queda suxeita á condición suspensiva da conformidade do Protectorado coas mesmas.

Sexta.- É competencia da Xunta de Goberno Local a aceptación das doazóns que se ofrecen ao Concello (disposición adicional segunda 11 da LCSP/2017)

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

Primeiro.- Aceptar, coa condición suspensiva que deseguido se dirá, as doazóns ofrecidas a favor desta Administración municipal polo órgano liquidador da Fundación Axencia Intermunicipal da Enerxía de Vigo, da instalación fotovoltaica de Santa Cristina, co modo ou carga de que o Concello se faga cargo do custe do arranxo da instalación contratado pola Fundación, cuxo importe, IVA incluído, ascende a 4.267,64 euros, así como a doazón libre de cargas dos mobles e equipos depositados nos baixos do Auditorio Mar de Vigo e nas dependencias da Área de Fomento, Servizos e Deportes —excepción feita dos equipos que serán doados a Universidade de Vigo sitos nas últimas dependencias citadas— ben para o seu uso pola Administración municipal, ben para a súa distribución entre entidades de interese público ou social, segundo considere máis oportuno o Concello.

Segundo.- A dita aceptación queda suxeita á condición suspensiva de que o Protectorado da Fundación, en liquidación, manifieste a súa conformidade coa doazón ofrecida polo órgano liquidador a favor do Concello de Vigo.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(180).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO “ADECUACIÓN E MELLORA DE ACABADOS DA TOTALIDADE DE ESTANCIAS EXPOSITIVAS DA PLANTA PRIMEIRA DA CASA DAS ARTES”. EXPTE. 6660/443.

Visto o informe-proposta de data 07/03/2025, asinado pola técnica de xestión, o xefe do servizo xurídico de Servizos Xerais, o xefe da Área de Servizos Xerais, e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

I.- Por parte do Servizo de Museos, remítese proxecto- memoria técnica valorada de “ADECUACIÓN E MELLORA DE ACABADOS DA TOTALIDADE DE ESTANCIAS EXPOSITIVAS DA PLANTA PRIMEIRA DA CASA DAS ARTES”, redactado polo Arquitecto D. Francisco Javier Vázquez Fernández, cun orzamento base de licitación máis IVE de CIENTO NOVENTA E CINCO MIL OITOCENTOS SESENTA E DOUS EUROS CON NOVENTA E SETE CÉNTIMOS (195.862,97 EUROS) e con sinatura dixital de data 1 de decembro de 2024.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1862/1102

II.- O Xefe de Museos Municipais e o Xefe da Área de Servizos Xerais en data 14.02.2025 informan que o documento borrador presentado cumpre cos obxectivos do contrato, polo que o Concelleiro Delegado da Área de Fomento, Servizos e Deportes, a proposta do Xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, en data 17.02.2025 resolven iniciar expediente para a aprobación do dito proxecto.

III.- O obxecto do presente proxecto é describir e detallar unha serie de actuacións de mantemento e tratamento de acabados interiores e actualización de instalacións, que se consideran necesarias a partires dunha serie de deficiencias localizadas na planta primeira do edificio denominado “Casa das Artes”, -edificio titularidade do Concello de Vigo-, situado na C/ Policarpo Sanz, nº 15 de Vigo, co fin de que se poida depositar unha colección de arte, con carácter permanente, na súa planta primeira, sinalando como prioridade os seguintes aspectos:

- O recoñecemento en detalle das deficiencias da sala para albergar a colección permanente que se vai trasladar dende outro centro cultural do Concello de Vigo.
- A proposta de solucións que melloren o tratamento dos seus acabados.
- O axuste das instalacións existentes (contra incendios, seguridade, electricidade, etc) ás novas necesidades e adaptándoas aos novos acabados.
- Ao carecer dun sistema de renovación de aire, proxéctase unha nova instalación que cumpra a normativa de obrigado cumprimento e axude a controlar o grado de humidade da sala que, na actualidade, encóntrase incontrolado.

Todo o anterior apoiase sobre a intención base de crear un espacio neutro e limpo de instalacións, eliminando todo o innecesario, para que o fundamental sexan os elementos expostos.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de 14 (CATORCE) SEMANAS.

IV.- A Enxeñeira técnica da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal emite en data 25.02.2025 informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando o seguinte:

“(…)

O Planeamento vixente no Concello de Vigo é o Plan Xeral de Ordenación Urbana, aprobado definitivamente por acordo do Consello da Xunta de Galicia o 29 de abril de 1993. A aprobación definitiva de dito PXOU de 1993 foi publicada no DOG nº 87 o día 10/05//1993 e a súa normativa foi publicada no BOP nº 133, o 14 de xullo de 1993.

Así mesmo, está vixente o Instrumento de Ordenación Provisional, redactado polos servizos técnicos municipais da Xerencia Municipal de Urbanismo, ao amparo da Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación; Foi aprobado definitivamente polo Pleno o 24/07/2019, publicado no DOG nº 160 do 26/08/2019 e a súa normativa foi publicada no BOP nº 181 do 20 de setembro de 2019. O IOP recupera parte do solo urbano do Plan Xeral do ano 2018 que foi anulado por sentenza e trátase dunha ordenación que, tal e como o seu propio nome indica, ten unha vivencia temporal mentres se tramita un novo Plan.

O ámbito no que localízase o edificio está calificado como Solo Urbano Consolidado dentro dun ámbito especialmente delimitado polo “Plan Especial y Catálogo Complementario de Edificios, conjuntos y

elementos a conservar en Vigo”, sendo de aplicación as determinacións que este planeamento determina.

Está situado na denominada maza 18, co número de catalogación 7 deste planeamento. O edificio se detalla cunha ficha específica na que este planeamento lle asigna un grado E de catalogación e protección Estructural.

Sínálase que este proxecto non modifica ningún parámetro urbanístico relativo ao uso, edificabilidade, ocupación, volume edificado, altura de cornixa ou modificación de fachada que impliquen a xustificación urbanística destes aspectos, xa que limita ao tratamento dos acabados interiores e á adecuación e mellora das instalacións como consecuencia do seu deficiente estado e o envellecemento dende a súa última reforma de tan solo unha das súas catro plantas.

De acordo á “Instrución de 8 de novembro de 2017 relativa ao trámite de autorizacións en materia de Patrimonio Cultural nos bens inmobles catalogados e declarados de interese cultural, seus contornos de protección e as zonas de amortiguación”, enténdese posible considerar a suficiente habilitación dos Concellos para autorizar, no ámbito do Patrimonio Cultural, esta intervención, ao poderse definir de acordo ao apartado terceiro no seu punto 1, se definen como “... actuacións puntuais de mantemento e o uso ordinario, de moi escasa entidade técnica e construtiva, xustificadas polo deterioro material dos elementos sobre os que se propón a intervención, cun alcance moi concreto e parcial...”.

Os custes unitarios incluídos no proxecto considéranse axeitados para a execución do contrato, estímase que son prezos xerais de mercado.

A documentación do proxecto considérase completa e o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola “Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014” e polo “Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro”, polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei.”

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especificanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1862/1102

como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local.

Non se atopa sometido a fiscalización previa ao tratarse dunha actuación preparatoria. Así se recolle no informe do Interventor Xeral de data 26.06.2023 no marco do expediente 5023-443 no que indique que *“non se atopan sometidas a fiscalización previa as actuacións preparatorias dos diferentes tipos de contratos, como é o caso que nos ocupa, xa que tales actuacións non comportan gasto para a Administración, entendendo que si deberá ser obxecto de fiscalización previa a proposta do servizo xestor ao órgano de contratación de aprobación do expediente, do prego de cláusulas administrativas particulares, do gasto e da apertura do procedemento de adxudicación (artigos 116 da LCSP)”*

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo que á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Aprobar o proxecto - memoria técnica valorada de **“ADECUACIÓN E MELLORA DE ACABADOS DA TOTALIDADE DE ESTANCIAS EXPOSITIVAS DA PLANTA PRIMEIRA DA CASA DAS ARTES”**, redactado polo Arquitecto D. Francisco Javier Vázquez Fernández, cun orzamento base de licitación máis IVE de CIENTO NOVENTA E CINCO MIL OITOCENTOS SESENTA E DOUS EUROS CON NOVENTA E SETE CÉNTIMOS (195.862,97 EUROS) e con sinatura dixital de data 1 de decembro de 2024.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(181).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA MEDIANTE CONVENIO COA ASOCIACIÓN DE FAMILIAS DE PERSOAS CON PARÁLISE CEREBRAL (APAMP) PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DA ACTIVIDADE DE LUDOTECA INCLUSIVA: ANO 2025. EXPTE. 10095/336.

Visto o informe xurídico do 13/02/2025 e o informe de fiscalización do 05/03/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 12/02/2025, asinado pola técnica do servizo de Xuventude, e conformado pola concelleira-delegada e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Segundo a lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalidade e sustentabilidade da Administración Local, establece no artigo primeiro apartado oito a redacción que terá o

artigo 25, mantendo entre as competencias do municipio: "Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre" .

O presente convenio está relacionado coa ocupación do tempo libre de nenos e nenas do municipio, polo que a Administración Local en base á citada lei, ten competencias propias para tal fin.

Dende a Concellería de Xuventude prantexamos a sinatura dun convenio de colaboración entre o CONCELO DE VIGO e a ASOCIACIÓN DE FAMILIAS DE PERSOAS CON PARÁLISE CEREBRAL "APAMP" para o desenvolvemento de actividades de dinamización infantil e xuvenil durante o ano **2025**.

O obxecto do presente convenio é desenvolver un PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN INFANTIL E XUVENIL, que cubra as necesidades de ocio e tempo de lecer d@s máis nov@s e cun marcado carácter formativo en valores positivos para o seu desenvolvemento integral e a súa socialización.

Este programa será levado a cabo nas instalacións do Rúa Sagunto 86, axeitadas para o desenvolvemento do mesmo, por contar cun espazo de zona axardinada ao aire libre que facilita o desenvolvemento de ditas actividades.

Que na devandita actividade a subvencionar e na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público e social polo que o Concello de Vigo, a través da Concellaría de Xuventude, decide apoiar a realización de actividades de dinamización en espazos de lecer educativo destinados a rapaces e rapazas da cidade de Vigo, e ás súas familias, co obxecto de potenciar o desenvolvemento mental, psicomotor, afectivo e sensorial de nenos e nenas, así como fomentar a participación nos distintos ámbitos da sociedade.

Que a ASOCIACIÓN DE FAMILIAS DE PERSOAS CON PARÁLISE CEREBRAL "APAMP" é a única entidade que desenvolveu este programa xeito continuado dende o ano 2002 , contando cun espazo adecuado e con capacidade organizativa para afrontar esta actividade que ten un claro interese publico e zonal, figurando no orzamento do presente ano unha partida nominativa específica 3370.489.00.03 cunha dotación de 28.000 €, destinada a tal fin.

A presente subvención intégrase dentro do Plan Estratéxico de Suvencións para o periodo 2024-2026 aprobado pola Xunta de Goberno Local de 8 de marzo e rectificado polo acordo de 15 de marzo e contribúe aos obxectivos do devandito Plan. Tales obxectivos, son a mellora das condicións de vida de todas as persoas que residen na cidade e, polo tanto, da infancia, da mocidade, dos estudantes, dos maiores, dos xubilados, das persoas en situación de necesidade ou de exclusión social, das persoas vítimas de violencia de xénero, das persoas que emprenden unha actividade económica ou que precisan axudas para acadar un emprego, das asociacións, dos clubs deportivos e, en xeral, da cidadanía viguesa e, polo tanto, da cidade de Vigo.

Dadas as características desta actividade, así como o lugar no que se desenvolve, o Concello de Vigo entende que a organización da mesma debe recaer na entidade que a ven executando dende fai dezaseis anos, cos seguintes horarios: de luns a venres, en días



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1862/1102

hábiles, en horario comprendido entre as 16:00 e 20:00 hs., xuño (desde o fin da actividade escolar), xullo, setembro (ata o inicio da actividade escolar), Nadal, Entroido e Semana Santa é de 9h a 14.00 h No mes de agosto non se prestará o servizo.

A ASOCIACIÓN DE FAMILIAS DE PERSOAS CON PARÁLISE CEREBRAL "APAMP" destinará á actividade un mínimo de dúas persoas con formación en Mestre/a de Educación Infantil que traballarán en equipo diariamente e de forma conxunta, sen que en ningún caso a vixianza e atención dos menores poida, por seguridade destes, ser prestada por unha soa persoa .

Por todo elo propónse a necesidade da sinatura dun convenio de colaboración para a xestión da Ludoteca de Integración durante o ano **2025**. Esta subvención cun importe de 28.000 € establécese a través dun convenio coa ASOCIACIÓN DE FAMILIAS DE PERSOAS CON PARÁLISE CEREBRAL "APAMP".

A normativa aplicable está de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos xerais do estado o das corporacións locais, sen perxuízo do que a este respecto estableza a súa normativa reguladora.

Cómpre subliñar que dita entidade é unha das tres coas que a Concellería de Xuventude asinará convenios para o desenvolvemento de actividades de dinamización infantil e xuvenil na cidade de Vigo.

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN DE FAMILIAS DE PERSOAS CON PARÁLISE CEREBRAL (APAMP) PARA O DESENVOLVEMENTO DA LUDOTECA DE INTEGRACIÓN.

En Vigo, a data de sinatura dixital.

REUNIDOS

*Dunha parte, dona **YOLANDA AGUIAR CASTRO** na súa calidade de **CONCELLEIRA-DELEGADA DA ÁREA DE GOBERNO DE POLÍTICA SOCIAL, TURISMO E XUVENTUDE DO CONCELLO DE VIGO**, na representación legal do mesmo, en virtude do acordo da Xunta de Goberno Local do 22 de xuño de 2023 que aproba o texto consolidado de competencias da XGL nos concelleiros/as delegados/as de área e nos demais delegados/as de competencias; con enderezo na Praza do Rei, nº 1, CP 36202, no exercicio das facultades e demais funcións que lle foron concedidas por razón do seu cargo.*

*Doutra, D. **DANIEL VARELA LAGO**, con DNI: 36012389R como presidente da **ASOCIACIÓN DE FAMILIAS DE PERSOAS CON PARÁLISE CEREBRAL "APAMP"** (en adiante A ASOCIACIÓN), C.I.F. G-36624120 e enderezo social na rúa Miguel Hernández nº 1 CP 36210, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente número 10095/336*

Recoñecéndose mutuamente os comparecentes a plena capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio.

MANIFESTAN

I.- *Que a ASOCIACIÓN ten entre os seus fins o facilitar os medios adecuados para que as persoas con discapacidade psíquica-física de calquera índole adquiren os coñecementos e aptitudes necesarias para a súa normalización e integración social, así como o desenvolvemento de programas de respiro familiar.*

Estes obxectivos concordan co desenvolvemento da actividade de Ludoteca de Integración que propoñen e coinciden cos da Concellería de Xuventude no que se refire ao desenvolvemento de actividades lúdicas regulares en espazos de lecer educativo destinados a rapaces e rapazas da cidade de Vigo e ás súas familias, co obxecto de potenciar o desenvolvemento mental, psicomotor, afectivo e sensorial de nenos e nenas, así como fomentar a participación nos distintos ámbitos da sociedade.

II.- *De conformidade cos artigos 25.1. e 25.2. l) e m) dá Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e co artigo 80 dá lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación estatal e autonómica, nas materias de promoción do deporte, da cultura e na da ocupación de tempo libre.*

III.- *Que o Concello de Vigo a través da Concellería de Xuventude ten entre os seus obxectivos a dinamización xuvenil, así como o potenciar a participación e a integración, apoiando iniciativas xuvenís e das entidades prestadoras de servizos á xuventude.*

Que unha das liñas de acción empregadas para cumprir os obxectivos citados é a potenciación de espazos lúdicos para nenas e nenos onde se poida favorecer a integración, combinando tempo de lecer, diversión e desenvolvemento persoal integral a través do xogo, a cal ven a coincidir coa proposta que realiza a ASOCIACIÓN, referida ao desenvolvemento da actividade de Ludoteca, polo que considerase conveniente a concesión da subvención solicitada, tendo en conta que a actividade de Ludoteca de Integración proposta na solicitude de subvención é, como sinala García de Enterría, "a actividade xurídica da Administración pública que comporta o outorgamento de auxilios directos ou indirectos para servizos ou actividades que complementan ou suplen os atribuídos ó ente público".

IV.- *Por todo elo, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na aplicación orzamentaria 3370.489.00.03, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 28.000 euros, a favor da ASOCIACIÓN*

V.- *Que a ASOCIACIÓN non está incursoa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente número 10095/336.*



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1862/1102

VI.- A presente subvención intégrase dentro do Plan Estratéxico de Subvencións para o período 2024-2026 aprobado pola Xunta de Goberno Local de 8 de marzo e rectificando polo acordo de 15 de marzo e contribúe aos obxectivos do devandito Plan. Tales obxectivos, son a mellora das condicións de vida de todas as persoas que residen na cidade e, polo tanto, da infancia, da mocidade, dos estudantes, dos maiores, dos xubilados, das persoas en situación de necesidade ou de exclusión social, das persoas vítimas de violencia de xénero, das persoas que emprenden unha actividade económica ou que precisan axudas para acadar un emprego, das asociacións, dos clubs deportivos e, en xeral, da cidadanía viguesa e, polo tanto, da cidade de Vigo.

VII.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento xurídico habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos municipais, os intervenientes, conclúen o presente convenio fin de regular os termos da concesión, con arranxo as seguintes,

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONVENIO

O obxecto do presente Convenio é formalizar, para os efectos previstos no artigo 22.2.a) de a Lei 58/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, a concesión directa por parte do Concello de Vigo á ASOCIACIÓN dunha subvención nominativa consistente nunha axuda económica para o desenvolvemento da actividade de Ludoteca de Integración co obxecto de potenciar o desenvolvemento mental, psicomotor, afectivo e sensorial de nenos e nenas, así como fomentar a participación e integración nos distintos ámbitos da sociedade.

SEGUNDA.- COMPROMISOS DAS PARTES

A ASOCIACIÓN comprométese a desenvolver as funcións e accións previstas neste convenio e, concretamente, a:

- 1.- Desenvolver as actuacións recollidas na cláusula primeira deste convenio, e que constitúen o seu obxecto.
- 2.- Ofrecer un espazo de integración e de lecer educativo estable para rapaces e rapazas comprendidos entre 4 e 10 anos, como mínimo, no inmovible da rúa Sagunto nº 86, 36205 da cidade de Vigo, de acordo co programa presentado, atendendo diariamente a un máximo de 24 nenos e nenas.
- 3.- Promover o desenvolvemento cognitivo, psicomotor, afectivo e social das persoas destinatarias a través do xogo e de actividades lúdicas.
- 4.- Favorecer a participación e a integración social dos persoas destinatarias, así coma das súas familias.

5.- Facilitar a adquisición de normas e hábitos saudables e de convivencia entre os persoas destinatarias, así como o desenvolvemento máximo de habilidades e capacidades persoais e grupais.

6.- Procurar a conciliación da vida laboral e familiar axustando os horarios das actividades ás necesidades e características específicas das familias do contorno.

7.- Mensualmente entregará ao Servizo de Xuventude a programación das actividades a desenvolver, así como un informe en formato dixital da evolución do servizo e traballo realizado no que deberá incluír:

- Número de altas e baixas de usuarios e usuarias (sexo, idade e código postal).

- Actividades realizadas, incluíndo o número de participantes en cada unha delas, así como fotografías das mesmas.

Estes informes deberán ser entregados dentro dos cinco primeiros días hábiles do mes seguinte á realización das actividades.

8.- Posibilitar o coñecemento da cultura e da lingua galega, a historia da cidade e os recursos dos que dispón.

Pola súa banda, **o Concello de Vigo**, a través da Concellería de Xuventude, comprométese a:

1.- Garantir a prestación adecuada das actividades de Ludoteca a traveso da supervisión das mesmas polo persoal técnico da Concellería de Xuventude, que será o encargado do seguimento da execución do convenio, así como certificar o seu cumprimento unha vez rematadas as actividades obxecto do mesmo.

2- Conceder directamente á ASOCIACIÓN unha subvención por importe de 28.000 €, co obxecto de coadxuvar ao financiamento da actividade de Ludoteca de Integración no ano **2025**.

TERCEIRA.- VIXENCIA DO CONVENIO

O presente convenio enténdese vixente e surte efectos **desde o 21 de novembro de 2024 ao 20 de novembro de 2025**, polo que ten efectos retroactivos a dita data desde o día da súa firma.

O presente convenio non será prorrogable.

CUARTA.- ORZAMENTO E FINANCIAMENTO

A memoria económica que se achega ao presente convenio, presentado pola ASOCIACIÓN incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 48.997,36 CORENTA E OITO MIL NOVECENTOS NOVENTA E SETE CON TRINTA E SEIS CENTIMOS DE EURO.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1862/1102

O Concello de Vigo financiará os gastos que se deriven do presente convenio de colaboración coa cantidade de **28.000,00 € (vinte e oito mil euros)**.

Este financiamento realizarase con cargo á aplicación presupostaria 3370.489.00.03 Subvención Ludoteca APAMP do vixente presuposto municipal.

QUINTA.- RECURSOS HUMANOS E INEXISTENCIA DE RELACIÓN LABORAL

A Asociación de Familias de Persoas con Parálise Cerebral deberá destinar á actividade un mínimo de dúas persoas, que traballarán en equipo diariamente e de forma conxunta, non podendo por seguridade dos menores asistentes, estar unha sola persoa en ningún momento en que se desenvolva a actividade. Este persoal contará coa titulación de Diplomado/a Mestre/a de Educación Infantil.

De conformidade co esixido no artigo 13.5 de a Lei Orgánica 1/1996 de Protección Xurídica do Menor, modificado por a lei 26/2015, de 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia, non poderán adscribirse á execución das actividades obxecto deste convenio os profesionais que fosen condenados por sentenza firme por delitos contra a liberdade e identidade sexual.

A tales efectos, estarase ao disposto en artigo 9 do Real Decreto 1110/2015, do 11 de decembro (BOE non 312 do 30 de decembro), polo que se regula o Rexistro Central de Delincuentes Sexuais.

A documentación da acreditación destes antecedentes penais deberán ser entregados ao Concello antes de que os traballadores teñan contacto cos/as menores.

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as actuacións subvencionadas que constitúen o obxecto do mesmo, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha directa nin subsidiaria ó Concello de Vigo. A ASOCIACIÓN será a única responsable dos custos salariais, incluída a cotización empresarial á Seguridade Social por todos os conceptos.

SEXTA.- XUSTIFICACIÓN DA ACTIVIDADE SUBVENCIONADA

O prazo de xustificación **finalizará o 14 de novembro de 2025**. Transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste Capítulo. A falta de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a esixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei Xeral de Subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á Lei Xeral de Subvencións, correspondan (Art. 70 do RD 887/2006).

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), a ASOCIACIÓN está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas.

Para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica <https://sede.vigo.org> e incluírá unha relación de todos os xustificantes de pagamento dos gastos efectuados.

A beneficiaria deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos.

A xustificación dos fondos efectuarase segundo a modalidade de conta xustificativa con entrega de xustificantes de gasto, e conterá con carácter xeral a seguinte documentación:

*a) **Memoria de actuación** xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.*

*b) **Memoria económica** xustificativa do custe das actividades realizadas, que incorporará:*

- Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.*
- Relación numerada de todos e cada un dos documentos xustificativos que se acheguen con especificación da súa data de emisión, provedor, obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pagamento.*
- Facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel.*
- As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Os documentos xustificativos haberán de estar datados no período obxecto deste convenio. As facturas cumprirán os requisitos establecidos para súa expedición no RD 1619/2012 de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación ou as normas sobre a facturación electrónica equivalentes. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención de dito imposto. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas e, tratándose de persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal.*
- De existiren, relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas.*

SÉTIMA.- DIFUSIÓN DA ACTIVIDADE

A ASOCIACIÓN debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal da actividade subvencionada previa conformidade do Servizo de Xuventude.

O nome e anagrama do Concello de Vigo figurará, de forma visible, en todas as actividades que se realicen en execución do presente Convenio, así como nos medios que se empreguen para a súa difusión. Ao mesmo tempo, na difusión e publicidade que se faga en calquera das actividades levadas a cabo no marco deste convenio, destacarase en lugar preeminente a colaboración económica deste Concello.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1862/1102

A información sobre as actividades especialmente en carteis e programas estará integramente en idioma galego.

OITAVA.- PAGO DA SUBVENCIÓN

O pago da subvención realizarase previa xustificación por parte da entidade beneficiaria

Co obxecto de facilitar á entidade o pago de salarios de persoal e seguros sociais do mesmo, e tendo en conta que se trata dunha entidade sen ánimo de lucro e cunha economía limitada, o pago dos gastos derivados do presente convenio realizarase en dous prazos, cada un por importe do cincuenta por cento (50%) da cantidade consignada na aplicación presupostaria 3370.489.00.03.

- A primeira das entregas efectuarase a firma do presente convenio por importe de catorce mil euros (14.000 €).*
- O 50% restante por importe catorce mil euros (14.000 €), abonarase á finalización do mesmo, previa certificación de cumprimento.*

Debido ás razóns anteriormente descritas, non se establecen réxime de garantías dos fondos entregados.

Para poder realizar o pagamento anticipado previsto será necesario que a Asociación beneficiaria presente previamente unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións e/ou circunstancias indicadas no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de Subvencións, como impeditivas para a realización de pagamentos anticipados a beneficiarios de subvencións.

Antes de proceder ao pagamento da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

NOVENA.- SUBCONTRATACIÓN

A entidade beneficiaria da subvención poderá subcontratar ata un porcentaxe do 75 por 100 do importe da actividade subvencionada cos límites e obrigacións establecidos no artigo 29 da Lei 38/2003 xeral de subvencións.

Non poderán ser subcontratistas as persoas ou entidades a que se refire o apartado 7 do artigo 27 da Lei.

DÉCIMA.- GASTOS SUBVENCIONABLES

Conforme á Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS) no seu art. 31.1 consideraranse gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da

actividade subvencionada e se realicen no prazo comprendido entre o **21 de novembro de 2024 e o 20 de novembro de 2025**. O IVE soportado, que deberá constar desglosado, será subvencionable cando o beneficiario non poida deducilo, recuperalo ou compensalo.

Serán gastos directos subvencionables os que figuran a continuación:

a) As retribucións do persoal directamente vinculado ao desenvolvemento das actividades establecido na cláusula quinta do presente convenio.

b) A contratación dos servizos necesarios para a realización das actividades de dinamización e o resto de actividades subvencionadas.

c) Os seguros de accidentes e de responsabilidade civil que cubran estas continxencias para os nenos e nenas e persoas participantes nas actividades

d) Os gastos de comunicación, publicidade e difusión das actividades.

En relación cos **gastos indirectos** ou gasto xerais da Asociación (alugueres, enerxía eléctrica, auga, calefacción, teléfono, internet, e outros gastos como material de oficina e limpeza), imputaranse á actividade subvencionada na parte que razoablemente corresponda e na medida en que estean relacionados de maneira indubitada e se realicen no período no que se desenvolva a actividade.

Os gastos indirectos non poden superar o 10% do presuposto que presenta a Asociación para o desenvolvemento das actividades.

Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrals e os gastos periciais non poderán ser considerados gastos indirectos sendo subvencionable solo en caso que se traten de gastos directamente relacionados coa actividade subvencionada e sexan imprescindibles para a adecuada preparación ou execución da mesma.

Os gastos que se subvencionan neste Convenio corresponderán a gastos correntes non admitíndose os gastos de investimento en bens de equipos.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lexislación de contratos para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, salvo que non exista mercado para ditas contratacións.

Non serán admisibles xustificacións de gastos realizados para o cumprimento de fins distintos dos do proxecto subvencionado, e só admitiranse as xustificacións de gastos realizados dentro do prazo de execución establecido no parágrafo primeiro.

En virtude do art. 33 da LXS, o Concello de Vigo, poderá comprobar o valor de mercado dos gastos subvencionados empregando un ou varios dos medios taxados no referido artigo.

De conformidade co art. 30.4 da citada lei, cando as actividades fosen financiadas, ademais de con a subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1862/1102

acreditarse na xustificación o importe, procedencia e aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.

DÉCIMO PRIMEIRA.- OBRIGACIÓNS DO BENEFICIARIO.

A ASOCIACIÓN, comprométese ao cumprimento das obrigacións establecidas no art. 14 da Lei Xeral de Subvencións e das que a continuación se describen:

- 1. Realizar as actividades para a que se concede a subvención, axustándose aos termos do presente Convenio.*
- 2. Presentar mensualmente o programa das actividades a desenvolver, nos primeiros cinco días do mes seguinte.*
- 3. Acreditar ante o Concello a realización da actividade e cumprir cos requisitos e condicións que determinan a concesión da subvención.*
- 4. Someterse ás actuacións de comprobación e facilitar tanta documentación e datos lle sexan solicitados en relación coas facultades de control da actividade subvencionada.*
- 5. Realizar a actividade co persoal requirido na cláusula quinta deste convenio para o desenvolvemento das actividades obxecto do mesmo.*
- 6. Asumir toda a responsabilidade que puidese derivarse da organización e desenvolvemento das actividades definidas para alcanzar a finalidade deste Convenio de tal forma que o Concello de Vigo quede exonerada de calquera clase de responsabilidade. A tal fin, deberá contratar unha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento das actividades. A ASOCIACIÓN entregará ao Servizo de Xuventude copia da póliza e do recibo de pago correspondente antes da firma do presente convenio.*
- 7. Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.*
- 8. Presentar, antes da sinatura deste convenio, certificacións de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.*

DÉCIMO SEGUNDA.- COMPATIBILIDADE DA SUBVENCIÓN

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

Con todo, a beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras posibles subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de Subvencións.

Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

DÉCIMO TERCEIRA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención, así como a axeitada xustificación da mesma, será comprobada polos servizos da Concellería de Xuventude.

O persoal técnico do servizo de Xuventude emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada, que será incorporado á conta xustificativa para a súa tramitación.

DÉCIMO CUARTA.- INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida polo Servizo de Xuventude e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino da subvención.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarllo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso a Información Pública e Bo Goberno.

DÉCIMO QUINTA .- REINTEGRO

Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da Lei de Galicia 9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1862/1102

proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

O incumprimento da obriga de destinar á actividade un mínimo de dúas persoas configúrase como unha obriga esencial na actividade obxecto da subvención, cuxo incumprimento dará lugar á perda do dereito ao cobro da subvención e ao reintegro das cantidades percibidas.

DÉCIMO SEXTA .- INFRACCIÓNS E SANCIÓN

En canto ás infracción e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarse ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvenciones de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

DÉCIMO SÉTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS

De acordo co previsto no artigo 64 do regulamento dá Lei 38/2003 xeral de subvencións, a resolución ou acordo de concesión poderase modificar, a solicitude do beneficiario, cando circunstancias sobrevidas ou imprevisibles supoñan unha alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, sempre que as mesmas non desvirtúen a natureza ou obxectivos da subvención concedida, que a modificación non dane dereitos de terceiros e que a solicitude se presente antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.

En tal caso, a proposta de modificación haberá de comunicarse con carácter inmediato á aparición das circunstancias que a xustifiquen á Concellería de Xuventude estando suxeita á aprobación do órgano concedente da subvención. Así mesmo, unha vez adoptada a resolución da concesión, poderá realizarse un reaxuste na distribución dos gastos da actividade subvencionada, previa autorización do órgano concedente e sempre que a autorización non dane dereitos de terceiros.

O incumprimento, total ou parcial, dalgunha das condicións establecidas no presente convenio dará lugar á súa rescisión e ás accións que, no seu caso, correspondan a ambas as partes. Desta maneira, a ASOCIACIÓN quedaría obrigada ao reintegro delas cantidades percibidas indebidamente, sen prexuízo das responsabilidades en que puidese incurrir, en aplicación do disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Por parte do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

DÉCIMO OITAVA.- RESOLUCIÓN DO CONVENIO

De acordo co previsto no artigo 51 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, o convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Serán causas de resolución: motivo de resolución do convenio incorrer nalgunha da seguintes causas:

- 1. O transcurso do prazo de vixencia do convenio.*
- 2. Acordo unánime de todos os asinantes.*
- 3. Incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes neste convenio. Neste caso, calquera das partes poderá notificar a parte incumpridora un requirimento para que se cumpra nun determinado prazo, transcorrido o mesmo se persistira o incumprimento, notificarase as partes asinantes a causa de resolución e se entenderá resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá conlevar a indemnización dos prexuízos causados, atendendo ao valor económico das obrigas deixadas de cumprir.*
- 4. Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio*
- 5. Por calquera outra causa distintas anteriores prevista no convenio ou noutras leis vixentes.*

DÉCIMO NOVENA.- PROTECCIÓN DE DATOS

A ASOCIACIÓN está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de Galicia 9/2007 en orde á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria

Os datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Xuventude.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Servizo de Xuventude do Concello de Vigo.

VIXÉSIMA.- NATUREZA XURÍDICA, RÉXIME XURÍDICO E XURISDICIÓN COMPETENTE

Este convenio ten natureza administrativa e atópase excluído do ámbito da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, en virtude do establecido no artigo 6 do devandito texto legal.

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e polo Regulamento de desenvolvemento desta Lei, aprobado polo RD 887/2006, de 21 de xuño, pola Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e polas restantes normas de dereito administrativo: a lexislación básica do estado en materia de réxime local; polos pactos que se conteñen neste convenio;



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1862/1102

as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Dada a natureza administrativa do presente Convenio, as cuestións litixiosas que puidesen suscitarse na súa execución, liquidaranse ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativo.

E, en proba da súa conformidade, asinan o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo no lugar e data que se indican.

*A Concelleira Delegada da Área de Goberno
de Política Social, Turismo e Xuventude*

Presidente de APAMP

Asdo: Dna. YOLANDA AGUIAR CASTRO

Asdo: Daniel Varela Lago

Por todo o exposto propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: "Aprobar a concesión da subvención nominativa a favor da entidade ASOCIACIÓN DE FAMILIAS DE PERSOAS CON PARÁLISE CEREBRAL "APAMP" para o desenvolvemento do proxecto xeral da actividade de Ludoteca Inclusiva dirixido a nenas e nenos de 4 a 10 anos e aprobar o texto do convenio que a regula.

SEGUNDO: Autorizar e dispoñer o gasto de 28.000 euros a favor da entidade CONCELO DE VIGO e a ASOCIACIÓN DE FAMILIAS DE PERSOAS CON PARÁLISE CEREBRAL "APAMP", C.I.F. G36624120 e enderezo social na rúa MIGUEL HERNANDEZ, 1.- 36210 VIGO, con cargo á aplicación orzamentaria 3370.489.00.03 do vixente orzamento.

TERCEIRO: Que por ser unha entidade sen ánimo de lucro e cunha economía limitada se libre a cantidade de 14.000€ correspondentes á sinatura deste convenio, e o 50% restante (14.000 €) á finalización do mesmo, ao tratarse dunha entidade sen ánimo de lucro con fins estritamente de carácter social non se esixen garantías".

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

.- Expediente de contratación do patrocinio publicitario da “XXVI Gran Gala do Deporte de Vigo e a súa comarca 2025”, organizada polo Faro de Vigo, S.A.U. Expte. 20530/101.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) os membros da Xunta de Goberno Local presentes manifestan non estar incurso en causa de incompatibilidade ni conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

19(182).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO PATROCINIO PUBLICITARIO DA “XXVI GRAN GALA DO DEPORTE DE VIGO E A SÚA COMARCA 2025”, ORGANIZADA POLO FARO DE VIGO, S.A.U. Expte. 20530/101.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico do 12/03/2025 e o informe de fiscalización do 13/03/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 11/03/2025, asinado pola xefa do Departamento Administrativo de Alcaldía e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES

En base as consideracións que se conteñen no informe de necesidade e idoneidade, de data 27 de febreiro de 2025, que consta no expediente, a Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal dispón que se inicie expediente administrativo para a execución dun contrato de patrocinio publicitario para o “XXVI GRAN GALA DO DEPORTE DE VIGO E A SÚA COMARCA 2025”_ organizado por Faro de Vigo S.A.U.

O contrato responde ao exercicio das competencias municipais na medida en que os artigos 25.1 e 25.2.m. da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e artigos 80.1 e 80.2.ñ da lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia.

No expediente tramitado inclúense os seguintes documentos:



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1862/1102

- Informe de necesidade e idoneidade e orden de inicio, asinado pola xefa do departamento administrativo da Alcaldía, e coa conformidade da Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión municipal con data 27 de febreiro de 2025.
- Informe da empresa Ecovigo Publicidade, S.L. de data 26 de febreiro de 2025 sobre se o retorno publicitario que figura no proxecto XXVI GRAN GALA DO DEPORTE DE VIGO E A SÚA COMARCA 2025” solicitado ao Concello de Vigo, está debidamente xustificado, tanto dende o punto de vista publicitario como da comunicación, ampliado posteriormente pola mesma empresa en data 10 de marzo de 2025.
- Memoria económica do contrato asinada pola xefa do departamento administrativo da Alcaldía e coa conformidade da Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión municipal de data 27 de febreiro de 2025, corrixida posteriormente por erro numérico en data 10 de marzo de 2025.
- Declaracións de neutralidade dos redactores do prego de prescricións técnicas particulares, asinados con data 10 de marzo de 2025 pola xefa do departamento administrativo da Alcaldía e mais polo Xefe do Servizo de Deportes -Director Deportivo.
- Prego de Prescricións técnicas particulares asinado con data 10 de marzo de 2025 redactado pola xefa do departamento administrativo da Alcaldía e mais polo Xefe do Servizo de Deportes -Director Deportivo.
- Memoria xustificativa do contrato de data 10 de marzo de 2025 asinada pola xefa do departamento administrativo da Alcaldía e coa conformidade da Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión municipal.
- Prego de Cláusulas administrativas Particulares, redactado pola Xefa da Área de Contratación e Novos proxectos con data de 11 de marzo de 2025.

II.- CONDICIÓN DEFINIDORAS DO CONTRATO

II.1.- Obxecto e natureza do contrato

O obxecto do contrato é o patrocinio publicitario do proxecto “XXVI GRAN GALA DO DEPORTE DE VIGO E A SÚA COMARCA 2025”, organizado polo Faro de Vigo S.A.U, así como o desenvolvemento das accións vinculadas a proposta que se atopan recollidas no Prego de Prescricións Técnicas deste contrato.

O Concello de Vigo como patrocinador incluírá o seu logotipo como impulsor do deporte base local e como apoio aos mozos e mozas de Vigo que o practican. O proxecto conta cun alto grado de recoñecemento social, en base a súa traxectoria de mais de 20 anos de existencia e constitúe un dos evento

deportivos mais importantes a nivel local, onde premiase ao deporte base da cidade e a súa comarca e ponse en valor os éxitos de os nosos deportistas, clubs e empresas que o fan posible.

Achégase no trámite Nº 3 da guía de tramitación deste expediente (nº documento 250040289) a declaración de propiedade en exclusiva de Faro de Vigo do proxecto “GRAN GALA DO DEPORTE DE VIGO E A SÚA COMARCA 2025”.

II.2.-Procedemento de adxudicación, réxime xurídico e forma de tramitación

O contrato adxudicarase conforme ao procedemento negociado sen publicidade, por canto, de acordo co artigo 168.a 2º LCSP, por motivos relacionados coa protección de dereitos de exclusiva o contrato só pode encomendarse a un empresario determinado, FARO DE VIGO, S.A.U., que ten a exclusiva do proxecto.

O artigo 168 da Lei 9/2017, ampara aqueles supostos en que por razóns técnicas ou artísticas ou por motivos relacionados coa protección de dereitos de exclusividade o contrato só poida encomendarse a un empresario determinado, xa que como queda manifestado nos antecedentes, a proposta parte de maneira directa da entidade “Faro de Vigo S.A.U.”, a cal ven desenvolvendo esta actuación de maneira exclusiva.

Non consta a existencia doutros proxectos de características similares a “XXVI GALA DO DEPORTE DE VIGO E A SÚA COMARCA 2025”, con tan alto grado de recoñecemento social, en base a súa traxectoria de mais de 20 anos de existencia. Xa que constitúe un dos eventos deportivos mais importantes a nivel local, onde premiase ao deporte base da cidade e a súa comarca e ponse en valor os éxitos de os nosos deportistas, clubs e empresas que o fan posible.

Cumpre sinalar que a inversión publicitaria que ofrece Faro de Vigo incorporará o logotipo do Concello de Vigo en cada unha das accións publicitarias recollidas no PPTP.

En relación á proposta de patrocinio publicitario obxecto deste expediente, destácase que a mesma ten por obxecto unha publicidade de carácter indirecto que se deu en chamar «**retorno publicitario**», e que consiste fundamentalmente en que o patrocinado (Faro de Vigo) permite que o patrocinador (Concello de Vigo) faga pública a súa colaboración económica na actividade do patrocinado “XXVI GALA DO DEPORTE DE VIGO E A SÚA COMARCA 2025” e tamén, como aí se estipula, en que o patrocinado realice comportamentos activos con esa mesma finalidade.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1862/1102

O patrocinador a cambio goza da notoriedade e da resonancia da actividade que desenvolve o patrocinado, co fin de incrementar entre o público o coñecemento do seu nome e de favorecer a súa imaxe.

Faise constar que o patrocinado FARO DE VIGO S.A.U. A36600815 non é unha empresa dedicada aos servizos publicitarios, se non un medio de comunicación que ten como obxecto social a elaboración e distribución de contidos informativos a través de calquera tipo de soporte. En particular a edición e publicación por conta propia e allea de impresos unitarios, periódicos, revistas e publicacións dixitais e portais de información, así como a impresión e distribución. (CNAE 5813 edición de xornais).

O contrato de patrocinio aparece regulado na Lei 34/1988 de 11 de novembro xeral de publicidade, modificada pola lei 29/2009 do 30 de decembro pola que se modifica o réxime legal da competencia desleal e da publicidade para a mellora da protección dos consumidores e usuarios, xunto cos contratos de publicidade, de difusión publicitaria e creación publicitaria.

O contrato de patrocinio publicitario considérase como un contrato privado, en virtude do recollido nos artigos 25 e 26 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pois o patrocinado non é unha empresa dedicada aos servizos de publicidade. Como contrato privado réxese, de acordo co previsto no apartado segundo do artigo 26 da Lei 9/2017, “en canto á súa preparación e adjudicación, en defecto de normas específicas, polas Seccións 1ª e 2ª do Capítulo I do Título I do Libro Segundo da presente Lei con carácter xeral, e polas súas disposicións de desenvolvemento, aplicándose supletoriamente as restantes normas de dereito administrativo ou, no seu caso, as normas de dereito privado, segundo corresponda por razón do suxeito ou entidade contratante”.

Polo tanto, o Órgano de Contratación, unha vez cursada e recibida a oferta da entidade fixará coa empresa “FARO DE VIGO S.A.U.” o prezo do contrato deixando constancia do mesmo no expediente e non sendo necesaria para iso a constitución da Mesa de Contratación.

A forma de tramitación será a ordinaria, conforme ao disposto no artigo 116 da LCSP.

II.3.- Prezo e valor do contrato

O orzamento máximo de licitación é de 75.000,00 € co ive engadido

Prezo con ive: 75.000,00 €

Prezo sen iva: 61.983,47 €

Importe do iva 21%: 13.016,53 €

II.4.- Valor estimado do contrato

O cálculo do valor estimado do contrato realizouse descontando o IVE ao orzamento base de licitación, no que se inclúen todos os conceptos relacionados no artigo 101 e 102 da Lei 9/2017, por canto neste contrato non se prevén modificacións, nin prorrogas

Sendo o valor estimado do contrato estipúlase en 61.983,47 €

II.5 Aspectos do contrato obxecto de negociación

O artigo 170.2 da LCSP determina que no caso de que unicamente participe un candidato, o órgano de contratación, sempre e cando sexa posible, deberá negociar con él os termos do contrato.

Dada a natureza do obxecto do contrato, e dada a imposibilidade de negociar sobre as campañas de comunicación e as diferentes accións do proxecto, non se celebrará proceso de negociación .

Pode considerarse que o prezo fixado no contrato é axustado, tendo en conta os cálculos dos custos e as referencias de tempadas pasadas detalladas na proposta presentada por FARO DE VIGO S.A.U.

O único criterio de adxudicación será a do prezo do contrato.

II.6 Revisión de prezos

Este contrato queda expresamente excluído da revisión de prezos que se determina no artigo 103 e seguintes da LCSP, polo que o prezo ofertado manterase durante toda a vixencia do contrato.

II.7.- Esixencia de Clasificación

De acordo co artigo 77 da Lei 9/2017, non se esixe clasificación para este contrato.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1862/1102

II.8.- Subcontratación

Establécese como tarefas críticas todas as relacionadas cos dereitos de exclusiva propiedade de FARO DE VIGO, S.A.U.

II.9.- Prazo de execución e prórroga:

O cómputo do prazo iniciarase o 19 de marzo de 2025, ou ao día seguinte da sinatura do contrato.

De acordo co obxecto do contrato, non se establece opción de prórroga.

II.10- Modificación do contrato

Non se contempla.

II.11.- Responsables do Contrato

Os responsables do contrato son a Xefa do departamento administrativo da Alcaldía e o Xefa do servizo de Deportes-Director Deportivo.

II.12- Seguro

O Adxudicatario deberá acreditar a posesión dun seguro de responsabilidade civil, que dea cobertura as actuacións propias do adxudicatario na execución das actuacións obxecto deste contrato, cunha contía mínima de 300.000,00 €.

II.13.- Condicións especiais de execución:

De acordo co establecido no artigo 202 da LCSP, establécense como condicións especiais de execución do contrato para o adxudicatario a seguinte:

➤ De carácter medioambiental:

- Redución do impacto ambiental dos materiais publicitarios co uso de materiais reciclados ou biodegradables, así como procesos de impresión que minimicen o uso de substancias contaminantes. Esta condición relaciónase co obxecto do contrato, toda vez que os materiais publicitarios (folletos, carteis, banners etc.)/ etc.) adoitan ter un impacto ambiental significativo debido ao uso de papel, plásticos e tintas. As condicións ambientais poden incluír o uso de materiais reciclados ou biodegradables, así como procesos de impresión que

minimicen o uso de substancias contaminantes. Esta xustificación susténtase na necesidade de reducir o impacto ambiental directo das actividades publicitarias e minimizar a xeración de residuos. Fomenta as prácticas responsables na difusión das accións publicitarias.

- Nos eventos realizados en espazos públicos reutilizaranse os materiais sempre que sexa posible, coa redución de residuos e a promoción da económica circular. Isto reforza o compromiso co uso eficiente dos recursos e a minimización da pegada ambiental da campaña publicitaria.

As anteditas condicións especiais de execución ambiental poden xustificarse pola súa capacidade para reducir o impacto ambiental, promover prácticas responsables, fomentar a innovación verde e aliñarse coas políticas de sustentabilidade e responsabilidade social da administración pública. Estas condicións reforzan o compromiso institucional cun desenvolvemento máis sostible e respectuoso co medio ambiente.

II.14.- Solvencia

- Solvencia económica e financeira:

Acreditarase mediante unha declaración do volume anual de negocios. Considerarase con solvencia económica e financeira aos licitadores cuxo volume anual de negocios, no ámbito do contrato, referido ao ano de maior volume de negocio dos tres últimos concluídos sexa, cando menos, igual ou superior ao valor estimado do contrato.

- Solvencia técnica e profesional:

Deberá achegarse unha declaración do empresario sobre os principais servizos ou traballos realizados de igual ou similar natureza que os que constitúen o obxecto do contrato en curso de, como máximo os tres últimos anos

No caso de que os datos incluídos na documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos non sexan veraces, con independencia da responsabilidade penal na que puidera incorrer o declarante, o órgano de contratación poderá iniciar procedemento para declarar a existencia de prohibición para contratar, de acordo co previsto no artigo 72 da LCSP. Excluirase ao licitador do procedemento e reclamaránselle 250 € en concepto de penalidade.

II.15.- Cesión de datos e de dereitos de propiedade intelectual ou industrial ao adxudicatario



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1862/1102

A execución do presente contrato non implica a cesión de datos nin de dereitos de propiedade intelectual ou industrial ao adxudicatario.

II.16.- Referencia ao réxime de pagamento

O pagamento dos servizos do contrato efectuarase mediante a presentación da correspondente factura unha vez finalizadas as accións recollidas no contrato. Antes da presentación da factura, o patrocinado deberá entregar a través do Rexistro Electrónico unha memoria descritiva das actuacións realizadas, a cal conterá:

- a) Memoria das accións relacionadas co proxecto “XXVI GALA DO DEPORTE DE VIGO E A SÚA COMARCA 2025”
- b) Detalle e copia de todas as publicacións e insercións publicitarias realizadas en soporte papel vencelladas ao proxecto nas que deberá estar incluído o logotipo do Concello de Vigo e que terán que corresponder co recollido nas cláusulas terceira e cuarta do PPTP.
- c) Detalle, copia ou enlace de todas as insercións realizadas onde figure o logotipo do Concello de Vigo en todas as accións de comunicación en medios e soportes dixitais, así como nos espazos onde terán lugar os eventos, que terán que corresponder co recollido na cláusula terceira, cuarta e sexta do PPTP.

Estas accións terán que ter un retorno publicitario mínimo de 289.981,98 €. De non cumprirse as accións publicitarias especificadas, detraerase do prezo a aboar ao contratista o importe equivalente á porcentaxe non cumprida.

Conforme á Disposición adicional trixésima segunda da LCSP, o contratista terá a obriga de presentar a facturas correspondentes que expedise no Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado, a través da plataforma FACE- Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado- <http://administracionelectronica.gob.es/ctt/face-> de conformidade co establecido na citada Lei 25/2013.

Os Códigos para a súa presentación son os seguintes:

- a) GE0000575 – Servizos Económicos
- b) L01360577 – Concello de Vigo
- c) GE0000668 – órganos de Goberno

III.-PROPOSTA

Previamente a efectuarse a proposta ao órgano de contratación, debe emitirse o preceptivo informe xurídico pola Asesoría Xurídica (apartado 8 da disposición adicional 3ª da LCSP), así como informe de fiscalización pola Intervención Xeral, de conformidade co previsto no artigo 116.3 da LCSP.

Por todo o exposto propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar a contratación polo procedemento negociado sen publicidade, consonte ao disposto no artigo 168 da Lei 9/2017, para o contrato de patrocinio publicitario do proxecto ““XXVI GRAN GALA DO DEPORTE DE VIGO E A SÚA COMARCA 2025””.

Segundo.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas particulares, redactado pola xefa do departamento administrativo da Alcaldía e polo Xefa do servizo de Deportes - Director Deportivo con data 10 de marzo de 2025 redactado

Terceiro.- Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares, redactado pola Xefa da Area do Servizo de Contratación e Novos Proxectos, con 11 de marzo de 2025.

Cuarto.- Autorizar o gasto por importe máximo de negociación de 75.000,00 € co ive engadido, sendo o importe do ive de 13.016,53 €. O gasto imputarase á aplicación orzamentaria 9120.2279905 (Programas Alcaldía) o a súa bolsa de vinculación do vixente orzamento.

Quinto.- Abrir o procedemento licitador para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente de acordo o procedemento negociado sen publicidade.

Sexto.- Exceptuar de someter ao control da Mesa de Contratación o procedemento negociado sen publicidade, ao ser potestativa a súa constitución segundo artigo 326 da LCSP.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

20(183).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1862/1102

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Patricia Rodríguez Calviño.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez